
¡Abordaxe!


Revista anarquista

Nº6 · Primavera 2017





Abordaxe, revista anarquista nº6 · Primavera 2017







Editorial

"Non hai lugar para o temor, nin para a esperanza. Só cabe buscar novas armas..."
Gilles Deleuze

"Debemos abandonar todo modelo e estudar as nosas posibilidades."
Edgar Allan Poe

Son tempos escuros de mares embravecidos que ameazan cada vez máis con facer naufragar o noso irreverente galeón de soños e negacións. A crise da nosa época xa non só é económica, senón de valores, emocional, e neste océano de dúbidas e esforzos navegamos e mesmo afogamos, tratando de fuxir da miseria desta fúnebre realidade, saqueando buques de poderosos, gozando e compartindo vivencias máis valiosas e intensas que o mellor dos botíns, procurando novos horizontes, novas rutas, onde aprender a facer fronte ás ondadas que nos embisten e ao medo co que nos atan a conciencia.

Son momentos de revolta, o Estado e o Capital saben que a imaxe da súa abundancia xa non é tan crible coma antes, que as tensións sociais ameazan con desatar os cabos amarrados e estourar batallas decisivas, e que segue habendo corazóns decididos a non seguir a carta de navegación dos amos, esa que nos leva por cauces sen saída ou nos pon á mercé das miserentas mareas electorais de novos recuperadores e salvapatrias con patente de corso. No medio dun mundo que se derruba sobre nós, aínda soltamos as nosas velas. Non agardamos mesías, a nosa travesía é incerta, non acepta capitán nin almirante e tampouco temos, nin queremos, un destino fixado. Tampouco queremos illas desertas por moi paradisíacas que semellen na distancia, porque o deserto é precisamente do que fuximos. Imos na procura de aventuras prohibidas, de momentos salvaxes e comunidades rebeldes coas que encher o baleiro que produce este xeito de vivir e morrer, e no camiño, atopámonos co verdadeiro valor de toda esta historia. A afinidade e as relacións que imos creando e forxando, fan aumentar a nosa tripulación e escribimos xuntas neste noso caderno de bitácora narrando ou sendo eco de guerras que para os voceiros do poder non existiron, pero que para nós teñen rostros, cicatrices, nomes e baixas.

Un conflito cada vez máis inminente achégase no horizonte amosando os seus tentáculos coma se do mitolóxico Kraken se tratase. As nosas urbes occidentais comezan a coñecer a inseguridade, e os exércitos toman as rúas coa excusa dun terrorismo deseñado entre pantallas. Nos portos, cada vez máis vixilancia, tecnoloxía e control, ilegalizan seres humanos pero abren as súas portas e facendas á mercadoría. Nós seguimos adiante, enfrontando o temor, experimentando e saboreando aos poucos esa liberdade que nos dixeron inalcanzable pero que nós sabemos posible, mentras vellos e novos inimigos desenfundan as súas armas e cargan os seus cañóns, apuntando ás nosas utopías e os nosos corpos. Nós non viraremos o rumbo, antes afundir. Que veñan!

Vémonos nos mares revoltos...

O inimigo interno

Desde que xorde o Estado, que, lembremos, é a organización do poder nunha sociedade, este sempre foi un aparello de coerción que serviu para controlar dita sociedade, na cal, ademais de redistribuír a riqueza, impoñía unha orde. Para tal fin contou cunha forza de choque, os corpos de orde pública e o exército (que en certas épocas históricas eran o mesmo) e cuns tribunais que, en conxunto, fóronse encargando de velar polo cumprimento da lei e a orde. A Lei, non é máis que unha serie de normas para regular e aplicar o poder nunha sociedade e sempre xorden en función das necesidades do lexislador, é dicir, o Estado.

Tradicionalmente o aparello estatal diferenciou aos seus inimigos en dous tipos: o interno (que viola a convivencia, quebra a orde, cuestiona o Estado e ao seu poder, etc, ou todo á vez) ao que se resposta coa policía e os tribunais, unha vez separados estes do aparello militar, e o externo (que tenta, desde o exterior, podendo ser maiormente outro Estado, agredir, invadir, fagocitar a sociedade e ao seu órgano reitor), ao que se resposta coas forzas armadas e a guerra.

Co paso do tempo, o Estado, lonxe de minguar (con algunhas excepcións históricas, coma o período denominado Idade Media, na que o Estado recomponse árdua e lentamente trala caída do Estado antigo por excelencia: o Imperio romano), fortalécese e perfecciona tanto a súa estruturación interna, coma o exercicio do poder, deseñando novas ferramentas para tal fin. Algunhas destas ferramentas (enxeños tecnolóxicos aparte) van ser novos códigos legais e leis de excepción para cousas que están lonxe de seres excepcionais.

Outra gran medida será a creación da forma máis sofisticada do Estado, a democracia, sistema político que traerá as maiores ondadas represivas da Historia (aínda que non as máis cruentas), amparándose no propio convencemento da poboación de que o que está acontecendo non só é necesario senón ademais beneficioso para o interese xeral. Como dato histórico basta dicir que o liberalismo no estado español (implantado desde principios do s. XIX) provocou máis mortos nun século (sen contar as guerras civís que abordaron a península ibérica en dito período) que a Inquisición en cincocentos anos.

O excepcional da democracia é que impoñerá as leis de excepción nos seus códigos penais. É dicir que xa non hai un conxunto de leis especiais para un momento crítico, senón que se vai aplicar un código distinto de maneira sistematizada e constantemente. Como por exemplo as leis antiterroristas, que lonxe de aplicarse só en episodios dramáticos cando hai organizacións armadas, aplícanse ad eternum, porque a organización armada fúndese no imaxinario xurídico co inimigo do Estado. E cando un Estado non ten inimigos?

As primeiras leis de excepción aplicadas sistemáticamente que podemos rastrexar no tempo son as leis contra os ludditas (na Gran Bretaña e a Francia de finais do XVIII e comezos do XIX, e dicir en plena extensión da democracia neses países, coincidindo coa industrialización dos mesmos), un movemento organizado moi heteroxéneo que baseaba a súa actividade na destrución da maquinaria industrial dos capitalistas e nun rexeitamento deste sistema económico, aínda que por diversas motivacións (nin todos eran revolucionarios nin todos estaban politizados). A partir de aquí e aínda sen unha etiqueta concreta para os refractarios, máis aló dun manido «bandoleiros» non sempre aplicable, entramos no século XX onde a evolución é cualitativa e cuantita-



tivamente moito maior. No século pasado o que o poder pretende para combater os seus opositores, en especial aos inimigos interiores, é desgaxalos do corpo social para tratar de illalos co fin de que ninguén se identifique cos refractarios e poida simpatizar con eles ou emulalos. Para este fin os demoniza. O problema entón pasa de ser «os obreiros» ou «o pobo» (nun convulso período de loitas obreiras contra a implantación da industrialización, primeiro, e contra os seus máis negativos efectos, despois) a un grupúsculo sedicioso, misterioso e cruel que desde as últimas décadas decimonónicas comeza a ser catalogado como «os terroristas». Este paso dáse en especial a raíz da derrota do movemento obreiro na Comuna de París en 1871, cando dito movemento revolucionario decátase de que militarmente é derrotado unha e outra vez, abríndose paso pouco a pouco a unha nova etapa que, aínda que con grandes convulsións sociais, xa non é a das grandes revolucións (con excepcións históricas como a rusa en 1917, a alemana en 1918-1919 ou a rara e tardía española de 1936) senón a das accións illadas da masa social co fin de voltar a conseguir espertala para o intento definitivo. A partir de entón e xa durante todo o século XX o Estado aplica a categoría de terroristas e toda unha lexislación de excepción aos seus inimigos internos.

Claro que as e os revolucionarios ou o movemento obreiro non son para o Estado os seus únicos inimigos. Segundo en que épocas opositores de todo tipo, incluso os afectos ao poder pero non ao goberno de vez, foron e son perseguidos catalogados coa nova etiqueta. No mesmo século XX, o termo terrorista ten que convivir co de subversivo ou o de «banda armada» conforme o tipo de aparello estatal que teña que enfrontarse á subversión en cernes. Xeralmente as ditaduras, menos fashion, eran máis partidarias de termos como «sediciosos» ou «subversivos» e nas súas lexislacións os delitos eran estes mesmos ou ben a pertenza a «banda armada». As democracias, sempre cun toque máis glam (non a española, por certo, casposa e cazurra coma poucas), decántanse máis por «terrorista» e na súa lexislación veñen ben claras as palabras «terrorismo» ou «organización terrorista».

En pleno século XXI esta tendencia xa está consolidada, en especial a partir dos atentados de 2001 en Estados Unidos, pois segundo as democracias —amparándose en auténticos actos de brutalidade indiscriminados contra a poboación cometidos por aprendices de Maquiavelo do autoritarismo relixioso ou revolucionario, ou por orquestración estatal (como sabelo)—, os novos inimigos internos do presente buscan só aterrorizar á poboación pois no seu delirio opóñense á democracia (como ousan?) a máis perfecta das formas de convivencia civilizada e non unha simple e cutre forma de artellar o Estado. A democracia convirte ao Estado, aínda máis, nun ente totalitario envolto nunha roupaxe de presunta liberdade, pois non permite que ninguén a cuestione, e para iso non só produce unha animadversión total na poboación cara as refractarias e rebeldes con todo o enorme aparello mediático do que dispón, senón que elabora a correspondente lexislación especial. A día de hoxe, todo inimigo do Estado é un terrorista e esa é a lexislación que se lle aplica.

Vexamos como evoluciona. Por acoutar un pouco o asunto, imos cinguirnos ao estado denominado España. Atopámonos con que aquí existen diversas leis antiterroristas desde finais do século XIX cuxa diferencia máis substanciosa respecto da lexislación ordinaria residía na especial dureza das penas (que na lexislación xeral non eran lixeiras, por certo) e en que ao «terrorista» xúlgalle un tribunal militar. Na segunda república é derogada esta disposición e abolida a pena de morte pero créase un tribunal de orde pública para xulgar os delitos políticos e as folgas e revoltas. Este tribunal é derogado pola Frente Popular en 1936 pero pouco despois estoura a guerra. As leis de guerra rexen entre 1936 e 1953 (e rexen con toda a dureza que implica o termo) e é neste ano cando se elabora a primeira lei antiterrorista moderna en España. Franco sempre tan innovador. Nesta lei non existía delito de terrorismo per se, senón que existía o de «pertenza a banda armada». Para poder ser aplicado os requisitos eran, ser unha banda (é dicir, máis de dúas persoas) e ter armas; como vemos os militares e as ditadura van ao grao. Pero o lixeiro toque oficioso para a súa aplicación (unha banda de atracadores pode ter armas pero un atraco non é necesariamente unha subversión da orde político-social) era o contido político que dita banda tive-

ra. Se nesta época un grupo de 4 «mozos roxos» repartía propaganda contra o réxime ou lanzaba un cóctel molotov contra unha comisaría de policía, por poñer un exemplo, e eran detidos, ademais da somanta de hostias que ían recibir no calabozo e de ser xulgados por un, renacido nos anos sesenta, tribunal de orde pública franquista, raramente ían sufrir totalmente a lei antiterrorista e a ser condenados polo delito de «banda armada».

Esta lei franquista de 1953 é a que se manterá vixente, con modificacións nos anos setenta e nos seguintes anos democráticos, ata o ano 1995, no que se creará o chamado código penal da democracia (que ata agora baseábase nunha reforma do código penal do ano 1973). Este entra en vigor en 1996 e nel convive o delito de «pertenza a banda armada» co de «organización terrorista», é dicir que xa non fai falla a tenza de armas para que sexa aplicada a lei antiterrorista, que por certo, en plena democracia, é esencialmente máis dura e xeral que a da ditadura, salvo no caso específico de que xa non hai pena de morte. Ademais este código admite por primeira vez o delito de terrorismo individual, aínda que ao carecer de banda as penas son menores.

En 2001 esta lei é endurecida tralos atentados nas torres xemelgas de Nova York e no Pentágono en Washington. Son os anos nos que se aplica a doutrina, aínda hoxe vixente e perfectamente extrapolable e extrapolada, do «todo é ETA» e o mesmo un é terrorista por secuestrar a un industrial que por queimar un banco, romper os cristais dunha ETT ou editar un xornal que xustifique ou incluso non condene os actos anteriores (e últimamente incluso por representar unha obra de títeres ou untarlle o fuciño a un picoleto nunha pelexa de pobo unha fin de semana). Lóxicamente toda esta batería represiva democrática respondía algo tardíamente ás necesidades do Estado, algunhas das cales eran frenar os últimos rescoldos de loitas obreiras, con todo, bastante violentas (sobre todo no período 1987-1994) nos derradeiros coletazos da reconversión industrial (1981-1997) e desactivar o conflito vasco.

En 2010 asistiríamos a un novo código penal, aplicado no 2011, no que a lei antiterrorista aplícase a quen «alteran de forma grave e reiterada a paz pública e buscan subverter a orde constitucional», acabando co concepto de «banda armada» e supoñendo unha nova volta de porca en canto á aplicación e endurecemento das penas. Nun contexto de certa convulsión social coma o período 2010-2014, período que viu nacer o fenómeno 15M e derivados con tódalas súas particularidades e consecuencias, para o bo (máis ben pouco) e para o malo (máis ben bastante, en tódolos sentidos), enmarcado nunha crise e que caracterizouse por episodios de certa violencia na rúa pero tamén de protestas pacíficas masivas, algunhas tremendamente molestas, e dun enorme descrédito democrático e económico pero tamén polo decaemento e cese da actividade de ETA (que abriu novos escenarios) xorde un novo código penal que tenta enfrontarse a eses novos desafíos.

O código penal de 2015 é o da «lei mordaza» pero tamén o da nova lei antiterrorista (pola cal o importante agora non é o delito en si senón a súa finalidade, o que permite, polo menos sobre o papel, aplicarlla a prácticamente calquera persoa inmiscuída en protestas e «asuntos subversivos») e o do pacto anti-yihadista (aplicable, claro está, a moitas outras realidades). É unha lexislación na que o policía é á vez xuíz para delitos non moi graves pero de claros tintes reivindicativos e políticos e no que a lei antiterrorista contempla por primeira vez que non sexa precisa a violencia para subverter a orde constitucional e/ou alterar reiterada e gravemente a paz pública, senón simplemente a mera intención de facelo, e no que a unha soa persoa pódeselle condenar coma se en si mesma fora toda unha organización terrorista. Vemos claramente como, partindo dun mesmo concepto, a defensa da orde, o Estado ao longo da historia foi defendéndose dos seus inimigos, en especial dos internos, e en especial dos rebeldes e revolucionarios, para seguir adiante sen oposición co seu proxecto de dominación. Para iso axeita aos tempos que corren todo o seu aparello punitivo e mediático porque ante todo debe manter o status quo. O poder debe perpetuarse (rexenerándose se é preciso ou mordendo ata matar se fose mester) e para iso se é necesario xustifica o inxustificable.

O Apalpador



«Fuck Europe!», «Fuck Germany!»

Falar sobre a situación das fronteiras en Grecia sen ser migrante é asumir un papel bastante controvertido, máis ou menos tanto como pode ser coller un avión para visitar aquel país durante unhas semanas, e facer nunhas poucas horas os mesmos quilómetros que a algúns lle custaron anos e aventuras, por dicilo dalgunha maneira, e outros non conseguirán facer nunca. E, ao volver a casa, explicar aquelas historias de vida sobrecolledoras, porque o son, pero sobre todo porque contrastan coa comodidade e a seguridade hipócrita das nosas, a dalgúns europeos que desde aquí falamos e nos preocupa o tema. E tamén porque son consecuencia da nosa existencia no mundo e das políticas que levan a cabo os estados en que vivimos.

Dito isto, fago un percorrido, desde a visión que pode ter unha occidental, de varios dos puntos dentro do estado grego onde se concentrou un número elevado de poboación migrante nos últimos meses.

Lesbos

A maioría de migrantes que chegan a Grecia fano desde Turquía, pagando ás mafias miles de euros para coller unha barca que os trae ás costas dunha das illas gregas. Comentan que quen conduce a barca paga moito menos e non importa se algunha vez antes conducira algunha. Un golpe alá do máis habitual é que a policía deste país fágaos entrar a un dos cinco hotspot que nos últimos meses construíronse en Lesbos, Samos, Gios, Leros e Cos. Un hotspot é un punto de control dos fluxos migratorios xestionado pola Unión Europea en países que delimitan a fortaleza europea co resto do mundo. Neste momento, os hotspots, como o de Moria que se atopa na illa de Lesbos, son unha especie de campamentos militares cercados de onde teoricamente os migrantes non poden saír ata que non consigan a petición de asilo. Obtela permíteos estar tres meses nunha situación máis ou menos regularizada mentres agardan a resposta. Se a petición é denegada, é revocable e pódese alongar a espera durante outros tres meses.

Aparentemente, no hotspot de Lesbos, vívese menos violencia policial que noutras, porque hai máis presenza de factores externos como voluntariado internacional ou medios de información. Aínda así, é neste campo onde o 26 de abril de 2016, os menores amotináronse porque non os deixaban saír a media hora de liberdade que lles corresponde ao día. Fixeron lume no centro e romperon os valos que o circundaban entre berros de liberdade e rabia como: «Fuck Europe!», «Fuck Germany!», ata que chegaron os antidisturbios e impedíuselles a entrada. As protestas e motíns en Moria foron habituais nos últimos meses e, mediante algunhas delas, conseguíronse cambios como poder saír do campo despois dos primeiros 25 días cumpridos ou que os menores sexan trasladados a centros de acollida.

Cando os migrantes chegan a un hotspot, os axentes policiais de Frontex póñenlles unha pulseira cos datos que lles toman, para transferilas aos países onde pedirán o asilo. Así marcan as primeiras diferenzas entre os que teñen procedencias que lles permitirán pedir o asilo (Siria, Iraq e Afganistán) e o resto que veñen de moitísimos outros países que non o poderán facer. Este feito tan pouco inocente por parte das autoridades consegue moitas disputas e divisións entre os retidos. Por exemplo, os que teñen dereito a pedir o asilo poden acusar aos que veñen de países que non están en guerra de non ter motivos bastante relevantes para abandonar a súa casa e colapsar a entrada en Europa. Ademais, os días que hai protestas no campo non se conceden as entrevistas concertadas pola demanda de asilo, e considerando a dificultade de conseguir a cita,

aumentan as confrontacións entre os que queren manifestarse e os que non.

Máis aló do centro de acollida e retención (nome que dan aos hotspots) de Moria, a illa de Lesbos converteuse nunha prisión en si mesma desde o acordo da Unión Europea con Turquía. O que ata o 20 de marzo era un lugar de tránsito previo á chegada á península grega, a firma deste acordo converteuno nun lugar de extrema reclusión onde as migrantes non poden nin volver atrás —posto que tamén Turquía pechou as fronteiras— nin continuar o camiño cara a Europa. A pesar de todo, preséntanse situacións de resistencia carceraria como coarse nos trailers que entran nos ferrys que saen do porto de Mitilini (Lesbos).

Atenas e Tesalónica

Na península, en cidades como Atenas ou Tesalónica existe unha rede solidaria entre activistas e migrantes fundamentada na okupación de espazos onde vivir e xerar complicidades políticas. En Atenas a maioría destas casas atópanse dentro do barrio de Exarchia, zona cunha forte traxectoria combativa e anarquista onde o apoio mutuo era xa un feito á marxe da situación de emerxencia actual.

En Tesalónica okupouse o pasado decembro o Orfanatrofio, que alberga a unhas 70 persoas. Aí teñen lugar dúas asembleas: a de convivencia e a que denominan «política», na que tamén participan anarquistas, antiautoritarios e comunistas, coa intención de conformar loitas e respostas na cidade. É difícil conseguir unha horizontalidade no proxecto por varias razóns. Por unha banda, é complicado okupar e arranxar un lugar para acoller outras persoas sen querer ser as responsables. Tampouco é fácil tentar que calquera que chegue se implique no espazo de maneira equilibrada e autoxestionada. Doutra banda, hai un evidente abismo entre as necesidades das persoas que conflúen. E, por último, a gran maioría das migrantes que están en Grecia non se queren quedar e simplemente queren marchar.

Aínda así, o Orfanatrofio, máis aló da función de acollida, é un espazo de encontro onde reflexionar conxuntamente por onde empezar a xerar alianzas e unha cotidianidade que conforma relacións persoais e posibles afinidades, desde onde se organizaron varias manifestacións na cidade e foron a base para levar a cabo a apertura doutras casas. A creación destas redes na cidade provocou accións como a resposta colectiva no comedor da universidade despois de que se impedise a entrada a unhas migrantes polo feito de selo.

Idomeni

A fronteira entre Grecia e Macedonia está circundada por un dobre valo e unha concertina ao longo de moitos quilómetros, a cal, desde terreo macedonio, está custodiada polo seu exército con tanques. En territorio grego houbo desde moito tempo atrás campamentos formados por migrantes que querían cruzar a fronteira. No último ano foi crecendo o campamento porque acumuláronse todas as migrantes que non eran recoñecidas como refuxiadas (todas excepto as sirias, iraquís e afgás). A partir de decembro só deixaban pasar sirios (200 ao día), hasta o 20 de marzo que pecharon as portas a toda persoa migrante.

Desde novembro, o campamento de Idomeni reuniu a unhas 15.000 persoas, as cales xeraron varios momentos e tipos de protesta como folgas de fame, coserse a boca, e intentos colectivos de pasar a fronteira. Desde facía meses, estaban a ocupar as vías de tren que comunican Grecia con Macedonia, onde tamén tiñan unha carpa onde se reunían e desde onde se estableceu o hábito de que o domingo fose o día de protesta.

Desde que a Unión Europea vai asinar o pacto con Turquía, era moi habitual a presenza de autocares no campamento que, a través de ACNUR, tentaban convencer ás migrantes de marchar cara aos campamentos militares semiabertos xestionados polo estado.

Ao redor do 25 de maio, e despois de aplicar varias medidas de coacción como son poñer música electrónica moi alta durante as noites ou facer sobrevoar helicópteros moi preto da terra, a policía grega desaloxou o campo de Idomeni. Transportaron miles de persoas aos campos militares, meténdoos en autobuses sen informarlles onde os levaban e mesmo separando ás familias.

A función de axuda humanitaria a cumpren ACNUR e Ongs como Médicos Sen Fronteiras e Save The Children. Ademais, hai un sector de voluntarios independentes a gran parte do cal dorme e organízase nun hotel en Polykastro, a un 20 quilómetros da fronteira.

Entre outras tarefas, reparten comida e proporcionan información xurídica.

Sobre estes tipos de campos poderíase falar un intre longo e explicar infinidade de historias controvertidas que a propia situación de estancamento provoca, pero é un traballo que os medios convencionais ocupáronse de facer, e ademais, co grao de sensacionalismo que lles interesou reflectir.

A modo de conclusión, unha pequena reflexión que deixa interrogantes abertos sobre o papel que a figura europea non institucional cumpre alá. Por unha banda, remarcar que unha das condicións que se le no decálogo do voluntariado independente de Polykastro

é que non poden apoiar as protestas das migrantes, e outra, é respectar á policía. Isto deriva en certas situacións paternalistas e caritativas como, por exemplo, o día que

as migrantes pretendían cruzar a fronteira conxuntamente, tentar impedir que o fixesen porque crían que non eran dabondo conscientes dos perigos a que se expoñían. Tamén, ás veces, pode parecer que toda a estrutura de voluntarios colabora ao perpetuar unha

situación estática na que é posible sobrevivir durante bastante tempo e manter a situación pacificada ata que lles interese aos altos mandos. Doutra banda, quizais se non puidesen vivir alá veríanse forzados a aceptar o traslado aos campos militares, mentres que alá poden continuar creando resistencias ante a fronteira. Ademais, se o voluntariado cobre unha parte das necesidades básicas dos migrantes, pode resultarlles máis fácil sacar enerxías para organizarse e continuar loitando para afrontar a situación. Quizais podería ser unha idea buscar maneiras que permitan tecer alianzas e utilizar a axuda humanitaria en certos momentos, é dicir, que poida ser unha ferramenta e non un fin en si mesmo.

Unha calquera.

Xullo, 2016.





Os inicios do anarquismo ibérico contados pola «Benemérita»

O texto que presentamos a seguir é parte do capítulo XII do libro La Guardia Civil y su tiempo de A. Opisso (1916), o seu interese radica na visión que o anarquismo ten nos cronistas oficiais dos corpos represivos do Estado. Foi orixinalmente resumido e publicado por Suso García para o nº2 da extinta revista (a)narquista (1998-2005), editada conxuntamente polos ateneos libertarios que daquela funcionaban na Galiza: Ateneu Francisco Iturralde de Ferrol, Ateneu libertario Ricardo Mella da Coruña e o Ateneu Libertario de Compostela. Facendo unha excepción o equipo redactor decidiu manter íntegramente a ortografía e idioma orixinais do escrito considerando as orixes e identidade da "Benemérita Institución".

"Estudiando los orígenes del movimiento (anarquista)... no se podría negar que los obreros del campo cobraban jornales sumamente exiguos, estaban mal alimentados, y que el desnivel de las fortunas era enorme, hecho agravado aún por el absentismo. Esto en otro lugar, no hubiera dado ocasión, tal vez, a conflicto alguno, pero dado el carácter impresionable de aquellos infelices, y sobre todo, su profunda ignorancia y su limitado caletre, era de temer que el día menos pensado no se reprodujesen las luctuosas escenas de otros tiempos... mayor era el peligro al presente en que el anarquismo internacional constituía una verdadera potencia. Hubiera debido preverse lo que iba a ocurrir, pero estaba visto que lo mismo hallándose en el poder los liberales que los conservadores, no brillaban por su sagacidad ni energía las autoridades.

A primeros de año (1892) se celebraba una reunión... cerca de Jerez, seiscientos hombres, braceros, casi todos sin chaqueta, armados de carabinas, hoces, garrotes y los que no, de piedras... penetraron en la ciudad al grito de ¡Viva la Anarquía!... un sujeto conocido como el Lebrijano asesinó de un tajo de hoz a Castro Palomino, por el horrendo crimen de llevar guantes...

...procediose en seguida a la persecución de aquellos mal aconsejados, muchos cayeron en poder de las tropas, y la Guardia Civil realizó veinte detenciones en un pinar cercano... Eran jornaleros procedentes de Arcos, Lebrija, Grazalema... pueblos en los cuales había echado hondas raíces, en otro tiempo, la Mano Negra. Se les encontró a muchos dinamita y petróleo...

...Sometidos al fallo de un Consejo de guerra... al parecer, aquellos ilusos obedecían las órdenes de sus jefes Salvochea y Malatesta, y estaban agrupados por docenas, reconociéndose por su saludo consistente en la palabra salud. Algunos cobraban una peseta diaria, que les daba el susodicho Salvochea. Según manifestaron varios acusados, se proponían apoderarse de los cuarteles, quemar la Audiencia y saquear la población. Uno de los detenidos expuso sus ideas, que como se verá revelaban una mentalidad deplorable. -Nosotros- dijo, -queremos que todos los hombres trabajen con las manos y que desaparezca el trabajo que llaman de cabeza. El que no labre la tierra que no coma. Se trataba, como se ve, de un sociólogo de primera fuerza. Continúo el interrogatorio y acabó por declarar paladinamente que su ideal consistía en

realizar un cambio de posiciones, en virtud de la cual los burgueses pasasen a ser jornaleros, y los jornaleros burgueses.

...El Consejo de guerra condenó a garrote vil a cuatro de los sediciosos...”

(...)

“... Aunque no sea este el lugar más indicado, pero insiguiendo lo más discretamente hecho por algunos autores que han escrito toda la Guardia Civil, tal vez no estará de más dar una ligera idea de lo que constituye el fin del anarquismo. Siempre entenderemos que no está de más el conocimiento del carácter del enemigo.

... Enemigos de Dios, de la familia, de la propiedad y de cuanto existe fundado en el orden social, no aborrecen menos los anarquistas el Estado, el cual debe desaparecer para que el Yo humano sea el único, absoluto dueño de si mismo.

... Véanse ahora por vía de muestra las ideas que sirven de base al anarquismo...

Dice Bakunin: “Yo aborrezco el socialismo porque es la negación de la libertad, y sin la libertad no es posible imaginar que pueda existir cosa alguna verdaderamente humana... Yo quiero que la organización de la sociedad, la distribución de la propiedad, procedan de abajo arriba, por medio de la acción libre de la sociedad misma, y no de arriba abajo porque lo dicte la autoridad... Soy Colectivista y no socialista, mejor dicho soy socialista anárquico y no socialista autoritario”.

Dice Kropotkín: “... la bondad nativa del hombre, cuando el orden social presente deje de extraviarlo, lo llevará naturalmente a la sociedad, a la solidaridad, y así los hombres, se asociarán por si mismos en grupos cooperativos que formarán después una grande y libre asociación.”

... Las predicaciones horribles de los anarquistas, y especialmente del príncipe Kropotkin, dieron su resultado. Ese hombre funesto, cuya memoria sin embargo se permite escuchar, y cuyas obras andan traducidas en manos de las clases clases obreras, fue el autor de un indicador en el que daba los más minuciosos pormenores acerca del empleo de explosivos, y en especial de la dinamita, para hacer la felicidad de los hombres...

... y gracias a esas horribles predicaciones se lanzaba al crimen dinamitero Ravachol, y perpetraban sus sangrientos delitos los anarquistas de Barcelona.

... También trascendió el anarquismo a los Estados Unidos, pero allí no se anduvieron con contemplaciones, y el 7 de noviembre de 1887 eran ejecutados en Chicago, en la horca, siete delincuentes. Los secuaces de tales doctrinas, en número de 6000 acompañaron a los cadáveres hasta el cementerio, donde soltaron los más horribles discursos, encomiando las excelencias del asesinato y el incendio.

... A semejanza de lo ocurrido durante la época del bandolerismo la persecución tenaz y constante de que fueron y siguen siendo objeto los anarquistas, sobre todo por lo que respecta a la Guardia Civil, sirvió para que les cegase una especie de rabia y el odio a la humanidad que habían ido mostrando en diversos atentados y maquinaciones maquiavélicas, lo reunieron de una vez, como si hubiesen querido realizar en pocos meses lo que tenían premeditado para mientras existiese el mundo...”



Contra a Ciencia

Xa fai un tempo que me dixeron "Oes! porque non, para cando un artigo contra a Ciencia para *Abordaxe*?" E eu contestei: dacordo sen problema. E púxenme a escribilo. Agarrei un lapis e un cacho de libreta e falei i escribín de como a Ciencia e unha ideoloxía deseñada para traducirnos e anticiparnos; e falei i escribín de como a tecnoloxía e unha poderosa ferramenta de control pola súa capacidade para producir a realidade… e aburrinme. Mirei o texto e mirei con noxo, era espeso, intelectualoide, de profe, sen dozura, sen paixón…..científico.

Así que dixen, millor conto unha historia. Quen me coñeza sabe que é un conto que me gusta moito, e estará xa farto de escoitalo; pero para quen non aí vos vai que ao millor vos presta:

Esta é unha historia que pasou non fai moito. Alá polos anos 60 seica que polas montañas da Serra de Outes. Isto era que un día, un home xa un pouco vello ía dando unha volta, ninguén sabe moi ben por que, alá no monte. E de resultas que pensando nas súas cousas comezóuselle facer noite. Preocupado alixeirou camiño ata que no medio dun penedo atopouse a entrada dunha cova. E ben, si, é certo que noite faciase… pero era verán facía quente e a curiosidade non hai quen a afogue.

Así que entrou ver o que tal alí había. Pero a cousa que non agardaba e que ao entrar na cova esta estaba ás escuras e quedou sen ver unha merda. Deu un par de pasiños máis cara dentro dela e atopouse xa na máis completa escuridade. Cagho en dios!!! Hai que mirar de saír!!! pensou o paisano, ata que, apalpando ás escuras, notou que alí algo había. Unha especie de sacos. E caixas de madeira ou iso parecían ao tacto. E o vello cos ollos iluminados, un sorriso pendurado na boca e un corazón que corría nervioso e ilusionado pensou… O tesouro dos mouros!!!

Un segundiño xente letora de *Abordaxe*; sabedes o que son os mouros? Penso que si, non? Os mouros son seres lendarios, que viven en covas ou en castros soterrados, sempre baixo a terra. Non se distinguen a simple vista das persoas normais excepto en que soen ir vestidos de xeito moi elegante. Iso sí, teñen poderes máxicos e gostan de gardar tesouros. Cousa rara esta, xa que non semella que lles preocupen os cartos, mesmo son capaces de facelos brotar das fontes, e o mesmo co gando o viño ou o que queiran. Teñen polo xeral, un trato amable, e gostan de chegar a distintos acordos coa xente; especialmente os días de feira, da que disfrutan moito e a que nunca faltan. Iso sí, quen faga trato con eles, que teña en conta que son moi de palabra, e gostan de cumprir e que se lles cumpra. E se toman vinganza cando lles fallan, non sería a primeira vez que lle prenden lume a alguén. Advertidas estades, os tratos cos mouros soen comezar ben, pero rematar mal… e non adianto de máis.

A cousa é que temos aquel home que atopara unha cova na que había o tesouro dos mouros. E que ía facer o noso amigo que non vía nada, senón prender un misto? Había que botar unha ollada e mirar que era aquilo. Que o tesouro dos mouros non se carrega só. Tamén hai que pensar que os petos non son tan grandes, e hai que escoller con coidado o que se apaña… Ou se cadra podería voltar outro día? Que non me vexa ninguén iso si. Ben, prendemos o misto.

E ao prender o misto…zas!!! fogonazo que te criou, un escintileo, un chispazo coma un raio atravesando o monte e entrando na cova, como un coche coas luces longas directo frente a ti. E despois diso a total escuridade.

Me cagho en dios!!!! Me cagho na hostia!!! berrou o home atemorizado, e fuxiu coma

puido, pegándose hostias coas rochas, abríndose feridas nas mans, na cara e nas pernas; sen ver un mísero detalle.

Os mouros deixárano cego con aquel chispazo. Porque non sei se lembrades que os mouros son boa xente; pero non lles gusta que os tomen por parvos. Para poder levar un tesouro para a casa tes que chegar a un acordo con eles, e se non, hostias(Ben, tamén hai quen di que existen unhas palabras máxicas que permiten saltarse as defensas do tesouro e que están escritas no libro máxico do Ciprianiño escrito por unha especie de cura feiticiero mentres tomaba augardente co demo; pero eu destas cousas de curas non me fío, que ata hai algún que di que na Catedral de Santiago hai enterrado un señor e non unha cabra).

Sexa a cousa como for, o noso home non recuperou a vista. Tentou levar o tesouro dos mouros, e estes vingáronse. O home marchou de volta para casa (como chegou nunca se di nesta historia) cego; e morreu cego, laiandose por ter atopado o tesouro dos mouros e non ser quen de aproveitalo.

Ata aquí a historia. Que ten que ver isto coa Ciencia?? A historia e real, aconteceu no seu momento. Non se trata dunha lenda, se non dun relato histórico. Ao parecer o que atopou este home foi un antigo bunker da época das guerras carlistas, no que habían gardadas caixas con pólvora dende facía cen anos. Ao prender o misto a pólvora reaccionou acendéndose, pero sen chegar a estourar. Aínda así a luz que fixo foi capaz de queimarlle a retina ao noso señor.

E a cousa é que esta é a nosa verdade; a que nos asumimos como certa porque é a que mais nos cadra co noso esquema de pensamento; pero a verdade do noso protagonista foron os mouros. El viviu e atopouse de verdade co seu tesouro; e el a cagou e a el o deixaron cego. Que máis verdade que a súa cegueira! A lenda e o conto foi verdade, foi real para él; igual que para aquelas persoas que vían a Santa Compaña na figura das leiteiras, camiñando polo monte entre aldea e aldea.

E o importante é que a realidade é infinita e a verdade ten mil caras. O problema da Ciencia como o do resto das ideoloxías (chámense catolicismo, budismo zen, capitalismo, marxismo-leninismo ou comunismo libertario) non é só que asasinen é escravizen en nome da súa verdade senón que fan dela, da súa verdade a Verdade única, exclusiva, irrefutable e rabiosamente intolerante. Unha verdade que o abarca todo e que conduce ao xenocidio no mais fondo do seu ser.

Unha verdade que secuestra o noso pensamento, arrinca as nosas emocións, mutila os nosos sentidos e esnaquiza os nosos soños. Unha verdade coa que encarceran a realidade e a experiencia. Unha verdade coa que destrozan a machetazos a nosa capacidade infinita para xogar, experimentar, gozar, e sufrir as inesgotables posibilidades da vida.

A Ciencia é ideoloxia e a ideoloxía é morte.

Pabliño



Liberdade, seguridade e control. Estado, corporacións e cidadáns.

Vivimos nun mundo felizmente vixiado por un ollo que todo o ve e que todo o sabe. Un mundo feliz baseado nun pacto tácito, polo cal unha gran maioría da poboación mundial asume, desde a alienación, valores que lle son impostos polos seus dominantes, co fin de que comparta os ficticios principios que se retransmitiron para que sexan reproducidos por esa maioría a modo de replicantes, de maneira que non só non sexa cuestionado o estado das cousas senón que, ademais, sexa defendida a soberanía dos seus opresores, formando parte dunha engrenaxe, a través da cal a masa sometida, que é adoutrinada desde a súa máis nova socialización, perpetúe o sistema desa monstrosa maquinaria que moito me temo, esta vez, non ten os pés de barro.

Nesta era fugaz, feita polo ser humano, chamada Antropoceno, onde estásenos indo das mans a sustentabilidade dá vida na terra, cernese como unha sombra a axexante ameaza dunha nova realidade na que nos vemos avocados inexorablemente. Porque unha Nova Orde Mundial é posible, agora máis que nunca. A man negra que arrola o mundo está a mover os fíos para polarizar a sociedade ata extremos se cabe descoñecidos pois, pensándoo ben, a quen lle pode interesar unha clase media crecente, se só cunha maioría subxugada sería suficiente para soster o estado de benestar duns poucos? Mediante mecanismos como o espolio dos dereitos sociais, a privatización dos sectores públicos e a acumulación por desposesión, esta clase elitista, que se sabe dona do mundo, pode chegar a solucionar o problema que supón o estado do benestar para o bo desenvolvemento do capitalismo máis salvaxe na súa versión neoliberalista. Pero temos constancia de cales son os alicerces deste imperio capitalista, estes son, a materia prima mineral xacente, o fornecemento enerxético, os medios de comunicación, o coñecemento acumulado, a economía neofeudalista e o poder.

O fornecemento enerxético deste o noso imperio depende dos finitos xacementos fósiles e desas enerxías alternativas ou renovables que sempre miraron con malos ollos pero que agora empezan a observar con presbicia, tales como a hidráulica, a eólica ou a xeotérmica. Para manter o monopolio do sistema enerxético do que agora todo depende e ante a inminente extinción das existencias fósiles foron capaces de inventarse ata un imposto ao sol, coma se ese astro que lle deu a vida ao planeta do que somos hóspedes fose unha propiedade da que privatizar o seu usufructo. Pero o problema da cobiza deste réxime económico viciado é que segue sendo rendible manter vixente o consumo das enerxías non renovables por todo o negocio que supoñen e o estratéxico do asunto. Sabemos que EUA mantén os seus xacementos intactos mentres exporta a guerra a todas esas partes do mundo onde existe o ouro negro a fin de importalo aos seus dominios. Seremos espectadores do que pasará cando se esgoten as reservas e sexa este xigante o único posuidor dos últimos restos de petróleo, e non resulta moi prometedor, máxime cando o resto de países que conforman este rizoma transnacional sométense ás directrices do tío Sam e non fan nada por impulsar o desenvolvemento e a innovación de novas formas sustentables de enerxía. Somos conscientes de que hai moitos intereses en xogo e que todos andan nas patacas.



Pero esta é a carioca que se morde a cola, porque a materia prima base do fornecemento enerxético é fundamental para o funcionamento de todos os sistemas eléctricos e electrónicos que permiten falar da era informática. Non podemos obviar o valioso coltan, mineral composto por colombita e tantalita, que se utiliza en microelectrónica, telecomunicacións e na industria aeroespacial, que para a súa substracción, que se realiza practicamente a nivel de chan, faise necesaria a habilidade de ser de pequeno tamaño para poder acceder ás vetas, polo que isto supuxo a escravización de nenos inocentes que morreron nos intentos por sobrevivir neses campos de explotación africanos encargados de conseguir este tan valioso mineral manchado de sangue. A súa importancia é vital para o funcionamento actual dos mecanismos electrónicos e os seus xacementos están a esgotarse, por iso é polo que as grandes corporacións do mundo teñen os ollos fixados nestes depósitos naturais pois, en última instancia, quen os posúa farase co control das telecomunicacións do mundo. Por que será que se anuncian empresas pedindo que entregues o teu móbil a cambio de non sei que beneficios? Para poder extraerlle o que conteña de coltan.

Telecomunicacións que, polo que sabemos, son unha arma de control masivo empregada para manter o status quo do sistema vixente. Na dinámica destes medios de comunicación entran en xogo os grandes monopolios que acaparan o seu desenvolvemento, determinan a súa innovación, delimitan a súa finalidade e explotan os seus incalculables beneficios. Cónstanos que compañías como Google, redes sociais como Facebook, servizos de correo como Gmail (propiedade de Google) ou sistemas operativos como Android (tamén apoiado por Google), que están ao servizo dos intereses económico-políticos dos diferentes Estados desta nova orde mundial e dos servizos secretos norteamericanos, trafican como mafias cos datos persoais, íntimos, privados e que deberían ser intransferibles dos seus usuarios. Amén do control obxectivo e subxectivo que exercen sobre os seus consumidores, manipulando a información que fornecen e controlando todos os aspectos ideolóxicos que poidan xurdir no seo desta hexemonía. Aquí é onde xorde a preocupante e perigosa cuestión do control que exercen sobre as poboacións e sociedades do mundo. Nesta manipulación global, que se serve de todos eses fantásticos dispositivos e plataformas que se desenvolveron para facernos a vida máis fácil a golpe de click, interveñen toda unha serie de factores psicosociolóxicos que actúan en sinerxia para imbuírnos neste gran irmán onde pasar desapercibido é, practicamente, imposible. Á vez, avanzamos ferozmente cara unha individualidade illada que, a fin de contas, é unha das mellores armas para manter o control social, non esquezamos que a unión fai a forza.

Somos conscientes de que estes medios de interacción, tales como Facebook, redes sociais de última xeración, permiten coordinar e organizar accións de conxunto para acometer actos de resistencia masivos. O problema é que eles tamén o saben, de aí as lexislacións mordaza que sancionan como delitos a promoción, divulgación ou asistencia a actos que non fosen autorizados polos organismos estatais competentes. O noso libre albedrío vese comprometido cando unha simple reunión nun lugar público é vista como potencialmente perigosa e ilegal. Con todo, non vemos a terrible ameaza cando as forzas do sistema escoltan actos da extrema dereita e acometen contra a reacción aos mesmos. Pero deixando de lado as controversias da loita activa, a cuestión é que están conducíndonos cara á desunión, confinándonos dentro desta realidade virtual, onde todo o que se conforma como a nosa vida social, en realidade, é un cómputo de algoritmos. Poderíamos dicir que participamos de relacións binarias, onde a socialización ven dada pola interacción virtual baseada nunha serie de tendencias que son produto deliberado e premeditado de quen opera detrás do telón creando modas, producindo artigos, pensamentos lixo e toda unha serie ilimitada de información confeccionada para conducir ao rabaño internauta polos camiños que interesen en cada momento, como quen fai saltar a lebre para que se faga viral. Cremos que somos nós quen decide o que nos gusta ou desgusta neste matrix de preferencias pero nada máis lonxe da realidade.

Aceptando voluntariamente as condicións de uso dunha rede social, estamos a vender a nosa alma ao diaño. A cambio do usufructo destes medios, pasamos a entregar a mancheas a nosa intimidade, tanto física como intelectual. Coas nosas ideas, coñecementos, gustos, pensamentos, sentimentos,

ideoloxía, imaxes, vídeos e todo un conxunto de información persoal, conforman perfís que son servidos en bandexa aos grupos de interese que se valen desa inxente cantidade de datos almacenados para manipularnos, creándonos necesidades coas que vendernos os seus produtos. En suma, somos produtores do noso propio consumo. Usuarios que se venden ao mundo para alimentar ese gran ego que é o eu, pagando coa nosa liberdade de ser anónimos. Pero quen quere ser un descoñecido nunha sociedade á que lle aterroriza a soidade, esa que se retroalimenta de non saber que facer coa nosa vida se non llo dicimos ao mundo. Non sabemos estar sós pero, en realidade, estámolo máis que nunca. A dependencia que se creou é de tal alienación que non somos ninguén se non formamos parte da rede. Adversos problemas psicosociolóxicos están a fomentarse polo contraproducente uso destes medios, pero relacionalos daría para outro ensaio. Persoas necesitadas da aprobación social vólvense dependentes deste mundo cibernético e adictas ao mesmo. Persoas que no seu grupo de intereses reafírmanse nas súas ideas sen saber cuestionar máis aló da información lixo producida para axudar a non pensar demasiado. Novas que se fan virais interesadamente e córrense como a pólvora. Artigos terxiversados. Todo o que sexa necesario para desviar a atención. Calquera cousa que nos entreteña mentres nos sonsacan canta información persoal sexa posible, ata a memoria epixenética se é preciso.

Por outra banda, sabemos que drons non tripulados, do tamaño da abella mecánica de Monsanto, deseñados con fins de manobras militares e espionaxe, obsérvannos a coronilla e se me apuras a pedra do ril, substraéndonos sen consentimento algún e desde a ilegalidade consentida polo Estado, todo tipo de información que é almacenada e, posteriormente, analizada. O inimigo público pode ser calquera. Non hai que sinalar a ninguén. Xa nos vixían a todos polo si ou polo non. Quen non ten nada que agochar, nada ten que temer. A vella caza de bruxas está de moda máis que nunca. E isto é o que teñen en común os drons e as redes sociais: os dous substráennos información de forma involuntaria e para fins extraoficiais. Os dous están ao servizo de empresas que empregan a nosa información para manipularnos. Os dous vulneran o noso dereito ao anonimato, á intimidade e ao segredo de comunicación. Os dous son armas de control masivo. Grazas a que Edward Snowden, antigo informante da CIA (Axencia Central de Intelixencia) e da NSA (Axencia de Seguridade Nacional), puxo a súa vida en xogo e situouse no punto de mira, facendo públicos, a través dos xornais The Guardian e The Washington Post, documentos clasificados como alto segredo sobre varios programas da NSA, incluíndo os programas de vixilancia masiva PRISM e XKeyscore, os soños dos conspiranoicos fixéronse realidade.

Non é difícil de crer que estamos a ser permanentemente vixiados. A inviolabilidade do dereito ao segredo foi e está a ser vulnerada. A realidade supera á ficción, unha vez máis. Os xefes do mundo, envolvidos na súa nube de fume e apoiados na súa copa de coñac rin entre dentes da nosa inxenua existencia. Apañados estamos se por forza vémonos de novo obrigados á clandestinidade, esa xa non é opción. Os tempos cambiaron. A desviación que confirma a regra é cada vez máis fácil de detectar, moi difícil de manter e perigosa de manifestar. O culpable ten que crear un inimigo ao que botarlle a culpa. Ao sistema interésalle o temor. A política do medo. Hai que desviar a atención creando un inimigo común para que ninguén se decate de que o verdadeiro inimigo rexe a comunidade. O terror como arma, o terror como escusa. Seguridade en detrimento da liberdade. Control para exercer a seguridade. E espionaxe para detectar ao inimigo que crea dita inseguridade. EUA, esa comunidade que se xestou da conquista, o xenocidio, a escravitude e a inmigración ten que defender a súa bandeira. Ten que reafirmarse no seu complexo de inferioridade por non ter máis que tres séculos de historia. E crense os amos do mundo e no dereito de exercer o control sobre o resto. No seu afán por dirixir o cotarro, impulsaron todo un complexo sistema de vixilancia masiva que ten ao seu homónimo europeo en Gran Bretaña, estes son, a NSA (Axencia de Seguridade Nacional) norteamericana e o GCHQ (Cuartel Xeral de Comunicacións do Goberno) británico. Ben! Servizos Secretos para todos. Nada hai que temer. Traficantes de datos, cámaras indiscretas, escoitas de chamada, supervisión indiscriminada.

Pola súa banda, a compañía Google, especializada en produtos e servizos relacionados con Internet, software, dispositivos electrónicos e outras tecnoloxías, é o prin-



cipal motor de procura de contido na internet, polo que soubo acaparar no seu haber, como única opción posible, o mercado da publicidade na súa plataforma, creando unha riqueza exorbitante para os seus propietarios e, como oráculo de toda información envorcada na rede, é un pozo sen fondo de datos. A información é poder e Google posúe nas súas bases de metadatos moita da información intelixente producida pola humanidade e cantos ficheiros envorcáronse na rede. Os seus algoritmos moven o mundo. Como principal subsidiaria da multinacional estadounidense Alphabet Inc. sabe que ten o touro polos cornos e non vai ceder. Google controla os movementos virtuais de todo usuario, almacenando procuras e rexistrando rutas, tamén soubo conformar perfís cos que negociar, unha vez máis para que sirvan de manipulación e permitirle a esta compañía documentar os movementos e hábitos de todo usuario. Aceptando involuntariamente este rol de usuario, consciente ou inconscientemente, a cambio das facilidades que nos poida achegar esta plataforma, sometémonos a un rigoroso control sobre o noso comportamento, hábitos de conduta que son cedidos para facer negocio con eles. Atopámonos, pois, cunha capitalización da información que achega o usuario mediante o uso da rede. Substracción tácita dun coñecemento que debería ser persoal e intransferible. Unha vez máis, os perfís que Google configura prestan servizo aos intereses económicos e políticos dos Estados Unidos. Que opción persoal cabe ante isto? Retirarse ás cavernas e prescindir da internet? Ou boicotear masivamente o seu uso ata forzar a liberación desa información e obrigarlles a cesar no uso dos datos? Non temos moitas opcións.

A rede informática mundial confórmase como un caos de inxente información onde se fai difícil atopar a agulla que se busca na palleira. Atopámonos na era da desinformación. Estamos a ser configurados e programados para aceptar unha realidade imposta. Temos o deber de espertar, de boicotear este sistema de mecanización e cosificación facéndonos únicos propietarios da nosa propia información, facendo nós mesmos a realidade e impedir que nola dean prefabricada. É hora de parar o espertador que nos maquina e levantarnos por nós mesmos coa luz do día. Retomando a idea da súper-vixilancia á que están a someter ao mundo xorde a redundante cuestión. Quen vixía aos vixiantes? O cumio de Europa posúe organismos encargados de autorizar as vixilancias e o modo das mesmas, pero é ben sabido que se extralimitan nas súas funcións ou, simplemente, fan a vista gorda. A cousa escápaselles do seu alcance. O propio monstro que creou EUA, da man de Arabia Saudita, Francia e Israel, entre outros, é ese islamismo radical que está a empezar a salpicar a Occidente, ese inimigo común do que xa falamos, ao que botarlle



a culpa de todo e co que desviar a atención e as miradas. Sabemos que se retroalimenta o terror coa seguridade e esta, á súa vez, co control. Non teman, que imos retirarlles as armas que no seu día lles entregamos. É aquí, onde os organismos competentes comezan a autorizar sen medida vixilancias masivas e restrínxense as liberdades individuais. Todo pola seguridade, afirman, tornando lícita a coartación de liberdades e, despistar, ata o estado de excepción. A NSA e o GCHQ, que Snowden desmantelou facendo públicas as súas actividades, son os dous alicerces fundamentais na vixilancia masiva da poboación mundial, comprometendo en gran medida a diversidade ideolóxica manifesta e a resistencia contra o ideario dominante. Expertos no roubo de información e na violación dos dereitos á privacidade, se parapetan tras a gran escusa de sempre, o terrorismo. O medo que mete medo, por non falar do terrorismo de Estado.

Por último, complétase o círculo do sistema capitalista con dous dos seus máis firmes alicerces, a economía e o poder. O sociólogo Peter Philips fálanos nun artigo de compañías militares privadas ao servizo da clase capitalista transnacional, observando como os procesos de expansión infinita do capital concentran a economía mundial en menos de mil persoas, isto é, menos dun 0.0001% da poboación. Obviedades de extrema desigualdade que ferven o sangue. Esta clase capitalista que conforma a elite do mundo e condiciona coas súas esixencias as decisións políticas máis determinantes, é tamén sabedora do vulnerable da súa condición ante os disturbios que desde abaixo e á esquerda póidanse xerar como reacción oposta ás accións que esta cúpula poida executar. Ante isto e as resistencias políticas que se poidan enfrontar aos seus intereses, esta elite neofeudal, sustentada na xerarquía e a máis radical desigualdade, protexe os seus activos mediante empresas de seguridade privada e compañías militares ao servizo do capital, que fornécenlles seguridade persoal, residencial e laboral, asesoramento militar e asasinatos. Vemos como estas compañías prestan os seus servizos ao goberno de EUA, a terceiros países estranxeiros, a corporacións multinacionais e a organizacións internacionais. Non é difícil concluír, por tanto, que están todos no allo e que van defender os intereses do seu deus capitalista por cantos medios sexan necesarios.

Mesmamente, na inxenua realidade que finximos vivir, podemos observar como as forzas policiais do Estado actúan ao servizo do capital na defensa dos intereses monetarios dos bancos, eses usureros que caeron en bancarrota e que Europa quixo salvagardar custe o que custe, sendo a xustificación perfecta para facer recaer a carga fiscal da débeda ficticia contraída co rescate xermano sobre as costas dos de abaixo, unha vez máis, exemplo perfecto dos pasos que nos están conducindo ao desartellamento da clase media en prol da polarización da sociedade. E isto non só non acaba aquí senón que non fixo máis que comezar. Mediante complexos procesos de manipulación global están a conducirnos a esa nova orde que xa auguraba Bush pai. Unha administración planetaria con eficientes sistemas de xestión do control de todos os fluxos de información e, por suposto, dos procesos críticos que poidan xurdir nesta transición. Evolución que pasa pola extrema polarización da sociedade e que vai da man do neoliberalismo capitalista máis feudal, axudada por algunha das tres relixións de libro ou, se cabe, as tres. Unha moeda, un dogma, unha fronteira, unha normativa, en suma, un complexo totalitario onde a liberdade será, senón é xa, mera ilusión. Cremos que somos libres, porque así queren que o creamos. A todo sistema totalitario que se prece interésalle que os individuos crean desde a alienación que son libres e non peóns produtores e reprodutores do sistema, escravos sometidos ao capital e ao ideario máis rancio, patriarcal, cosificador, homófobo, xenófobo e totalmente clasista. Pero incúlcannos que todos somos iguais, idea que tamén interesa para poder detectar a desviación da norma.

Estamos a experimentar unha sociedade exasperada, estamos a cohabitar nun mundo esquizofrénico e bipolar. Os chamáns morreron. A vida é pura rutina, monotonía mecanizada para poder calcular o seguinte paso e o que virá despois. Configuráronnos para aceptar e acatar, para obedecer e non cuestionar, para non pensar autónomamente senón para reproducir o ideario hexemónico. Fixéronnos escravos das necesidades que nos infundiron. Reproducímonos desde o rol de familia, con todos os dramas que se xestan e agochan no seu seo por non ser unha interrelación sa; a socialización na escola, onde nos producen como replicantes; a especialización superior, para



executar unha tarefa efectiva e eficiente para o sistema; a competitividade laboral, para non esquecer que o próximo é o inimigo; o consumo polo consumo, para que non baixe a economía de mercado; o seguro de vida para custearse a morte; e, ao fin, a morte. Está todo atado de pés e mans nun nó que aínda que acabará por afogar aos que o orquestraron, témome que será tarde para reaccionar. Imos á deriva neste barco chamado mundo e deixamos que nos guíen cos seus compases e astrolabios no canto de levantar a vista e aprender a situarnos polas estrelas. Estamos a deixarnos levar cara a destrución.

Todo este pesimismo antropolóxico non ten nada de esaxerado. Só hai que mirar ao pasado e botar unha ollada ao presente para ver que non hai futuro. Televisan á hora do xantar as guerras que xa están pactadas, as miserias inducidas e os sufrimentos alleos, xa non só para administrar esa dose de temor que necesita o sistema, senón tamén para que nos reafirmemos na nosa burbulla de indiferenza, porque iso non vai connosco, é o seu problema. Estamos moi cómodos na nosa propia condición que nos torna, aos poucos, cada vez máis inútiles e sen capacidade de reacción. Pero todo este victimismo de nada serve senón nos eriximos sobre el, capaces de prantarnos, erguernos, organizarnos e poñerlle freo a este tren de ferro que se descarrilou levándose todo por diante. Nas nosas mans está o espertar da conciencia e dicir basta. Ata aquí chegamos.

Eli Zeta

Fontes de información:

- Leisegang D."Un mundo felizmente vigilado".


- Bauman Z. Lyon D. "El fin del anonimato. Lo que los drones y Facebook tienen en común".

- Döpfner M. "Carta aberta a Eric Schmidt. Por que tememos a Google?".

-Lanier J. "Quien tiene los datos, determina nuestro futuro".

- Altvater E. "El control sobre el futuro. Edward Snowden y la nueva era".

- Phillips P."Compañías militares privadas al servicio de la clase capitalista transnacional".



Guiom para banda desenhada, se quadra...

Día: 6 de janeiro de 2048 (Ano100000000000 no calendário binário)

Hora do vermut

Lugar: Compostela (pode ser adaptado para qualquer outra cidade do mundo)

***Cena 1** a representar em vários quadrinhos segundo avança a conversa (os pitidos do telemóveis podem dar o passo dum a outro):*

Mesa baixa bar Medusa, um home e umha mulher conversam sentadas em torno a uns copos médio cheios (ou médio vazios), cada quem tem nas suas mãos os seus telefones móveis última geraçom (nota para desenhadora: umha delas, a tua eleiçom, tem o tegrado configurado para pessoas esquerdeiras) e a carom de cada quem há umha especie de casco de moto com patas, as suas roupas nom difirem muito das que usam agora a gente "guapa" porque léva-se a moda retro do ano 2015: Nos planos dos sucessivos quadrinhos da sequência pode haver distintos enfoques; nalgum vem-se umhas mãos mecânicas sobre a barra, desde dentro, em atitude de preparar um coquetel. Nom se vê nenhuma outra pessoa humana no local.

Diálogo:

—Ela —Já há tempo que nom contato com ninguém polo wassap, é como se todas minhas amizades estiveram fora de cobertura.

—Ele —Poida, ou bem que seus módelos de telemóveis ficarom obsoletos para o wassap, vim outro día na *«Christof Tv»* [1] que alguns modelos com sistemas operativos antigos deixaram de ter cobertura para wassap.

(soa um pitido de mensagem recebeda no celular dele) ***Fufufifuifu!***

—Ele —Ah! Mira acabo de receber umha mensagem da Telecentral da Berenguela que me confirma o dado. Deixam de ser operativos as versons *2.1* e *2.2* de *Android, Windows Phone 7* e os *iPhone 3GS* e os que levem *iOS 6* [2].

—Ela —Pois vaia lata!! Estou pensando ir de rebaixas ao novo Centro Comercial que abrem manhã em Mogadíscio e vas ter que me acompanhar tu ainda que já sei que nom gostas muito de ir de compras.

—Ele —Mogadíscio? E nom se te ocorre um outro sítio mais selvagem?? Ir até lá costará um olho da cara. Que tem esse novo Cetro Comercial?

(agora soa um pitido no telemóvel dela) ***Fufufifuifu!***

—Ela —Mira, acabo de receber ofertas de viagem a Somália, ao novo aeroporto do próprio Centro Comercial por só 1984 megabites[3] para 2 pessoas com direito a umha noite de hotel!! E as rebaixas vam ser muito melhores que em qualquer outro Centro, nom vês que é a apertura?? Se nom de que ia interesar-me ir a África?? De safari fotográfico? Agora que as feras podemos ve-las acá em hologramas?? E amais nos spots que recebim já vim algo que quero.

—Ele —E ainda tês tanto crédito?? Porque eu ando escasso e nom quero ficar sem saldo no telemóvel.

—Ela —Tenho abondo, a ver como ia mercar o que quero senom. Tu nom te preocupes polos gastos.



—Ele —(balom de pensamento) Que fastídio. Justo manhã quando emitem desde o Dronódromo de Le Mans a final do mundial de Formula V[4]. A ver como me livro desta...

—Ela —(apurando seu último grolo do copo) Esta-me a entrar fome podemos ir até A Tulha, crio que o cocinheiro androide segue a fazer desses croquetes de espinafre tam bos que lhe deram tanta sona ao local.

—Ele —E tu sabes ir?, porque eu já esquecim por onde se ia.

—Ela —Sei, amais senom o GPS dos drones já nos guiarám.

—————————Remate 1ª cena—————————

Cena 2ª a representar em vários quadrinhos segundo avançam.

Planos picados na praça do Pam, ve-se a estátua de Cervantes e baixo dela a parelha caminhando cara rua do Preguntóiro, ambos levam roupa de abrigo e vem-se destacados dois drones justo enriba das suas respectivas cabeças (som os cascos de moto com patas, agora estas despregadas). Vem-se robôs e androides com formas mecânicas e aspetos diversos, alguns, fortemente armados, semelham polícias, outros assemelham repartidores de bebidas. Seguem sem ver-se gente com apariência humana. Cámaras de vigilância nas alturas enfocam seus passos.

Diálogo:

—Ele —Compostela já nom é o que era desde que no último jacobeu em 2038 se colapsara a rede Via Láctea. Já nom chove e nom há turistas!! Estou por dizer-te de mudar de cidade, está tudo tam valeiro!!

—Ela —Bom tamém influe que o Caminho a Compostela a venerar o santo perdeu seu sentido desde que o ano passado lhe figeram ao mortinho a prova do carbono 14 e se demonstrara que os restos som dumha moça que nom tem nada a ver nem com Santiago nem com Prisciliano. Vaia chasco levaram!!. O vindouro ano tocava Jacobeu, mas já digerom no Vaticano que se anulava. Agora a compostela só interesará a colecionistas do passado

—Ele —Caia de caixom, além nom tinha sentido agora que a Catedral é inexpugnável desde que é o Centro Operativo Virtual de Vigilância da comarca e o campanário da Berenguela a Telecentral de dados e a Torre de Vigia, Parálise e Anulaçom de insurretas. Algo bo tinham que fazer com ela!!

—Ela —As insurretas essas que dis já deverom extermina-las ainda que alguém me assegurou que ficavam algumhas vivindo nos sumidoiros; que nojo!, inda que eu nunca as vim.

—Ele —Bom isso soa a conto chinês como aqueles supostos terroristas jihadistas de primeiros de século que resultaram ser paramilitares contratados pola CIA e o Mossad.

—————————Remate 2ª cena—————————

Cena 3ª, ainda na praça do Pam na esquinha do edifício do concelho velho, plano curto contrapicado da parelha, nom sae ninguém mais. Ve-se um raio saindo do drone que tem o home enriba impactando nele de cheio, quem fica paralisado, ela tamém semelha paralisada pero de assombro.

Diálogo:

—Ela —Já tinhas que lembrar algo proibido, outra volta vam-te levar a ressetear a memória histórica. E agora com quem vou eu a ir a Mogadíscio??

—Ele —(balom de pensamento) Conseguido, mau será que manhã nom ponham no estádio ao que me levem a final de Le Mans!!

—————————Remate 3ª cena—————————

Cena 4ª, na mesma paragem que a anterior, plano médio, ve-se ao home de pê, encorreados seus membros e pescoço a um robô com apariência de máquina paleteira. Ela fala dirigíndo-se ao robô:

Diálogo:

—Ela —A onde mo levam desta volta? Quanto tempo estará lá? Poderám solta-lo manhã para que me acompanhe de compras a Mogadíscio, mirem que já tinha reservada a viagem com hotel para os dois?

—Robô —Tenho ordem de leva-lo á «Cámara de Manipulaçom de Contidos Mentais»[5] de Balaídos. A sua formataçom vai ser avançada. Suas ideias absurdas sobre a história recém devem ser borradas. Seu delito prescreverá aos 15 días.

—Ele —(balom de pensamento sem mudar nada seu rostro paralisado) Guai 15 días em Balaídos, que forte!!

—Ela —Ah pois perfeito. Mirem que na anterior captura levarom-no a Riazor e el sempre che foi moi do Celtinha e ali deveu colher o virus que lhe inoculou essas ideias tolas na cabeça. Terei que ir sozinha a Mogadíscio

—Robô —A Gram Olhar encarga-me que lhe deseje boa compra e que lhe comunique que tem um gosto excelente ao escolher esse abrigo de astracã, Sra Lenina Crowne[6].

—Ela —Como sabem? Bo serei tonta!! Se vostedes sabem tudo de mim.

————————————Fim————————————

Epílogo necessário

Poida que algumha considere este texto misógino por aquilo de que a protagonista feminina só lhe preocupem as rebaixas; mas é claro que alguém que segue «livre» na superfície nessas circunstâncias nom é porque seja umha luitadora; tamém poida que alguém considere banal que ao home só parecem preocupar-lhe os desportos.

Tamém poida que a alguém lhe resulte quanto menos curioso que as protas e o robô falem galego, mas esta língua fora declarada idioma internacional na cimeira de Rio de Janeiro em 22 de fevereiro de 2020, primeiro día de Carnaval, quando representantes das 5 línguas mais faladas no planeta se reuniram para acordar qual delas adoitar como internacional. Lá estavam homes e mulheres muito *sui géneris* falando mandarim, inglês, espanhol, hindi e fushà à numha autêntica torre de babel, até que ao som de samba entraram garotos e garotas dançando ao redor das concorrentes e começaram repartir caipirinhas e batidas e foi quando tomou o micro a mulher brasileira que fazia de anfitriona e falou nessa língua tam bela e falou bem e a todas cautivou e *ipso facto* lá acordaram por unanimidade adoitar o galego como idioma universal e tras um brinde polo rápido acordo, passarom todas a dançar e cantar *«Liberdade! Liberdade! Abra as Asas Sobre nós!»*[7] (mas disso há já muito tempo)

Na altura dos acontecementos acá relatados, sim há, como contam os ruge-ruges, homes e mulheres bravas agochadas, se bem nom na rede de sumidoiros, senom nos passadiços e túneis subterrâneos que existem desde o medievo na zona velha de Compostela e que conectam com o Pico Sacro. Por suposto estas insurretas luitadoras estám desprovistas de telemóveis e de qualquer outro aparato tecnológico com o que A Gram Olhar e seu séquito poideram controlar seus passos. Quando saem á superfície na busca de alimentos e bebidas cubrem seus corpos com alburkas, umha vestimenta talar de corpo enteiro recuberta de papel de alumínio com as que evitam ser detetadas por drones e cámaras térmicas infravermelhas. Mesmo há quem conta que figeram um burato no fundo do falso poço do antigo bar do mesmo nome e lá se passam algumhas noites de foliada e outras planejando e sua vendetta. Dim que som umha Banda organizada e que estám a Desenhar um plano para entrar na Catedral polo subsolo do antigo museu e destruir a Central e as máquinas da Torre da Berenguela e assim afazer-se com o control da cidade. Dim que agora que as polícias som máquinas é possível umha sabotagem á rede que as paralice e inutilice. Dim que noutras cidades tamém há gente na sua situaçom. Dim...(mas isto já é argumento para outra história)

«Tudo parecido com a coincidência é pura realidade», Comochoconto

NOTAS

[1] Piscadela ao filme *«O Show de Truman»*

[2] Notícia real emitida no telediario da noite de TV1 em 29/12/2016, dado o meu desconhecemento em quanto a modelos de telefones optei por pôr os módelos que derom nessa transcendental notícia

[3] Piscadela ao romance *«1984»* de George Orwell

[4] Piscadela ao filme *«Un, dos, tres...al escondite inglés»* de Iván Zulueta

[5] Piscadela á B.D. *«Historias de Taberna Galáctica»* de Josep M. Beá

[6] Piscadela ao romance *«Admirável Brave New World»* de Aldous Huxley

[7] Samba composto por Niltinho Tristeza, Preto Jóia, Vicentinho e Jurandir para o carnaval de 1989. Fala sobre a aboliçom da escravitude e o fim da monarquia!



A revolta compostelá de 1116-1117

Ocultas polo esplendor e atención das grandes revoltas irmandiñas do s.XV; o certo é que se deron en Galiza toda unha serie de revoltas antiseñoriais medievais de gran importancia. Así é, por exemplo o caso da cidade de Compostela; na que atopámonos con tres grandes insurreccións: en 1116-1117; en 1136 e en 1318-1320. A miña intención e a de describir a primeira delas, a revolta antixelmiriana de 1116-1117 (e se gusta e á xente lle presta, se cadra seguir cas outras en próximos números de *Abordaxe*).

A revolta de 1116-1117 é, tal vez, a máis famosa delas. As razóns para isto son que está narrada na *Historia Compostelana*, dentro do chamado Tumbo B. Escrita por suposto dende a óptica do bispo Xelmírez, que para iso foi él quen encargou esta obra. Na revolta participaron ademais da veciñanza de Compostela e o bispo Diego Xelmírez (considerado como cabeza e personaxe senlleiro na historia desa cidade, con varios monumentos e dous institutos que levan o seu nome entre outras cousas) a propia Doña Urraca, por aquel tempo raíña de Galiza e de León.

As razóns da revolta son moi sinxelas. Xelmírez era un tirano que oprimía a cidade. Adicábase a saquear, gracias á guarnición militar coa que contaba en diversas torres da cidade a toda a mercadoría que entraba en Compostela. Os campesiños e mercaderes eran rexistrados nas portas das murallas e despoxados de todo o que lle puidese interesar ao bispo. Calquera persoa que se rebelase era case con seguridade asasinada. O seu sobriño Pedro Froilaz era o prior e capitán destes mercenarios, que facían a súa vontade. O seu irmán Gumersindo o xuíz, dictando sentencias sempre ao seu favor. Todo quedaba na casa. E Xelmírez paseábase arrogante e fachendoso por Compos coma se fose súa (bueno de feito o era). Compostela era unha cidade artesá, e os portazgos (así lle chamaban ao roubo) estaban a afogala.

Así, xa no ano 1113 unha delegación de burgueses reúnese co bispo e este promételes que vai meter man no asunto, e que vai garantir a seguridade das persoas e facer que cesen as confiscacións. Nada máis lonxe da realidade. O réxime de terror de Xelmírez continúa, e aínda sube máis o nivel dos seus abusos: saqueos ao campesiñado, ata quitarlles mesmo as verduras para o mercado; torturas, violacións, asasinatos levados a cabo impunemente polos sicarios do bispo nas torres fortificadas de Compostela. Xa sei que parece que vos estou contando un filme hollywoodiense medieval, pero as cousas funcionaban así.

Mais no outono do 1116 xorde unha oportunidade. Xelmírez enfróntase militarmente á raíña Urraca co fin de sacarlle o trono e por nel a Afonso, fillo de Urraca de quen era o seu titor. No medio desta guerra civil entre señores feudais, a veciñanza de Compostela envía un grupo de xente a falar coa raíña acampada nese momento coas súas tropas en Melide. E acordo de alianza e o de axudarlle a Urraca a tomar Compostela, a cambio de que a cidade pase a ser de señorío de realengo (mellor de levar que o señorío eclesial), convertíndose así Urraca na nova señora de Compostela e mandar a Xelmírez á merda.

Sendo así as cousas Urraca, co apoio veciñal, entra en Compostela e Xelmírez fortifícase na obra da igrexa (espazo fortificado que tiña daquelas a catedral) e ao final ten que ceder. Xelmírez consigue salvar a vida e permanecer coma bispo de Compostela; pero perde todo o poder que tiña sobre a cidade *"case ningún dereito nin servicio conservaba o bispo na cidade; todo estaba nas mans dos complices da traición, en todo mandaban eles"* sendo na práctica un pri-

sioneiro da veciñanza. Ademais conseguiron expulsar da cidade a Pedro Froilaz e a Gumersindo complices e familiares de Xelmírez. Por suposto, os veciños aprópianse das rendas do bispado para uso da cidade e ademais quéimanlle o pazo episcopal ao Diego. Por último constitúense en Irmandade e xúranlle lealdade á raíña Urraca.


Pero o Xelmírez era un cabrón astuto. E intentou gañarse a confianza/boa vontade dos composteláns. Por un lado excomulga e di estar de lado da veciñanza na súa loita contra Pedro Froilaz (que unha vez desterrado xuntara un exercito de mercenarios e estaba a saquear as aldeas da comarca) finalmente derrotado polos rebeldes en Ponte Maceiras. Ademais concedeu honores eclesiásticos (un arcediado sexa o que sexa iso) a un dos tres principais líderes nese momento da revolta; o Airas Nunes.

Así, nun acto de inxenuidade, seis meses despois da revolta permítenlle a Xelmírez abandonar a cidade. E que fai este? Ir directamente a entrevistarse coa raíña, que estaba daquelas alá pola terra de Campos. E non lles é difícil chegar a un novo acordo: Xelmírez renuncia apoiar a Afonso, e a cambio pode recuperar todo o seu poder. Se cadra á raíña tamén lle preocupaba aquelo que nos di a Compostelana *"Galicia se contaxiaba toda coa morbida peste dos conxurados e se destruía coa treboada da disensión".*

Enviaron mensaxeiros a Compostela anunciando o novo acordo, que deixou parvos por un momento aos veciños. E puxeron rumo, cada un co seu exército cara a Galiza, onde voltáronse atopar na primavera de 1117 en Padrón. E dende alí enfilaron Compostela, e marchando xuntos, raíña e bispo entraron na cidade coa intención de machucar a rebelión.

Pero daquelas a veciñanza de Compostela xa non tiña dúbidas e estaba disposta a todo. Nin bispo, nin raíña, nin hostias. Había que facerse cargo da cidade por si mesmos, e para iso habia que derrotar tanto á Igrexa como a Coroa, non pactar con eles. E ademais da firme decisión, e da consciencia rebelde esperta, tiveran tempo para deseñar unha estratexia de engano.

Os supostos líderes da revolta tal como o Airas e outros finxiron estar acurralados cando chegaron as tropas inimigas. E refuxiáronse, atrincheirándose na obra da igrexa, ese espazo fortificado que existía antigamente na Catedral de Santiago do que faláramos antes. As tropas do bispo e a raíña asediárona e finalmente conseguiron entrar, para darse conta de que os rebeldes xa non estaban. E xusto nese momento, caídos na trampa estoura con toda a súa forza a imparable insurrección veciñal. *"inflamados os ánimos a loita se xeraliza. Baixo a bóveda da igrexa bérranse gritos de morte, voan saetas e pedras; incéndiase a madeira das cimbras, e as lapas elévanse a altura na Igrexa Apostólica, suministrando aos contornos un horrendo espectáculo".*



O exército mercenario é aniquilado. A insurrección é vitoriosa e triunfante. A xente celebra nas rúas vendo arder as forzas do poder dentro da catedral envolta en lume. Namentres, Xelmírez e Urraca que pensaban disfrutar dun paseo militar dende o pazo episcopal, fuxen asustados, vítimas do pánico a refuxiarse na Torre das Campás.

A veciñanza rebelde entra no pazo episcopal e o saquea e destrúe, saboreando a vinganza contra Xelmírez. E dende alí íníciase o asedio á Torre das Campás. Dende o tellado da catedral arríncanse tellas e pedras que choven contra a torre. Sen poder entrar, os composteláns rebeldes deciden prenderlle lume.

Nese momento Xelmírez, desesperado, asoma por unha fiestra e pide clemencia ao que lle responde a xente *"saia a raíña se quere; só a ela lle damos permiso para saír e facultade para vivir; os demais perezan a ferro e lume"*. E a raíña saiu da torre. E entón, nun momento de orxiástica liberdade a xente a colle, a tira nun lameiro, e alí dalle patadas, pisa nela, apaleana e mesmo unha vella (o nome dos institutos tería que ser o dela) consigue romperlle a mandíbula dunha pedrada.



E agora a polo Xelmírez. Pero o cabrón listo coma o demo, aproveitou o momento para, disfrazado cunha capa vella, saír da torre e misturarse entre a multitude, escurríndoselle aos rebeldes mentres estes estaban ocupados linchando á raíña. E darlle tempo a agocharse en San Martiño Pinario, cando a atención vóltase cara él. Aos seus cómplices, non lles foi tan ben. A Torre queimouse de todo (ata fundiuse o bronce das campás según a *Compostelana*), Gumersindo irmán e xuíz de Xelmírez morreu alí. Pedro Froilaz o carniceiro saltou dende o alto da torre e quedou lisiado e ao borde da morte. Outros sicarios de Xelmírez tampouco saíron de alí con vida.

Compostela respira libre *"como siervos e campesiños con poder para gobernar"* nesa primavera do 1117 constitúese o que nós chamaríamos un espazo autónomo e insurrecto, unha festa permanente, detida no tempo nun estado de euforia e ledicia desbordante, co clímax brutal, no que Compostela venceu ao Poder.

Xa imaxinades como rematou a revolta non? Urraca unha vez fóra de Compos xunta un exército; Xelmírez, que consigue fuxir saltando polos tellados tamén; Afonso o fillo de Urraca xunta o seu tamén, e o seu aliado o Conde de Traba reúne outro dende Pontevedra; outros nobles galegos suman tamén as súas forzas. Os cinco exércitos á vez asedian Compostela, destruíron tódalas hortas e tódalas leiras cultivables, talaron tódalas árbores, mataron todo o gando de tódalas aldeas da comarca. Finalmente Compostela tivo que rendirse, entre a impotencia da derrota e o temor á represión.

Para cen persoas a morte, para os burgueses desterro, para campesiños e artesáns encerro. Para todos, por sempre no seu corazón a lembranza do tempo rebelde no que foran libres, cando apedrearon unha raíña e prendéronlle lume a un bispo.

Pabliño

A destrución como creación

Dúbidas. Cando un pensamento comeza a perdurar no tempo vólvese case inmutable, pero non o suficiente como para soportar as tormentas urobóricas e a destrución interior.

É a falta de esperanza, o odio ao ser humano, á civilización, o baleiro existencial, un produto do capitalismo, da cultura occidental? É posible que o capitalismo chegue ao seu fin? É posible que triunfen outras formas de organización? Serviría de algo? Causaría algún cambio ou o despreciable seguiría vivindo dentro do ser humano? Modificaríase o ser humano se se modificase o sistema, ao longo do tempo, ou a tiranía seguiría latexando nas súas entrañas? Son alcanzables as utopías? E as distopías? O sistema capitalista vive e sobrevive grazas á creación de novas e falsas necesidades nos seres humanos. O que ao principio é opcional para consumir, convértese nunha necesidade, xa que transforma o sistema, a contorna... e a necesidade do ser humano. Que serían desas necesidades se caese o capitalismo? A xente afaríase aos poucos, sobrepoñería a miseria, a destrución, o caos, ou en cambio actuaría de forma tiránica sobre os demais para recuperar comodidades? Como se arranxa o problema da superpoboación? Se caese o capitalismo e o sistema tecnolóxico industrial, volvería o ser humano, ao longo do tempo, a "avanzar" cara a mesma opresión, cara a unha nova revolución industrial? Non é o ser humano e a humanidade, a serpe que se morde a cola?

Non, non teño respostas para estas preguntas. Pero dubido. Poida que a falta de esperanza sexa produto de coñecer a historia da humanidade, o odio ao ser humano polos crimes, violencia, miseria, e un longo etcétera que observamos na especie humana en xeral, no seu comportamento, na súa mentalidade. O baleiro existencial como consecuencia do capitalismo e do sistema tecnolóxico industrial. Como consecuencia da escravitude que vivimos, da cegueira, da comodidade entre reixas. Non sei se é posible a caída do capitalismo ou se iso causaría algún cambio importante. Pero o que me preocupa non é que non chegue o fin do capitalismo, se non que o seu fin non implique cambios. Que non morra con el o capital, o sistema tecnolóxico industrial, o especismo, o patriarcado, a moral que rexe nel e todos eses valores decadentes, despreciables e asquerosos. Porque moitas veces esquécesenos que o sistema non está só no exterior, que o levamos dentro de nós e que tamén hai que destruílo. Que parece que en tantos modelos futuros de organización a xente esquécese de eliminar todo o demais, todo o que o capitalismo e a merda humana implica. Que parece que se esquece que cada persoa ten unha idea de utopía distinta. E que aínda coa caída do capitalismo, o fascismo, o racismo, o machismo, a xenofobia... seguirían existindo nas persoas.

"O ABISMO DA LIBERDADE É ATERRADOR. SEN A POLICÍA, HABERÍA UNHA GUERRA CIVIL ENTRE OS DIFERENTES GRUPOS E SERÍA PIOR QUE A LOITA ENTRE OS ANARQUISTAS, OS FASCISTAS E OS INMIGRANTES QUE VEMOS HOXE. SEN A CIDADE, A REDE E A INFRAESTRUTURA HABERÍA VIOLENCIA E UNHA FAME NEGRA MASIVA. É UTÓPICO IMAXINAR AOS TRABALLADORES TOMANDO AS CENTRAIS ELÉCTRICAS E O SISTEMA DE ABASTECEMENTO DE AUGA, OU Á POBOACIÓN REAPROPIÁNDOSE DOS RECURSOS DA CIDADE E POÑÉNDOOS A DISPOSICIÓN DUN MELLOR USO. PERO COMO A BASTILLA, A CIDADE DE ATENAS SEMPRE MANTERÁ A FINALIDADE PARA A CAL FOI CONSTRUÍDA. A BASTILLA FOI CONSTRUÍDA PARA SER UNHA PRISIÓN, NADA MÁIS. ATENAS FOI CONSTRUÍDA PARA DAR ACUBILLO AOS SEUS TRABALLADORES E SEUS AMOS. MANTIVO ESTE CARÁCTER DURANTE MILES DE ANOS. SE O CAPITALISMO DESAPARECESE, O PROPÓSITO DA CIDADE DESAPARECERÍA CON EL."

(..) "É ATERRADOR FACER FRONTE A ESTE FEITO E A MAIORÍA RETROCEDE A ANTERIORES FORMAS DE LOITA QUE AO FINAL NON SUMAN MÁIS QUE ACEPTACIÓN RESIGNADA E DERROTA PERMANENTE. AS MESMAS FORMAS PÓDENSE REPETIR, AS MESMAS ESCENAS E OS MESMOS RITUAIS PODEN SER REPLICADOS, PERO NON FUNCIONARÁN DE SÚPETO CANDO NUNCA O FIXERON. É O MEDO

O QUE APARTA Á XENTE DA CONCLUSIÓN DE QUE O PROXECTO MÁIS IMPORTANTE QUE NOS QUEDA É A DESTRUCIÓN DO QUE O CAPITALISMO CREOU. QUEN QUERE DESTRUÍR O LUGAR ONDE VIVE? QUEN QUERE CAER NO CAOS SEN PODER PROMETERSE A SI MESMO E AOS SEUS AMIGOS QUE ALGO MELLOR VIRÁ? NON PODE HABER PROMESAS NO FUTURO. TODAS AS PROMESAS CONVÉRTENSE EN MENTIRAS, O ENGANADO CONVÉRTESE NO QUE ENGANA, E A MISERIA ACTUAL PERSISTE." (TIRADO DE "INCONTROLABLES")

Non busco que o Poder sobre os demais pase ás nosas mans nin ás de absolutamente ninguén. Só defendo o poder que cada un debe ter sobre si mesmo, o poder de cada un para decidir. E non sei se sería posible modificar tanta merda no ser humano. A miña mente non é capaz de visualizar un mundo mellor mentres siga existindo a civilización, o ser humano, o sistema tecnolóxico industrial...

A xente toma diferentes camiños. Está o camiño da resignación, un camiño que considero que sen esperanza, tense unha fe cega na apocalipse, na autodestrución da humanidade. Unha fe que ten bastante en común con esperar un miragre de deus, unha pantasma da mente humana. Este camiño tómao a xente que aínda odiando e estando en contra do sistema, non se rebela pola comodidade. Non loita pola comodidade. Non responde ante unha agresión por comodidade. Non se implica por comodidade. E é que o sistema arranxouse ao longo da súa vida para controlarnos psicolóxicamente. Por unha banda ofrécennos comodidade e recursos, a cambio da obediencia, a cambio da nosa morte en vida. A cambio da nosa liberdade. Doutra banda atemoriza para que ensinar ao mundo que se te rebelas, sufrirás a máis temible represión e torturas. O sistema aliméntase das dúas partes, aliméntase de carne humana. Logo está a acción directa, a destrución. E considero inútil preparar un plan e unhas regras a seguir cando descoñecemos o futuro. Creo que hai que ir aprendendo sobre os cascallos, á vez que actuamos e crecemos xuntas e solitarias.

-Por que loitas inutilmente se non vas cambiar nada, se todo vai seguir sendo a mesma merda?

-Por destruír, por molestar. Por manifestar esta rabia. Por necesidade, por insumisión.

Non hai esperanza de cambio nin dun mundo mellor, roubáronnola xunto coa liberdade para resignarnos e non loitar. Pero non será suficiente. Seguiremos loitando, non caeremos no derrotismo. Porque ao contrario que os que se tiran de cabeza cara a resignación non nos cremos en posesión da verdade absoluta. Por iso non desistimos, seguimos loitando e revisándonos continuamente. Facémolo porque se hai algo seguro é que non cambiarás nada quedándote quieto mirando ao aire e suicidándote na sumisión. E se non conseguimos nada non importa, é preferible á moral de escravos, a calar, a sumirnos na obediencia.

Comecemos por destruírnos para reconstruírnos a nós mesmas. A eliminar valores putrefactos e fétidos, a eliminar imposicións, toxicidade, poder das relacións, tiranía, educación sistemática... E loitemos, destruamos o exterior. Non calemos ante a súa represión, non obviemos a escravitude, non aceptemos as súas cadeas douradas. Pero lembremos que estas son só palabras, palabras baleiras se elas non implican unha acción directa. Así que toca preguntar: Estou disposto a deixar a comodidade? Prefiro o caos e a destrución ou seguir sendo un escravo, seguir alimentando este sistema coa miña sumisión? Estou disposta a arriscar?

Non será unha loita egocéntrica. Non será unha loita de ídolos, mártires e protagonistas. Será unha loita de sen caras. Unha loita violenta. Unha loita de riscos.

DESTRUÍR, DESTRUÍR PORQUE A DESTRUCIÓN É UNHA FORMA DE CREACIÓN E QUIZAIS ENTRE AS RUÍNAS, ATOPEMOS FROITOS DE LIBERDADE.

Epy



A imaxe das mulleres nos conflitos armados.

Pasamontañas, hiyabs e capitalismo baboso

A finais do ano 2014, as redes sociais enchéronse de fotografías de milicianas kurdas. A historia da loita do pobo kurdo é enormemente longa e complexa, pero nunca recibiu demasiada cobertura dos medios de comunicación occidentais, así que aquelas fotografías chamaron poderosamente a miña atención. Cun territorio dividido entre os Estados de Turquía, Irán, Iraq e Siria, o pobo kurdo foi obxecto dunha represión extremadamente violenta por parte dos Gobernos da zona ao longo da súa historia, pero esa persecución apenas conseguiu atraer o foco mediático. A única excepción neste sentido foi a operación ao-Anfal, que supuxo o xenocidio de máis de cento oitenta mil kurdos por parte do réxime de Sadam Hussein a finais dos anos oitenta. É dicir, tiveran que morrer case duascentas mil persoas para que o pobo kurdo tivese uns minutos na televisión. Despois diso, de novo varias décadas de silencio.

Os kurdos teñen todas as papeletas para ser ignorados polos medios de comunicación occidentais: o seu territorio atópase repartido entre distintos Estados nun dos eixos xeoestratéxicos clave, carecen de recursos que non foron expoliados xa e son de maioría musulmá. Os cambios nos apoios aos distintos Gobernos da zona por parte dos países occidentais fan dos kurdos unha cuestión complicada que é mellor ignorar. Cando os intereses xeoestratéxicos recomendaron retirar o apoio a eses Gobernos, os kurdos non foron demasiado interesantes como aliados porque carecían de poder suficiente. Cando conveu apoiar a eses réximes, a situación dos kurdos foi facilmente ignorada por moi violenta que fose a súa persecución. Ao fin e ao cabo, ao longo da súa historia, Occidente sempre tivo unha enorme facilidade para ignorar os xenocidios que cometían os Gobernos que apoiara ou colocara no poder. Ademais, os kurdos son de maioría musulmá, o que no imaxinario occidental está ligado co atraso, a violencia e o terrorismo. É dicir, teñen todo o que hai que ter para carecer de valor no mercado mediático occidental.

Por que entón as miñas redes sociais estaban cheas de fotos de milicianas kurdas da noite para a mañá? Por que os meus amigos e coñecidos parecían de súpeto tan interesados na loita do pobo kurdo? Unha mirada máis atenta ás fotografías deume algunhas pistas. Na práctica totalidade das imaxes aparecían mulleres. Todas elas eran novas e todas posuían corpos que poderiamos cualificar de normativos. Ademais, todas eran dunha beleza indubidable segundo os nosos estándares. Por moitas imaxes que mirei, non puiden atopar mulleres gordas, feas ou vellas. Outra característica que tiñan en común todas as fotografías que se estaban difundindo é que ningunha das mulleres levaba hiyab. Algunhas delas tiñan o cabelo cuberto cun pano, pero non da forma que un observador occidental identificaría co Islam. Por último, as mulleres das fotografías tamén se parecían na súa indumentaria militar e en que normalmente atopábanse desenvolvendo unha acción que pertencía a un contexto bélico. É dicir, non aparecían mulleres charlando, peiteándose, descansando ou cociñando, por exemplo. Todas elas aparecían coas súas armas de combate, sentadas en trincheiras e parapetos ou encima de vehículos militares. Mesmo nas poucas fotografías que mostraban celebracións, bailes e asembleas colectivas, os elementos militares tiñan un impor-

tante protagonismo, xa fose pola inclusión de armamento ou pola propia vestimenta das mulleres.

A medida que navegaba nas redes sociais, as miñas sospeitas ían aumentando. A alegría inicial por ver que a loita do pobo kurdo conseguía romper o silencio mediático desapareceu. Todo aquilo era enormemente raro. Nun primeiro momento as imaxes parecéranme fermosas, alegrábame ver fotografías das mulleres kurdas participando activamente na loita do seu pobo, algo que doutra banda sempre fixeron. Con todo, a monotonía das fotografías facíaas sospeitosas. É que non había mulleres de mediana idade nin maiores nesas loitas? Seica non che daban o uniforme militar se tiñas o cu caído, a cara chea de grans ou non che depilabas o entrecello? As mulleres kurdas nunca se aburrían ou durmían ou facían labores de mantemento do campamento? Nun territorio de maioría musulmá non había mulleres con hiyab? Non era difícil ver que a resposta a todas esas preguntas era afirmativa. Claro que había mulleres con engurras, feas e gordas; claro que unha parte delas levaban hiyab; claro que non sempre estaban co fusil ao ombreiro. O problema non eran elas, eramos nós. O problema era nosa mirada patriarcal e colonialista, o noso racismo e o noso machismo.



Imaxes de guerrilleiras kurdas difundidas nas redes sociais en 2014

Aquela onda de interese pola loita das mulleres kurdas tiña un contexto moi concreto. Desde hai varios anos, no territorio de Rojava, o Kurdistán sirio, están a desenvolverse formas de organización social e política nas que as mulleres teñen un importante protagonismo. Ademais de sistemas de cotas para garantir o acceso igualitario ás institucións políticas, baixo o impulso do PYD (siglas do Partido da Unión Democrática) creouse todo un sistema paralelo en cada nivel de goberno. Este sistema paralelo está integrado unicamente por mulleres e funciona de forma autónoma. Os seus membros son electos e a súa función é a de determinar a política en materias que concernen particularmente ás mulleres ou que supoñen fontes importantes de dominación e opresión para elas, como os matrimonios forzados, a violencia sexual, os chamados «crimes de honra», a poligamia ou a discriminación de xénero. Cando se produce unha incompatibilidade ou un conflito entre un destes asuntos e outro que é competencia das institucións de goberno, prevalece a decisión dos órganos de mulleres.

Como parte desta política de creación de órganos autónomos de mulleres en diferentes áreas, no ano 2012 puxéronse en marcha as YPJ, unidades militares formadas exclusivamente por mulleres. Estas milicias uníanse ás YPG, que naceran no 2004 co obxectivo de converterse nas forzas armadas de Rojava. Con todo, a súa forma de organización difire nalgúns aspectos dun exército tradicional, como no feito de que os oficiais son elixidos democráticamente entre os propios soldados. Co estalido da guerra civil en Siria e a chegada do Estado Islámico ás proximidades de Rojava, as milicias das YPJ e as YPG cobraron protagonismo na vida política e social do Kurdistán sirio. Sen apoio económico ou militar —as potencias estranxeiras centraron a súa axuda nos peshmerga, as forzas armadas do Goberno Rexional do Kurdistán iraquí, e en diferentes faccións rebeldes—, as milicias kurdas fixeron retroceder ao Estado Islámico, moito mellor armado. En concreto, no momento en que as fotografías das milicianas kurdas comezaron a alagar as redes sociais, as YPG e as YPJ

levaban a cabo unha ofensiva que conseguira facer retroceder ao Estado Islámico por primeira vez desde o inicio da guerra. Ademais, os milicianos kurdos rescataran a case 2.000 yazidíes mediante a creación dun corredor de seguridade que rompera o cerco do Daesh e conducíaos ata territorio kurdo. Había razóns dabondo para celebrar a loita das milicianas kurdas e dala a coñecer nas redes, pero había algo profundamente equivocado naquela forma de facelo. Aquelas imaxes non dicían nada da súa loita, pero falaban elocuentemente das nosas fantasías colonizadoras e patriarcais. As fotografías das mulleres kurdas na guerra siria actuaban como un espello: o que reflectían era nosa propia mirada patriarcal, racista e colonizadora.

O capitalismo baboso. A produción de desexos e o consumo de corpos.

A viralización daquelas imaxes nas redes sociais desposuía ás guerrilleiras kurdas da posibilidade de ser únicamente guerrilleiras. A diferenza dos seus compañeiros, elas non eran só soldados, senón tamén corpos desexados e consumidos. Deixaran de ser suxeitos para converterse en obxectos.

En realidade, a produción daqueles obxectos que eran agora as mulleres kurdas non fora moi diferente da produción de moitas outras mercadorías: fabricáronse fóra das fronteiras de Occidente para ser consumidas dentro, xerando beneficios económicos para transnacionais que tiñan a súa sede neses mesmos países occidentais. É certo que os consumidores directos das imaxes, aqueles que as convertían en virales replicándoas de conta en conta, non pagaran por elas, pero xa sabemos que na era do capitalismo emocional esa non é unha característica imprescindible dos bens que se intercambian no mercado. Os programas de televisión, as noticias dos xornais dixitais, os contidos dos blogues, os artigos das revistas online ou os posts que se colgan nas redes sociais teñen un acceso gratuíto para os consumidores, pero ninguén dubidaría de cualificalos como mercadorías, na medida en que son producidos e consumidos nun mercado concreto e a través de relacións mediadas polo diñeiro. Poida que os produtores dalgunhas desas mercadorías non recibisen unha remuneración polo seu traballo —por exemplo no caso dos posts nas redes sociais ou os contidos dos blogues— pero iso tampouco é unha característica intrínseca das relacións mercantís. Ao fin e ao cabo, ao longo da súa historia, o capitalismo beneficiouse dunha enorme cantidade de traballo non remunerado, como demostra o exemplo das mulleres e os escravos.

Titular do xornal ABC do 9 de septembro de 2016 anunciando a morte de Asia Ramazan Antar, que foi bautizada pola prensa como a "Angelina Jolie kurda" e cuxas fotografías foron enormemente difundidas nas redes sociais.

Pero ademais de ser obxectos consumidos dentro dunhas relacións económicas, aquelas imaxes posuían outra das características fundamentais das mercadorías no estadio actual do capitalismo: formaban parte dun fluxo que tiña moito máis que ver co desexo que coa necesidade. Na actualidade, os fluxos comerciais son fluxos libidinais, activados en función da creación de desexos. O capitalismo xa non nos vende obxectos, véndenos aspiracións, metas, proxectos, anhelos. Por suposto, isto non quere dicir que non se sigan consumindo alimentos, vivendas ou combustibles, pero mesmo os obxectos que responden a necesidades básicas aparecen asociados a determinados desexos. Eliximos uns alimentos e non outros en función dunha serie de códigos cul-



Internacional

La «Angelina Jolie kurda» muere luchando contra Daesh

» Asia Ramazan Antar, que mostraba un fuerte parecido con la estrella de Hollywood, era parte de la Unidad de Protección Femenina, el escuadrón formado por mujeres del YPG

10 Compartir Compartido 5.1k veces

Titular do xornal ABC do 9 de septembro de 2016 anunciando a morte de Asia Ramazan Antar, que foi bautizada pola prensa como a "Angelina Jolie kurda" e cuxas fotografías foron enormemente difundidas nas redes sociais.



turais que foron asignados polo capitalismo e que nos din que ese obxecto é capaz de satisfacer os desexos previamente creados de alimentarnos con comida caseira, sa ou saciante, por exemplo.

Nese fluxo libidinal que é o mercado, os corpos son unha das principais mercadorías. O capitalismo sempre consumiu corpos racializados e escravizados, pero ao longo da súa historia foi incrementado as formas nas que o facía e estendéndoo a outros sectores sociais. Neste movemento de extensión e profundización das súas intervencións sobre os corpos, o capitalismo tivo como principais aliados ao patriarcado e ao racismo. Estes dous sistemas de crenzas, baseados na consideración de determinados corpos como inferiores a outros, proporcionaron a cobertura ideolóxica para a intervención do capitalismo sobre corpos racializados e sobre corpos lidos como mulleres. Estes corpos inferiores podían ser torturados, explotados, intervidos e asasinados de forma lexítima, na medida en que non eran considerados suxeitos das relacións económicas, senón obxectos. Non importaba que en moitos casos fosen os produtores das mercadorías que se comercializaban: nin sequera o papel de produtores convertíanos en suxeitos nas relacións de produción. Eran simplemente unhas mercadorías producindo outras.

Esta conxunción de patriarcado, racismo e capitalismo é moi evidente no caso das imaxes das guerrilleiras kurdas, pero tamén nas doutras mulleres participantes en conflitos armados. Desposuídas da súa capacidade de ser suxeitos e con corpos cualificados de desexables polos códigos culturais do capitalismo racista e patriarcal, as súas imaxes son consumidas en relacións económicas ás que son alleas e que enriquecen a enormes empresas transnacionais situadas nos países occidentais.

Na creación dos códigos culturais que fan desexables aos corpos das guerrilleiras tiveron unha gran responsabilidade as ideoloxías de esquerda, que promoveron unha sorte de fetichismo da muller armada. As mulleres armadas non eran uns soldados máis, eran corpos desexables en tanto que excepcionais, perigosos e prohibidos. Non é difícil ver o patriarcal deste desexo: as armas pertencen aos homes, así que as mulleres que as tocan están transgredindo unha normal social, excitan o desexo dos homes porque usurpan algo que non lles pertence. Dalgunha maneira sería similar ao desexo que espertan as lesbianas, que se apropian de algo que é propiedade dos homes. Por suposto, isto sucede só no caso de que o fagan momentáneamente e en función da mirada masculina, sen politizalo nin abandonar o que socialmente se entende como feminidade. Máis aló das fantasías do porno lésbico feito para homes heterosexuais, as lesbianas só reciben o desprezo do patriarcado, que as ve como unha ameaza. Da mesma forma, un grupo de mulleres armadas, politizadas e que non responda ao que a norma social entende como feminino esperta moitos medos patriarcais e ningún desexo.

Esta complicidade non só deuse desde a esquerda occidental, senón tamén desde moitas das guerrillas e os movementos de liberación aos que pertencían estas mulleres. As imaxes das guerrilleiras difundíanse máis facilmente, polo que en moitas ocasións foron aproveitadas pola propia guerrilla para dar a coñecer a causa que defendía. As mulleres guerrilleiras quedaban así atrapadas entre varios dispositivos patriarcais: o machismo diario que tiñan que sufrir dos seus propios compañeiros, a utilización da súa imaxe para difundir a causa pola que se loitaba, a mirada do fotógrafo que as elexía a elas porque as súas fotografías ían ser máis facilmente comercializables e o consumo das mesmas nos países occidentais. Isto é facilmente observable no caso do Kurdistán, onde as fotografías de homes barbudos de aspecto «sospeitosamente» musulmán non conseguirían a atención que recibiron as guerrilleiras, xa que os seus corpos non poden ser convertidos en mercadorías desexables.

Pero ademais de dar a coñecer o movemento, a difusión destas fotografías por parte das guerrillas e os movementos de liberación permite atraer as simpatías de aliados potenciais. Entre eles está a esquerda, debido ao fetichismo da muller armada que comentabamos antes, pero tamén unha parte do feminismo hexemónico, que quixo ver nesas fotografías un símbolo do progreso de pobos considerados atrasados respecto de Occidente. Os prexuízos racistas impedían ver unhas relacións de poder enormemente complexas, que facían que a difusión daquelas fotografías falase moito máis da dominación das mulleres que do seu empo-

deramento, independentemente de que a loita das guerrilleiras kurdas si fose produto dese empoderamento.

Ao capitalismo non lle pos: a construción do inimigo e a paralización dos fluxos libidinais.

O dispositivo capitalista, patriarcal e racista que permite converter en mercadoría os corpos das mulleres armadas non funciona sempre. Non todas as guerrilleiras son susceptibles de converterse en obxecto de desexo por parte dos consumidores. Cando as mulleres pertencen a un grupo social que foi designado como inimigo, os fluxos libidinais do mercado paralízanse. Non se pode vender como obxecto de desexo o que antes vendeuse como obxecto de odio.

Posiblemente o mellor exemplo neste sentido son as mulleres con hiyab. A pesar do seu protagonismo en loitas sociais recentes, como as primaveras árabes, as súas fotografías apenas apareceron nas nosas redes sociais, e cando o fixeron non foi como corpos erotizados. Coa excepción dalgúns feminismos non hexemónicos, como o feminismo islámico, a aparición de mulleres con hiyab adoita ir acompañada de textos que denuncian o uso do veo islámico como un dispositivo de dominación patriarcal e como un símbolo do atraso dos países de maioría musulmá. A islamofobia e o racismo silencian as voces das feministas musulmás, que repiten unha e outra vez que levar o hiyab é unha elección e que pode ser un elemento de loita moi potente, na medida en que simboliza identidades fortemente oprimidas, como a da muller migrada que profesa o Islam no contexto racista e colonial das sociedades occidentais. Como sinala a pensadora e activista Sirin Aldbi Sibai no seu ensaio O cárcere do feminismo. Cara a un pensamento islámico decolonial, o racismo insiro no pensamento feminista hexemónico en Occidente fai que este reproduza actitudes patriarcais e convértase en opresor, por exemplo cando nega a posibilidade de conxugar feminismo e Islam ou rexeita as leturas feministas do Corán, repetindo así dúas teses fundamentais do patriarcado dos países musulmáns.

Imaxe de Leila Khaled en 1972



Esa paralización dos fluxos libidinais do mercado a partir da construción do inimigo islámico pódese ver moi ben cando comparamos fotografías de guerrilleiras árabes en dous momentos históricos diferentes. Nos anos setenta e oitenta, as imaxes da loitadora palestina Leila Khaled tiveron unha enorme difusión no noso país. Aínda que non existían as redes sociais, as fotografías de Khaled vestida de guerrilleira e portando un fusil difundíronse en numerosas revistas de esquerdas e foron utilizadas en carteis e pósteres. A similitude das imaxes coas que protagonizan as guerrilleiras do Kurdistán é evidente, tanto na vestimenta como na actitude e o feito de aparecer con armas. Hai semellanzas mesmo no uso do pano: nas imaxes en que aparecen coa cabeza cuberta, é só parcialmente e con teas que forman parte da tradición cultural dos diferentes lugares, o pano palestino no caso de Khaled e o pano escuro con estampado de flores típico dalgunhas zonas do Kurdistán no caso das guerrilleiras kurdas. En moitas das imaxes, a forma en que se cobren podería ser perfectamente compatible co uso do veo que fan moitas mulleres musulmás, pero, na medida en que non responden o estereotipo islamófobo do que debe ser

unha muller musulmá con hiyab, non son vistos como parte da cultura islámica. Como vemos, o mecanismo de mercantilización e erotización dos corpos das guerrilleiras non é nada novo, pero si se modificou o lugar de procedencia destes corpos. As mulleres de países de maioría musulmá deixaron de ser un obxecto de desexo. Cando se produce a mercantilización é porque non responden o estereotipo do que é unha muller musulmá para un occidental. Isto sucede coas guerrilleiras kurdas —como dixemos, os kurdos son de maioría musulmá— pero tamén coas palestinas. As poucas imaxes que se difunden nas redes mostran a mulleres vestidas con roupas que nós consideraríamos occidentais e que se cobren a cabeza dunha forma que nós identificariamos coa esquerda antisistema. Non importa que en realidade leven o hiyab debaixo, como pode apreciarse en moitas fotografías: o importante é que non son vistas como parte desa construción social que é o inimigo islámico e por tanto poden ser mercantilizadas e erotizadas. O resto de mulleres palestinas só aparecen nas fotografías como vítimas, como suxeitos pasivos que sofren os malos tratos das forzas de ocupación israelís.



(1) Fotografías de mulleres palestinas difundidas nas redes sociais

(2) Mulleres con hiyab presentadas invariablemente como vítimas e suxeitos pasivos.

Outro exemplo que tamén mostra moi ben como a construción do inimigo impide a mercantilización erotizada dos corpos é o caso das militantes de ETA. As mulleres pertencentes a este grupo armado nunca apareceron como obxecto de desexo en revistas, xornais e carteis, como si o fixeron as que formaban parte doutros grupos armados de países occidentais. Neste sentido, resulta moi interesante unha comparación co caso do IRA, cuxas integrantes femininas si aparecen en numerosas fotografías difundidas nas redes sociais. A pesar de que se trata de dous grupos armados con moitas similitudes en canto a reivindicacións e forma de loita, as mulleres de ETA non son obxecto do desexo mercantilizado dos usuarios das redes sociais, pero si as do IRA. Por suposto, é indubidable que a represión atroz exercida polo Estado español é un elemento moi importante a ter en conta —compartir unha foto dunha militante de ETA nas redes sociais pode levarche ao cárcere—, pero tamén é certo que existe unha clara construción de ETA como o inimigo interno fronte ao que se levantou a democracia e o Estado de dereito. Ao ser parte dun grupo que debe ser odiado, as imaxes das mulleres pertencentes a ETA non poden ser erotizadas.

O estereotipo que se construíu sobre elas identifícaas como mulleres masculinas, feas e violentas, é dicir, como mulleres que foron expulsadas da feminidade e que presentan características propias dos homes. Este estereotipo esténdese de feito ás mulleres da esquerda abertzale —ás que se ridiculiza polo seu corte de pelo, a súa roupa ou por ser pouco «femininas»—, e mesmo ao conxunto das mulleres vascas.

A única excepción neste sentido é o caso de Idoia López Riaño, á que a policía alcumou co sobrenome de «A Tigresa». A ningún se lle escapan as connotacións sexuais dese alcume, que a policía decidiu utilizar a pesar de que en ETA era coñecida como «Margarita». As fotografías de López Riaño foron obxecto dunha forte mercantilización erótica na prensa, que as acompañaba de textos con referencias á súa vida sexual e á súa suposta «sede de sangue». Dalgunha maneira, López Riaño encarnaba o arquetipo



Militante do IRA, 1970.

da vampira, a muller fermosa e feitizante pero sanguinaria, perigosa e violenta. Atribuíanlle mesmo unha relación persoal cun garda civil, o que encaixaba perfectamente con este arquetipo: enfeitizado pola beleza da etarra, o garda civil durmía cada noite co perigo que supoñía aquela muller sedenta de sangue. Con todo, o caso de López Riaño constitúe unha excepción nunha longa historia de ridiculización e desprezo do que se asociou coa estética vasca ou abertzale. As mulleres de ETA non eran obxecto de consumo erótico porque eran mulleres desnaturalizadas e masculinizadas, que presentaban características propias dos homes. A clave para non erotizalas non estaba en que non se estivese dacordo coas súas ideas ou a súa forma de actuación, xa que cando se comparten as fotos nas redes sociais ninguén se detén a reflexionar sobre isto. A clave estaba no patriarcado.

Ojos verdes y un historial sangriento



EL PAÍS

23 MAY 1998

Una mujer alta, atractiva, de grandes ojos verdes y un pasado lleno de muerte. Idoia López Riaño nació en San Sebastián el 19 de marzo de 1964. Hija de emigrantes salmantinos, se crió en Rentería (Guipúzcoa) y heredó de su madre la simpatía por HB.A los 18 años empuñó su primera pistola y se integró en un comando legal (no fichado) de ETA. Su leyenda creció al ritmo vertiginoso de sus crímenes. Incluso se le atribuyó un romance con un guardia civil que descubrió por la prensa que su novia era buscada por militar en ETA y haber matado a tres personas. Las primeras de una lista de 23.

Noticia publicada en El País o 23 de maio de 1998.

Pasamontañas e hiyabs. Matar o colono e ao machista que levamos dentro.

Como vimos máis arriba, non todas as imaxes de mulleres armadas son susceptibles de ser convertidas en obxectos de desexo. Na medida en que quedan fóra da mercantilización, esas identidades poden converterse en espazos desde onde artellar a resistencia, xa que non son asimilables polos fluxos do capitalismo. Neste sentido, o hiyab convértese nun símbolo cun enorme potencial para a loita, como repiten incesantemente as feministas islámicas. Outro exemplo moi interesante nesta mesma liña sería o uso do pasamontañas e a roupa non occidental por parte das mulleres do EZLN. Ao optar por un tipo de roupa que impide que a súa imaxe sexa mercantilizada polo capitalismo racista e patriarcal, evitan ser convertidas en obxectos e poden permanecer como suxeitos, mantendo unha capacidade moito maior de control sobre a súa propia forma de presentarse ao mundo. Son elas as que deciden como queren ser vistas, non o consumidor que fai virales as súas fotografías nas redes sociais.

Por suposto, isto non quere dicir nin moito menos que as guerrilleiras kurdas ou calquera outra muller cuxa imaxe é erotizada e mercantilizada fixese nada mal. A única responsabilidade desa mercantilización téñena aqueles que participaron nos fluxos do mercado, xa sexa como produtores, como consumidores ou como intermediarios. En tanto que convertidas en obxectos desa relación mercantil, as mulleres non poden decidir como van ser utilizadas ou onde van ser difundidas as súas imaxes. As guerrilleiras kurdas non poden saber que encadre van elixir os fotógrafos que envían as axencias de prensa, que fotos van seleccionar os xornais, que textos van acompañar as noticias ou que comentarios vanse colgar á beira das imaxes nas redes sociais. Elas non teñen por que ocuparse diso, a situación que están a vivir xa é demasiado dura para aínda por riba ter que atender as nosas fantasías racistas e patriarcais. Con todo, é interesante analizar diferentes estratexias que dificultan a asimilación, como o uso do hiyab, o pasamontañas ou as roupas non identificadas como occidentais, xa que teñen un potencial enormemente desestabilizador para o sistema.

Como posibles consumidores destas imaxes, somos nós os que temos a responsabilidade de evitar a reprodución da violencia patriarcal, racista e capitalista que supón a súa difusión. Para iso, basta con non participar diso

nas redes sociais nin consumilas nos artigos e noticias que as utilicen, e por suposto, non acompañalas de textos machistas e racistas. Isto non quere dicir que non se poida utilizar ningunha imaxe na que aparezan mulleres portando armas, pero si que hai que descolonizar e despatriarcalizar a nosa mirada para que poidamos seleccionar aquelas que non implican violencia sobre as mulleres. Non elixir as fotografías en función do que se acheguen os seus protagonistas aos nosos canons de beleza, evitar o fetichismo da muller armada, primar as fotografías grupais sobre as individuais ou seleccionar as imaxes en función do seu interese e non do seu valor estético son algunhas posibles indicacións, entre moitas outras. O verdadeiramente importante é acabar cos rumbos patriarcais e coloniais do noso pensamento, así como coa reprodución acrítica das relacións capitalistas. Non sempre poderemos abandonar estas últimas, pero si saber cando estamos inmersas nelas e cando non, independentemente de que haxa un intercambio directo de bens e diñeiro ou de que este se produza de forma indirecta, como sucede nas redes sociais. Ademais, o que si podemos facer en calquera caso é matar o colono e ao machista que levamos dentro. Un mundo mellor agarda detrás desa pila de cadáveres.

Layla Martinez



(1)Encontro de mulleres zapatistas en La Garrucha, Chiapas, no ano 2007.

(2) Primavera árabe en Exipto, 2011

Bibliografía

Aldbi Sibai, S. (2016) La cárcel del feminismo. Hacia un pensamiento islámico decolonial. México DF: Akal.

Dussel, E. (2003). “Europa, modernidad y eurocentrismo”, en E. Lander (comp.). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas latinoamericanas.

—(2016) Filosofías del sur. Descolonización y transmodernidad. México: Akal.

Espinosa Miñoso, Y. (2016). “Y la una no se mueve sin la otra. Descoloniedad, antirracismo y feminismo. Una trieja inseparable para los procesos de cambio” en Revista venezolana de estudios sobre la mujer. Enero-Junio 2016, nº 46, pág. 47-64

Fernández Porta, E. Eros. La superproducción de los afectos. Anagrama. Barcelona, 2010

Illouz, Eva (2010) Intimidades congeladas. Las emociones en el capitalismo. Madrid: Katz

Lipovetsky, G. (2007). La felicidad paradójica: ensayo sobre la sociedad de hiperconsumo. Barcelona: Anagrama

Lyotard, J. (1990). Economía libidinal. Buenos Aires: FCE

Santacruz Castillo, U. (2014) “Violencias interseccionales y migración”. Ponencia presentada en el II Congreso de Estudios poscoloniales y III jornadas de Feminismo poscolonial. Buenos Aires.

Segato, R. (2017). La guerra contra las mujeres. Madrid: Traficantes de sueños.

—(2013). La escritura en el cuerpo. Buenos Aires: Tinta Limón.

Valencia, S. Capitalismo gore. Melusina. Barcelona, 2010

Entrevista a Rojava Azadi

No noso boletín mensual decidimos adicar o número 13, correspondente ao mes de novembro de 2016, á loita das compas dos territorios do Kurdistán, facendo un especial monográfico con distintas achegas e opinións sobre esa loita, procurando aportar o noso grao de area na difusión dun conflicto co cal sentimos gran solidariedade e afinidade, aínda a pesar das nosas moitas discrepancias e sen esquecer as diverxencias existentes tanto entre os nosos respectivos contextos como entre os nosos distintos xeitos de comprender a loita e as proxeccións revolucionarias. Consideramos que con todas as críticas que se poderían facer, as compas kurdas están levando a cabo un proceso revolucionario admirable e moi digno, cheo de posibilidades e que está ademais comprometendo seriamente os movementos occidentais no taboleiro xeopolítico. Por iso parécenos importante facernos eco desas loitas e tentar facer un esforzo por achegarnos e comprender os seus pormenores.

Agora para o noso novo número da revista tivemos a idea de entrevistar ás compas do colectivo Rojava Azadi de Madrid, un colectivo autónomo e antiautoritario de solidariedade coa revolución kurda e que desenvolven un excelente e valioso traballo na difusión e análise de devandito conflicto. Agradecemos enormemente ás compas de Rojava Azadi que accedesen a respostar ás nosas preguntas, e que o fixeran dun xeito que nos parece moi completo. Agardamos con isto ter contribuído un pouco máis á difusión da loita das compas kurdas e a incentivar se cadra o xurdimento de novos proxectos de solidariedade.

Hola, compañeiras. Gustaríanos antes de nada agradecervos o voso tempo e enerxía ao contestarnos a estas preguntas e permitirnos coñecer un pouco mellor vosa labor e o voso colectivo. Para empezar, podedes falarnos de Rojava Azadi? Cando xorde o colectivo? Que vos levou a un grupo de persoas de Madrid a organizarvos para comezar a poñer en marcha a solidariedade co pobo kurdo e o seu proceso revolucionario?

O proxecto ten as súas raices na manifestación que se organizou en Madrid en novembro de 2014 en solidariedade coa resistencia da cidade de Kobanê, que estaba a sufrir o asedio do Daesh (ISIS).

Na manifestación confluímos cun recentemente formado comité de solidariedade coa loita do pobo kurdo, e algunhas militantes anarquistas empezamos a participar no devandito espazo. Desgraciadamente atopámonos cunhas dinámicas que non encaixaban coas nosas traxectorias antiautoritarias, e as diferenzas metodolóxicas e ideolóxicas abocáronnos a formar un colectivo autónomo, que nos permitise falar sen filtros nin directrices sobre o proxecto de Rojava e as ideas do Confederalismo Democrático que propón o pobo kurdo.

Tras uns meses traducindo textos de aquí e de alá, fascinadas con este descoñecido pobo sen Estado que loitou durante séculos para manter a súa autonomía e a súa identidade, vimos a necesidade de preparar unha primeira viaxe a Kurdistán para presenciar o que alí acontecia, e poder así contrastar a información que íamos acumulando das traducións que publicabamos. Coa chegada da primavera de 2015, aproveitan-



do para vivir o Newroz [ano novo de varias etnias de Oriente Medio, a kurda entre elas, que se celebra a partir do 21 de marzo], un pequeno grupo lanzouse á aventura con intención de coñecer e documentar de primeira man a situación en Kurdistán. Ao volver, convencidas polo que viramos de que era unha loita que merecía a pena apoiar sen reparos, naceu de maneira oficial o colectivo Rojava Azadî. Elaboramos un breve texto de presentación que a día de hoxe sufriu poucos cambios e que podedes ler na nosa web na pestana de "Quen somos" (poderiamos transcribilo aquí pero por temas de espazo mellor que entredes na web).

Como traballa o voso colectivo no día a día? Que tipo de actividades realizades? Estades abertas a novas incorporacións ao colectivo?

Rojava Azadî somos un pequeno colectivo asembleario, plural e aberto, que aglutina individualidades unidas polo interese común na loita dos pobos de Kurdistán. Inspiradas polo proxecto político e social que alí promoven baixo o paradigma de Confederalismo Democrático, buscamos desenvolver unha incidencia local no ámbito de Madrid á vez que promovemos que se xeren grupos locais noutras cidades e rexións. Buscamos así conformar sinerxias con outros colectivos e organizacións afíns que poidan ter interese na revolución social de Rojava e nas ideas que expoñen en Kurdistán. Traballamos principalmente en base a 4 liñas:

—A primeira delas consiste en filtrar, traducir e publicar información relevante sobre a actualidade de Kurdistán, así como análises, entrevistas ou vídeos, que imos acumulando no noso blogue e difundindo a través de redes sociais. Tratamos de ofrecer unha visión ampla do conflito para que cada persoa poida crear a súa propia opinión respecto diso, e é por iso que as nosas publicacións proceden de fontes diversas e que non sempre representan a visión do colectivo.

—A segunda, consiste na formación mediante charlas, seminarios e proxección de documentais, que tratamos de realizar en todas as cidades e pobos que así o soliciten. É a nosa intención que estas charlas e proxeccións constitúan unha ferramenta de debate e reflexión sobre a cuestión Kurda.

—A terceira é a xestión da distribuidora de materiais culturais para ampliar a información sobre a loita do pobo kurdo e o proxecto político e social que propoñen, como libros e fanzines, ademais de camisetas, kufiyas, bandeiras... Esta distribuidora ademais serve para autoxestionar o propio colectivo.

—Por último procuramos dinamizar a mobilización social en apoio a Kurdistán, promocionando actos e organizando campañas, tecendo redes... tamén tratamos de dar visibilidade ás mostras de solidariedade e ás iniciativas que xorden ao longo do globo en solidariedade coa loita dos pobos de Kurdistán.

O colectivo está aberto a incorporacións e a colaboracións, xa que somos poucas e hai moito traballo que facer, pero en lugar de tratar de aglutinar a solidariedade nunha gran plataforma unitaria, tentamos promocionar que xurdan grupos locais cos que coordinarnos a nivel confederal. Apostamos por estruturas en rede baseadas na horizontalidade e a descentralización, que desafíen as xerarquías imperantes e que funcionen en base á confianza entre persoas e a afinidade entre grupos.

O ano pasado, algunhas de nós viaxamos a Madrid para o Encontro do Libro Anarquista realizado como cada ano en decembro, no centro social okupado 13-14 de Vallecas. Alí puidemos asistir a unha charla de dous membros do voso colectivo que nos falaron da loita no Kurdistán e da súa experiencia ao viaxar alí temporalmente, e a min persoalmente pareceume abraiante, xa que a idea que teño é a dun territorio en guerra onde calquera paso en falso pode saír moi caro, e o valor requirido para atoparse fronte a fronte con algo así é moi elevado. Como valorades esa experiencia alá? Que credes que vos achegou, como activistas solidarias e como persoas?

As viaxes sobre o terreo teñen para nós varias dimensións. Por unha banda un achegamento á realidade que hai no territorio, que nos axuda a entender de forma máis realista cales son as necesidades que existen e cal é a mellor maneira (dentro das nosas posibilidades) de desenvolver a nosa solidariedade. Posibilita un achegamento aos colectivos e organizacións, que nos dan acceso a informacións e contactos directos moi necesarios para diferentes proxectos, facilitando que sexan os propios colectivos os que formulen peticións aos grupos de apoio internacionalistas. Do mesmo xeito axuda a corroborar a

realidade, a non idealizar ou facer críticas infundadas aos proxectos que alí se dan, e a profundar e mellorar a nosa compresión sobre os movementos, os seus modos de organización e os seus fundamentos políticos. Os exemplos que extraemos achegan información moi valiosa que nos serven para poder ofrecer unha información veraz e actualizada, que é a columna vertebral do noso labor internacionalista.

Pero as viaxes a zonas de conflito supoñen sempre un alto risco, tanto para a túa propia persoa como para as persoas que che acollen e apoian, tanto alí como no teu Estado de orixe. En varias ocasións fomos testemuña ou protagonistas de graves perigos debido á mala xestión de situacións de risco, por falta de información ou precaución, polo que queremos facer unha crítica severa a aquelas persoas que marchan sen a información básica pertinente sobre a cultura, os costumes, a xeografía, a situación política ou o contexto social; ou sen contactos sobre o terreo que faciliten o seu labor. Así mesmo é importante recalcar a necesidade de levar un proxecto claro, que reverta tanto ás persoas que fan a viaxe como ao propio movemento, viaxar a zonas de conflito só por "ver que se coce" é unha postura que a maioría das veces non só é inoperante senón tamén perigosa. Con esta reflexión non buscamos obstaculizar as iniciativas de compañeiros ou colectivos, senón só recalcar que a preparación previa é tan importante e indispensable como a propia viaxe.

Viaxar, coñecer, aprender, compartir, sempre son experiencias vitais que nos axudan a medrar como persoas, as viaxes que fixemos a esta rexión do mundo supuxeron para nós un crecemento persoal grandísimo e xerounos fortes autocríticas aos nosos modelos de organización e de pensamento, ampliando a nosa mirada política e ofrecéndonos perspectivas e métodos que doutro xeito serían difíciles de alcanzar. Do mesmo xeito desexamos recalcar que a solidariedade internacional e as viaxes para coñecer e apoiar outros movementos no mundo amplían as nosas perspectivas e achégannos a unha loita necesariamente (aínda que non principalmente) máis global contra un sistema que mundialmente nos oprime e afecta a todas, aínda que sexa en formas e intensidades moi diferentes.

Gustaríanos preguntarvos tamén polas diferenzas grandes e pequenas que existen entre o movemento antiautoritario como o concibimos sempre aquí, en Europa ou en Occidente, e o movemento revolucionario kurdo. Por exemplo, parécenos curioso que aquí o anarquismo sempre estivo unido a propostas antiestatistas, autónomas e apartadas de calquera partido político. Con todo, o PKK, un partido de raíz marxista-leninista, derivou a postulados que beben das propostas do libertario Murray Bookchin e agora eses postulados dirixen un proceso revolucionario admirable e de grandes posibilidades. Como valorades vós isto? Que diferenzas reseñables observades entre os movementos revolucionarios de corte libertario aquí e o proceso revolucionario kurdo?

Hai diferenzas e hai semellanzas, aínda que hoxe en día a principal diferenza atópase, por dicilo dalgún modo, no tamaño. Os movementos revolucionarios que podemos atopar en Europa e en Occidente en xeral adoitan ser marxinais e de proporcións modestas, xa que na abundancia que proporciona a Modernidade Capitalista é difícil lograr grandes masas críticas capaces de cuestionar profundamente as estruturas do sistema que nos rodea. É soamente desde as marxes do Estado de benestar, onde as clases desposuídas dos luxos e mesteres que prové o capitalismo, que podemos imaxinar unha sociedade distinta, tratando de operar desde os puntos cegos do Gran Irmán da sociedade videovixilada na que nos atopamos.

Esas marxes da sociedade é onde habitou o pobo kurdo este último século, que empezaron a ser considerados apátridas na súa terra como resultado das fronteiras trazadas por Occidente tras o desmembramento do imperio otomán. Os colonizadores negaron o status de Estado ao que aspiraban os xerarcas patriarcais das tribos kurdas, que viron as terras onde habitaban os seus clans divididas polas fronteiras de varios Estados occidentais, Estados que gozaban de lexitimidade avalada polo poder militar dos vencedores da Gran Guerra -que en poucos anos pasaría a coñecerse como a I Guerra Mundial-.

Tras anos de revoltas e insurrecións, iniciouse nos anos 70' o que será o xerme do movemento que podemos ver hoxe: o PKK (Partido dos Traballadores do Kurdistán). Neses anos de mundo bipolar, o movemento kurdo vertebrouse arredor das teorías socialistas de liberación nacional, que se

expandían polo mundo reverberando na esfera soviética. Como a maioría de movementos populares que apostaron pola loita armada para librarse da opresión colonial, atoparon no marxismo unha fonte de inspiración teórica que lles abocou á creación de partidos revolucionarios. O pobo kurdo, nómade e habitante de montañas escarpadas carentes de industrialización, atopou tamén referentes na guerra campesiña que viviu a China popular.

Baixo o liderado de Abdullah Öcalan, fundador e ideólogo do PKK, o partido combinaba a formación militar coa formación política, que a miúdo comezaba por ensinar a ler e escribir a persoas analfabetas que se unían á guerrilla abocados pola brutalidade do exército turco, que aterrorizaba á poboación kurda con encarceramentos, torturas e asasinatos, así como queimando aldeas. Fóra das fronteiras de Turquía a situación non era moi distinta, cousa que significou que o pobo kurdo non se vise oprimido por un Estado, senón por catro, feito que propiciou unha comprensión máis ampla do Estado que a maioría de partidos revolucionarios que aspiran a unha liberación nacional, que se consolidaban combatendo un só Estado. O PKK viviu como catro Estados (a miúdo enfrontados entre si) oprimían ao pobo kurdo e combatían as súas guerrillas, e iso achegoulles a unha concepción do Estado como un mero monopolio da violencia. Outro factor que foi determinante na evolución ideolóxica deste peculiar movemento é a influencia da loita das mulleres kurdas, que formaron parte do movemento desde a mesma fundación do partido.

Tras a detención e encarceramento do presidente do partido por parte do Estado turco e outros Estados a finais do 1998, o partido envórcase cara adentro. O illamento de Öcalan abócalle a unha análise profunda do percorrido do movemento e a procura de novas formas de enfocar a cuestión kurda, o que xera unha síntese de toda a teoría e a práctica despregada polo PKK. Á hora de elaborar a súa defensa ante o xuízo ao que lle somete o Estado turco, podemos ver a enorme cantidade de libros dos que Öcalan imprégnase na súa cela, e que perfilan o proxecto político que propoñen. Ademais da loita pola liberación da muller como prioridade absoluta do movemento revolucionario, destaca tamén a proposta dunha sociedade sen Estado, influenciada pola Ecoloxía



Social de Murray Bookchin, coñecida tamén como Municipalismo Libertario.

Dicir que o movemento pola liberación dos pobos de Kurdistán é anarquista ou antiautoritario non sería preciso, xa que propoñen un sistema de gobernanza popular baseada nas asembleas populares en coordinación con partidos políticos. Podemos falar dun socialismo libertario, dun proxecto de sociedade antiestatista, sostido por unha economía cooperativista e que busca a descentralización de poder e riqueza. Máis de corenta anos de traxectoria convertéronlles nun movemento profundamente pragmático e realista, que practica a propaganda polo feito e o apoio mutuo. O movemento ten unhas raíces moi profundas na sociedade, tanto dentro como fóra de Kurdistán (a diáspora kurda que viu o seu exilio forzado polas guerras esténdese por todo o mundo), e a súa proposta aspira a transformar a sociedade de abaixo a arriba.

Militantes de Kurdistán referenciaron o movemento revolucionario que viviu a España do 36' como referente, sobre todo en canto ao modelo produtivo cooperativista, e ven na CNT un referente revolucionario valioso do que aprenderon moito. Pero sen dúbida iso queda lonxe de calquera movemento que podamos atopar hoxe en día en Occidente. Aquí tratamos de construír un movemento revolucionario en base a unha ideoloxía libertaria, alí dotaron de ideoloxía libertaria un movemento que leva décadas desenvolvendo unha práctica revolucionaria. As diferenzas políticas son en gran medida produto da diferenza de escala dos distintos retos aos que nos enfrontamos: aquí estamos a pelexar para politizar unha sociedade desenvolvida, alí están a loitar para desenvolver unha sociedade politizada.

Na mesma charla que mencionamos na pregunta anterior, lembro que unha das vosas compañeiras mencionaba as grandes diferenzas existentes entre o movemento das mulleres kurdas e os movementos feministas occidentais, sinalando varias separacións e distancias que dificultaban en certo xeito un intercambio de experiencias ou un achegamento de posturas. Que podedes contarnos sobre isto? Que diferenzas vedes e que conclusións sacades diso? Pódese axudar ás compañeiras kurdas desde aquí, aínda que sexa desde unha posición de aliadas e tratando de superar o paternalismo eurocentrista?

A principal diferenza é que as mulleres kurdas non definen o seu movemento de liberación da muller como Feminismo, senón que crearon unha nova e ampla teoría política denominada Jineologî, a ciencia da muller, xa que entenden que o Feminismo foi unha gran achega teórica pero non foi suficiente á hora de desenvolver unha práctica social. Adoitan dicir que "o Feminismo non é suficiente".

O campo da Jineologî enfócase en traballar tanto a práctica como a teoría. Trabállase a intelectualidade (teorías e discurso), a política, a sociedade e a autodefensa baixo o lema "a sociedade non pode ser libre se as mulleres non son libres". No campo teórico, este lema pretende eliminar o sexismo que existe na ciencia, enfocándose sobre todo nas chamadas "ciencias sociais", creadas por e para as estruturas do Estado, o sistema patriarcal e a dominación. Para iso é necesario crear "as ciencias libres" a partir de discusións e análises das bases que sustentan o coñecemento científico que recoñecemos, procurando eliminar da sociedade aos opresores, é dicir, a mentalidade do "macho dominante" e, en consecuencia, aos oprimidos. En canto á práctica, o movemento de mulleres estableceu un contrato social que busca erosionar o patriarcado existente na sociedade con diferentes medidas, como o sistema de cotas que non acepta como válida ningunha organización ou asemblea que non conte con paridade de xénero; ou o modelo de co-presidencias, que significa que todos os cargos de portavocías e representación están compostos por un home e unha muller.

Entenden que esas medidas equitativas serían suficientes nunha sociedade equitativa, pero antes hai que reverter máis de 7000 anos de civilización patriarcal, e por iso o movemento de mulleres kurdas dotouse de institucións propias e autónomas na sociedade civil, espazos non mixtos onde as mulleres traballan para erradicar o modelo patriarcal. Buscan consolidar o movemento nos catro territorios en que os Estados-Nación dividiron Kurdistán, consolidando diferentes institucións seguindo un modelo: Unha gran organización político-social de mulleres, formada por delegadas de todo o territorio e organizada por comisións de traballo; unha organización xuvenil, que outorgue autonomía á mocidade para romper a xerontocracia; e unha organización



de autodefensa. En Rojava atopamos nese marco as Kongreya Star como organización nai, Jinên Ciwan como organización de mulleres novas, e as YPJ (Yekitiya Parastina Jin) como organización militar de autodefensa. Outros exemplos prácticos son a organización das mulleres en comunas non mixtas, as cooperativas de mulleres, a loita contra calquera tipo de violencia cara as mulleres, abuso, comercio de mulleres, feminicidio... A unión da práctica e a teoría considérana fundamental, posto que se atopan nunha situación de guerra, onde non só é necesario un exército, senón tamén estruturas que permitan manter a loita a nivel intelectual e que proporcionen á sociedade unha aprendizaxe constante.

A loita da muller kurda ten claro que para crear unha sociedade libre primeiro hai que destruír a mentalidade patriarcal que sostén o modelo de explotación capitalista. Teñen presente o papel da autodefensa da muller e a necesidade de desenvolver unha cooperación entre mulleres de todo o mundo. O eurocentrismo e a prepotencia occidental tenden a xerar un discurso onde as mulleres occidentais cremos estar máis avanzadas que noutras partes do mundo, e onde somos nós as que temos que dar leccións ás demais. Pero o movemento de mulleres de Kurdistán ensínannos que iso non ten nada de certo, e que para construír unha sociedade onde homes e mulleres poidan convivir en igualdade hai que lograr un cambio na mentalidade non só das mulleres, senón tamén dos homes. Un bo exemplo disto son as academias para a reeducación dos homes, onde podemos atopar cursos para extirpar a mentalidade de dominación patriarcal. Ditas formacións teñen unha duración de nove meses onde se imparten sesións de historia e diversas ciencias sociais desde a óptica da muller. Para acceder ás academias de mulleres onde se imparten, os homes teñen que redactar unha carta de presentación que expoña por que queren participar nestes cursos. Algo así soa inimaxinable na nosa sociedade.


Isto lévanos a reformularnos a maneira de como poder axudar. No marco teórico a axuda podería definirse como cooperación: están a axudarnos a reformularnos os Feminismos á vez que elas beben de toda a teoría feminista occidental, elaborada na súa maioría por mulleres brancas de clase acomodada, pero que na actualidade, cos Feminismos da terceira onda, expón debates e propostas transcendentes para as mulleres de todo o mundo. Ademais, a vida acomodada de Occidente proporciónanos máis estabilidade e comodidade que a convulsa e axitada situación que se vive en Kurdistán. Iso debería ser motivo máis que suficiente para implicarnos nos debates que expoñen, pero o factor máis importante é que só un grupo de mulleres illado non poden facelo todo soas, e é indispensable a nosa complicidade para lograr que os discursos e as propostas que expoñen poidan chegar ás mulleres (e homes) da nosa sociedade. Dar a coñecer o empoderamento destas mulleres é fundamental, pero é importante ter en conta que a difusión dos medios de comunicación de masas en Occidente, habituados a unha exposición patriarcal acorde coa sociedade na que vivimos, a miúdo desvirtúan e distorsionan a imaxe destas mulleres. É importante comprender a realidade que alí viven e non caer na simplificación anecdótica que puidemos atopar en numerosos medios. A súa loita vai moito máis alá da espectacularidade da nova e exótica muller kurda cunha AK-47 combatendo o sanguento califato do DAESH. É importante comprender o que están a facer e como o están facendo, porque elas non combaten soamente para defenderse, senón para a emancipación de todas as mulleres, e como dicía unha muller loitadora das YPJ “Se todas as mulleres do mundo viñesen aquí a combater, a guerra rematarı́a moito antes”.

Persoalmente, mantiven contacto cun compañeiro de DAF, organización anarquista turca, de xeito efémero, e naquela ocasión, o compa situábase totalmente a favor da loita das compañeiras kurdas pola súa dignidade e emancipación, e polo recoñecemento do status do seu pobo, aínda que obviamente coas súas críticas e discrepancias. Aquel feito fíxome xurdir dúbidas e por iso quero preguntarvos: Desde o voso punto de vista, como é a relación entre o movemento anarquista e/ou a esquerda revolucionaria turca e o movemento revolucionario kurdo? Existen complicidades, colaboración?

Por desgraza non tivemos contacto con organizacións da esquerda revolucionaria turca e a nosa experiencia coas organizacións anarquistas turcas son dispares segundo a persoa ou colectivo. En xeral os colectivos anarquistas autónomos cos que tivemos relación, non adoitan ter un







contacto ou apoio directo ao movemento kurdo. Coinciden ou están dacordo en posturas e métodos, pero tamén teñen dúbidas ou críticas cara a súa ideoloxía ou formas de actuar. A solidariedade cara o movemento kurdo sucede de forma puntual e moitas veces a nivel individual mais que grupal. Unha destacada formación anarquista que mostra un apoio público e constante é a DAF (Devrimci Anar ist Faaliyet - Acción Revolucionaria Anarquista), unha organización de tipo plataformista. As súas formas de solidariedade principalmente son a difusión, o apoio público, o apoio loxístico sobre o terreo e moitas veces a solidariedade persoal de membros concretos da DAF. Tamén buscan a expansión das súas ideas entre a poboación kurda así como realizar unha crítica construtiva ao movemento. Así mesmo é interesante resaltar que o movemento kurdo ten tamén unha base de individualidades turcas que apoian e traballan na loita, que arriscan, viven e en moitas ocasións dan a súa vida dentro do movemento coa mesma intensidade que os seus compañeiros kurdos.

Unha colaboración destacable que houbo entre os movementos revolucionarios da esquerda turca e o movemento kurdo foi a coalición que se nomeou como Movemento Unido Revolucionario dos Pobos (HBDH polas súas siglas en turco), e que se presentou publicamente en marzo de 2015. Dita coalición foi unha proposta de confluencia auspiciada polo PKK na que se integraron ata 10 organizacións revolucionarias, como MLKP, TKP/ML ou DKP. Houbo algunhas accións que se reivindicaron desde a devandita confluencia, aínda que parece que non tivo maior transcendencia. O fallido golpe de Estado que viviu Turquía no verán de 2016 e o estado de emerxencia que se decretou desde entón foi a escusa que permitiu xustificar unha brutal purga a moitos niveis, e as organizacións revolucionarias víronse desbordadas pola represión desatada polo goberno de Erdogan.

Dentro do pensamento anarquista podemos destacar o KAF, Kurdish-speaking Anarquist Forum, un foro virtual que non busca ser unha organización política senón un espazo de debate e intercambio de ideas soportado na infraestrutura da internet. Dadas as súas condicións non prestou demasiada axuda a nivel loxístico, pero apoiou o proceso a nivel ideolóxico e discursivo, xerando debates e argumentario, así como estendendo a nivel internacional o debate sobre a revolución social que desenvolven en Kurdistán.

Aproveitamos para informar que un compañeiro moi activo da organización DAF, Hüseyin Civan, foi condenado a prisión pola súa actividade militante. Desde aquí queremos expresar a nosa solidariedade co compañeiro secuestrado e con toda a organización.



Tamén quería preguntarvos sobre outro feito que me sorprendeu e fíxome xurdir tamén varias dúbidas. Algunhas fotografías feitas públicas hai un tempo de grupos de combatentes das YPG e as YPJ mostraban bandeiras ou simboloxía relativa a loitas como a liberación animal ou a ecoloxía. Aquí algunhas compas interpretamos que serían símbolos ou ideas levadas alí por compañeiras occidentais solidarias que viaxasen, pero non o teño claro. Entendo que non hai "loitas de segunda", pero tamén entendo que nese contexto expor cuestións como a liberación animal ou a defensa do territorio poida ser mesmo máis complicado e difícil. Quixera saber, credes que existe algunha influencia desas loitas dentro do proceso revolucionario kurdo, ou pola contra trátase de algo máis ben anecdótico e puntual?

Por unha banda o ecoloxismo desde un posicionamento anticapitalista e de defensa do territorio é un dos alicerces básicos do Confederalismo Democrático. A importancia destas ideas no movemento de liberación do Kurdistán vén tanto dunha análise teórica como da experiencia práctica. En canto á análise teórica exponse principalmente nas teses desenvolvidas por Öcalan que beben do ecoloxismo social de Murray Bookchin. Respecto da experiencia práctica hai que ter en conta o gran arraigamento á terra que ten en xeral o pobo kurdo e os ataques ambientais que sufriu por parte dos Estados que o colonizan e do extractivismo capitalista (debemos considerar que o Kurdistán é unha zona con gran cantidade de recursos naturais, principalmente auga, petróleo e terras cultivables). Este arraigamento débese ao tipo de territorio que habitan e a que o medio natural é a súa principal fonte de vida e de supervivencia, como se evidencia cun dos seus ditos máis coñecidos: "As únicas amigas dos kurdos son as montañas".

Esta defensa do territorio chegou ao seu máximo expoñente en Rojava e en Bakur (zonas onde máis calou o Confederalismo Democrático). En Bakur desenvolveuse en unión con grupos ecoloxistas de Mesopotamia, desde unha óptica de loita contra os proxectos extractivistas do Estado e as grandes empresas, contra a queima de bosques, así como de resistencia cara ao mantemento de formas de vida ligadas á terra. En Rojava, a partir da autonomía, un dos tipos de consellos creados en todos os niveis de autogoberno foi o de ecoloxía. Na práctica isto supuxo a posta en marcha de moitas cooperativas e proxectos de agricultura ecolóxica, campañas de tratamento de residuos, así como o establecemento de límites de produción a industrias potencialmente contaminantes como as de petróleo, xabóns, metais ou materiais de construción.

En canto á liberación animal non ten tal grao de importancia aínda que si ten o seu peso e ademais desde distintas ópticas. Por unha banda, para gran parte do pobo kurdo o respecto aos animais atópase dentro do pensamento ecoloxista que comentamos, xa que a gandería extensiva é unha práctica moi importante e unha forma de vida. Doutra banda, culturas moi importantes no Kurdistán como a aleví e a yezidí entre outras que teñen a súa base no Zoroastrismo (unha relixión animista da rexión anterior á expansión dos monoteísmos), dan gran importancia a un trato respectuoso cos animais e a natureza.

Desde un punto de vista antiespecista non temos constancia dunha gran relevancia dentro da loita de liberación kurda propiamente dita, pero si desde outros grupos que traballan con elas. Por exemplo sabemos de grupos antiespecistas turcos que se desprazaron a Bakur durante os toques de queda do exército coa intención de denunciar e relacionar o xenocidio que estaban a levar a cabo contra animais humanos e non humanos, e axudar no posible en temas como a alimentación. Por mor disto puxéronse en contacto con grupos de resistencia kurdos, cos que acabaron establecendo grandes alianzas, pasando a continuar estes últimos o traballo daqueles na recollida de datos de vulneración de dereitos dos animais. Tamén é bastante coñecido o labor de rescate e coidados de animais realizada nas montañas polas milicias do PKK.

Por último, en Rojava déronse confluencias destas distintas perspectivas por parte de persoas autóctonas e internacionalistas (principalmente de Turquía); así como o paso por contradicións ou dificultades debidas á guerra e o embargo, como algúns grupos antiespecistas que tiveron que renunciar á alimentación vegana dadas as circunstancias de guerra en que se atopan.

Recentemente saían á luz presuntas alianzas entre o movemento revolucionario kurdo e as forzas imperialistas, e isto levou a moitas compañeiras a sorprenderse, desubicarse ou a dubidar sobre se manter a súa solidariedade con este. Outras compañeiras entendérono como unha manobra de confusión e desinformación

coa intención de illar a esas forzas. Para min resulta moi estraño que as mesmas forzas imperialistas que colaboran con Turquía e que teñen ao PKK nunha listaxe internacional de presuntas organizacións terroristas, de súpeto colaboren coa loita das kurdas. Que opinades vós? Como interpretades e valorades iso?

A colaboración do pobo kurdo coas potencias imperialistas ten un sentido eminentemente práctico. A poboación kurda lembra as traizóns sufridas no pasado, pero son conscientes da necesidade de apoio aéreo e artillería pesada, e toda axuda que reciban sen que supoña inxerencia no seu proxecto revolucionario, é benvida. Por outra banda, a eficacia das milicias kurdas na guerra contra o ISIS, mostrándose sobre o terreo como as únicas capaces de vencelas, propicia o apoio das potencias occidentais. De feito, Rusia tamén prestou apoio ás kurdas de Rojava, a pesar da súa estreita relación co goberno sirio de Al Assad.

O tema con Turquía resulta máis complicado, e nos últimos meses, co aumento represivo de Erdogan tras o estraño golpe de Estado sucedido en xullo, e a entrada do exército turco en territorio sirio, está a darse unha situación de tensión entre varios intereses entrelazados. O proceso de adhesión de Turquía á Unión Europea parece que sufriu un retroceso tras as últimas medidas de Erdogan, así que os principais factores son o xeoestratéxico e a cuestión dos refuxiados.

En canto á cuestión dos refuxiados, quizais máis sinxela de explicar, vese como a Unión Europea prefire, contra o dereito internacional, expulsar aos refuxiados de guerra a un país onde non se está cumprindo cos dereitos humanos. Mentres siga en pé o acordo UE-Turquía para a expulsión de refuxiados, a estabilidade de Turquía seguiralle interesando á Unión Europea.

Polo que se refire ao seu sentido xeoestratéxico, Turquía funciona como Estado-tapón entre Occidente e o integrismo islámico, e aínda que cada día faise máis evidente a colaboración entre o Estado turco e DAESH, segue convindo evitar o paso directo a Europa de integristas pola súa fronteira. Por outra banda, Turquía está dentro da OTAN, tendo EUA a base militar de Incirlik. Esta base creouse en 1955 co evidente interese da súa proximidade con Rusia e os estreitos do Bósforo e o Dardanelos. Hoxe en día, aínda que a proximidade a Rusia e aos estreitos segue sendo relevante, é o país da OTAN máis oriental, e está en contacto directo co mundo árabe e o propio Estado Islámico. Cabe destacar que Erdogan pechou en dúas ocasións os accesos a esta base no 2016, e en liñas xerais, o goberno turco parece menos preocupado de manter boas relacións coas potencias occidentais que as potencias con Turquía, que parecen perdoar a actitude de Erdogan con tal de manter a estabilidade no país turco.

De feito nestes últimos meses os movementos xeopolíticos que está a haber poderán marcar que aliados teña que buscar o proxecto de Rojava. Por unha banda atopamos a Rusia, apoiando a Al Assad e cada día máis perto de Turquía. Esta pola súa banda está a se centrar en impedir a unión dos tres cantóns, o cal EUA apoia mentres dá axuda aérea ás SDF para avanzar cara a Raqqa. Ademais atopámonos co goberno do KRG (aliado de EUA, Israel e Turquía) tentando dinamitar a revolución, desde dentro e desde fóra. E por último a Irán, co seu propio conflito coas kurdas en aumento e aliado do goberno de Al Assad e en pugna pola hexemonía rexional con Turquía, Arabia Saudita e Israel.

En resumo, a colaboración das potencias imperialistas co Kurdistán do Oeste é unha cuestión práctica, onde as kurdas buscan aproveitar o gran potencial militar destas na súa loita contra o DAESH e pola súa liberdade, mentres que as potencias recoñecen ás YPG e YPJ como as mellores combatentes contra o ISIS. O temor que existe, totalmente fundado, é que unha vez rematada a guerra, estas mesmas potencias esquézanse das kurdas ou mesmo pasen a unha ofensiva en contra delas, como xa sucedeu no pasado. Para evitar iso, un importante labor sería facer popular a causa kurda entre a poboación dos países occidentais, algo no que nós traballamos cada día.

A moitas persoas pillounos a sobrecarga informativa e eu por exemplo confeso unha certa dificultade á hora de atopar información fiable e non inconexa sobre o que ocorre en Kurdistán, coa que poder trazar unha liña de sucesos e seguir un fío sobre os acontecementos que van tendo lugar. Que lecturas, documentais ou demais materiais de consulta aconsellades para obter unha perspectiva xeral realmente útil e informada sobre o que está a ocorrer en Kurdistán?

Hai certas webs na internet que son boas fontes de información, en castelán temos Kurdistán-América Latina, Newroz Euskal Kurdu Elkartea, KurdisCat e Rojava Azadi Madrid. En inglés existen fontes máis va-

riadas e proliferas, como Kurdish Question, ANF english, JINHA, DIHA e ANHA. Podedes atopar unha lista moito máis ampla no apartado de "Web" no noso blogue.*

En canto a documentais en castelán recomendamos "Kurdistán, mujeres en guerra", "Un día en Siria, YPJ", "Bakur" ou "Solo los muertos regresan a casa". Na canle de youtube do colectivo (Rojava Azadi Madrid) podedes atopar algúns documentais e películas kurdas subtituladas ao castelán.

Ademais, tamén podedes atopar decenas de textos e artigos, que temos dividas en subtemáticas no noso blogue "Análise", "Confederalismo Democrático" "Economía", "Loita das mulleres" e "Comunalismo", hai que mergullar un pouco pero hai verdadeiras xoias informativas. Así mesmo tamén tedes os zines que traducimos e editamos e que están de libre acceso e distribución no mesmo blogue.

En canto a libros, a editorial Descontrol está a editar moito material sobre Kurdistán, libros como "La Revolución Ignorada", "Un verano kurdo" atópanse xa dispoñibles, igual que "Los orígenes de la Civilización", o primeiro tomo do "Manifiesto por la civilización democrática", a obra magna de Abdullah Öcalan onde sintetiza o imaxinario do movemento kurdo en cinco volumes que estamos a axudar a que se editen na península. Tamén destacamos títulos que están a piques de saír como "La revolución de Rojava" ou o libro sobre Jinelogî, a ciencia da muller, libro onde se recollen as máis importantes teorías que desenvolveu o movemento de mulleres de Kurdistán.



Para ir rematando, que consellos dariades a activistas que poidan estar interesadas en emprender un proxecto de solidariedade internacionalista co pobo de Kurdistán? E poderiades deixar algunha referencia para poñerse en contacto convosco, xa sexa para organizar charlas ou eventos informativos, ou para solicitarvos material de difusión...?

Desde Rojava Azadî consideramos de vital importancia a proliferación de grupos de apoio e solidariedade coa loita dos pobos de Kurdistán, polo que queremos apoiar e fomentar todos os proxectos de solidariedade que poidan xurdir na península. Estamos abertos a achegar información, ferramentas e toda a axuda necesaria para que nazan. Así mesmo buscamos unha coordinación e confluencia cos distintos grupos existentes, pero considerando que a descentralización dos colectivos e a súa autonomía son de vital importancia.

*NdT: En galego está Curdistam Blogaliza.

O noso consello para aquelas persoas que queiran solidarizarse é primeiro informarse ben da historia e a situación actual da rexión, das teorías ideolóxicas e a cultura. Unha vez informadas seremos capaces de recoñecer que necesidades teñen os compañeiros e que tipo de proxectos podemos levar a cabo. Para calquera dúbida, suxestión ou petición só tedes que escribirnos ao correo electrónico (rojavaazadimadrid@riseup.net)

Pois sen máis, moitas grazas de novo polo voso tempo e enerxía, e por axudarnos con esta entrevista. Deixámosvos un espazo para que vos expresedes libremente e quedamos á espera de manter o contacto. Un saúdo!

Moitísimas grazas por brindarnos este espazo para compartir aprendizaxes e experiencias, agardamos que poida axudar a máis xente a tomar unha posición máis activa nas loitas de solidariedade polos pobos de Kurdistán. Como toda entrevista colectiva quedou un pouco quebracabezas e bastante extensa, agardamos que iso non sexa un impedimento para que a xente interesada se anime a contactarnos se ten interese en colaborar.

Bîjî Kurdistan!

O anarquismo en Cuba, de 1857 a 2016

Introdución

Poucos días antes da morte de Fidel Castro, os compañeiros da revista anarquista galega *ABORDAXE!* contactáronme para que escribise un texto sobre o anarquismo en Cuba, desde os seus inicios ata o día de hoxe. A súa intención era traducilo ao galego e publicalo no próximo número de devandita revista para lembrar a importancia do anarquismo nas loitas sociais do pasado nesa illa e precisar a posición actual dos anarquistas cubanos.

Comezo pois a escribir este texto —de memoria histórica, pero tamén de análise política e ideolóxica— poucos días despois do enterro das cinzas do «Comandante en Xefe» e poucos días antes de que o Estado-Partido que el fundou celebre o 67 aniversario do triunfo da loita contra a ditadura do xeneral Fulgencio Batista e do inicio da chamada «Revolución cubana». E fágoo co convencemento de que a desaparición física de Fidel non cambiará o rumbo do proceso de transformación do capitalismo de Estado en capitalismo de mercado iniciado —de maneira máis aberta— desde que o seu irmán Raúl lle sucedese na xefatura do Estado-Partido xurdido desa «revolución». Un proceso que, con lixeiras variantes, púxose en marcha en todas as revolucións institucionalizadas tras a conquista do Poder e que, no caso da cubana, pódese seguir en directo a través das medidas implementadas pola oligarquía castrista para adaptar a economía ás pautas capitalistas. Unha involución revolucionaria denunciada polos anarquistas e os sectores anticapitalistas da sociedade cubana.

Dado o carácter histórico/analítico deste texto pareceume pertinente dividilo en tres partes. A primeira, adicada ao pasado, para rescatar a memoria do anarquismo cubano ocultada pola historiografía oficial. E iso pese ao importante papel desenvolvido polo anarquismo na emerxencia e desenvolvemento do sindicalismo e nas loitas revolucionarias en Cuba desde as últimas décadas do século XIX ata a fuxida de Batista e o triunfo definitivo da guerrilla castrista nos primeiros días de 1959. A segunda, adicada á exclusión do anarquismo na sociedade cubana e á súa difícil supervivencia no exilio durante o permanente presente totalitario que a Revolución castrista foi desde os seus inicios ata a retirada de Fidel do Poder por razóns de saúde. E a terceira, adicada á resurxencia do anarquismo en Cuba, pouco antes do comezo das «reformas» implementadas por Raúl ata a desaparición definitiva de Fidel, e ás súas perspectivas para o futuro.

O anarquismo en Cuba de 1857 a 1959

Como en moitos outros países de América, tamén en Cuba os anarquistas foron precursores na difusión das ideas emancipadoras e nas iniciativas para organizar ás masas explotadas en pos da súa emancipación. Disto hai constancia en todos os libros de historia social que non foron escritos tendenciosamente para ocultalo ou escamotealo. Con todo, para o que me propoño expoñer aquí, apoiareime esencialmente no escrito polo compañeiro, amigo e historiador cubano Frank Fernández no seu valioso libro *O anarquismo en Cuba*, editado pola Fundación Anselmo Lorenzo, de Madrid, en 2000, e no excelente resumo feito por Capi Vidal, *O movemento anarquista en Cuba*, aparecido na web *Acracia* que él anima.

Como o recoñece a maioría de historiadores, na década dos anos 80 do século XIX existía xa en Cuba un movemento obreiro ben organizado de carácter anarquista e editában-



se dúas publicacións de orientación ácrata: *El Obrero*, no ano 1883 e *El Productor*, en 1887. O anarquismo era neses momentos a principal forza revolucionaria do proletariado cubano e por iso as obras dos principais pensadores anarquistas eran lidas aos traballadores das tabaquerías. Era o resultado dunha obstinada labor de propaganda entre os traballadores da industria tabacaleira iniciada en 1857 coa fundación dunha sociedade mutualista proudhoniana, por Jesús Márquez, e do xornal *La Aurora*, en 1865, polo asturiano Saturnino Martínez. Aínda que non é ata 1880 que a influencia explícitamente anarquista manifléstase en Cuba ao establecer José C. Campos contactos con anarquistas de Barcelona para facer chegar panfletos e xornais anarquistas á illa.

Unha das figuras libertarias máis prestixiosas do movemento anarquista cubano e un dos principais actores do congreso de 1887 foi, sen ningunha dúbida, Enrique Roig San Martín, nacido en 1843 e falecido en 1889. Coñecedor do francés e posuidor dunha biblioteca ben nutrida de excelentes obras literarias e filosóficas, Roig foi o divulgador das ideas fundamentais de Marx en Cuba e o primeiro cubano adicado a orientar ao proletariado cubano polo carreiro da loita de clases. Afiliouse á corrente anarcosindicalista e fíxose propagandista desas ideas a través de diversas publicacións obreiras ata que fundou *El Productor*, cuxo primeiro número saíu o 12 de xullo de 1887.

Desde *El Productor*, Roig orienta e alenta as folgas obreiras nas que os anarquistas teñen gran influencia. En 1888, en menos dun ano, organizan dúas folgas importantes nun mesmo sector e levan á práctica as súas ideas, establecendo un vencello solidario con compañeiros de fóra para iniciar a loita de clases en Cuba. Notable escritor e pensador, Roig defendeu as ideas anarquistas fronte ás republicanas, que só se opoñían ao colonialismo español. Con iso contribuíu á consolidación da influencia ácrata e a facer dela a verdadeira protagonista dos inicios da organización obreira en Cuba, por encima das outras forzas políticas centradas en intereses electorais e pactos gobernamentais.

A influencia ácrata no movemento obreiro fíxose notar xa no primeiro congreso obreiro celebrado en 1887, no que as ideas de igualdade entre brancos e negros foron afirmadas a pesar do contexto profundamente racista que era o de Cuba neses momentos. O que puido comprobarse en 1988 ao constituírse a combativa asociación obreira, a Alianza, que enarborou a bandeira libertaria da fraternidade universal por encima de razas e fronteiras nacionais.

En 1890, para amosar a súa forza e desafiar aos patróns, celebrouse o 1 de maio por primeira vez en Cuba. Foi un acto masivo cun longo desfile de obreiros, brancos e negros, cubanos e españois, homes e mulleres, todos unidos tras o ideal libertario de xustiza e fraternidade. Nese acto lanzouse unha severa crítica ao sistema colonial español, condenando os seus abusos laborais e as súas discriminacións racistas.

Tras dez anos de guerra, a derrota do movemento independentista cubano en 1878 non permitiu conseguir a independencia nin posto fin ao réxime de escravitude en Cuba. As causas dese primeiro alzamento independentista —a presión fiscal imposta por España e os seus monopolios de venda de téxtiles, tabaco, etc.—seguían vixentes nos anos noventa, afogando a economía da illa. As máis afectadas eran as clases medias e a clase dos propietarios rurais, o que repercutía sobre o resto da poboación de Cuba formada por campesiños pobres, descendentes de escravos de orixe africana liberados, que continuaba vivindo na miseria coma sempre.

É nesas condicións, o 10 de abril de 1892 José Martí, que residía entón nos Estados Unidos, fundou o Partido Revolucionario Cubano (PRC), e, pouco despois, o xornal *Patria*, órgano oficial do partido, co obxectivo de defender a causa independentista e tratar de unir aos principais xefes da insurrección do 68 aos seus plans insurreccionais. Durante os anos 1893 e 1894, Martí visitou varios países de América e cidades de Estados Unidos na procura de apoios persoais e recursos materiais para iniciar a nova loita independentista na illa, e o 29 de xaneiro de 1895 asinou a orde de alzamento. Pouco despois, tras reunirse con Máximo Gómez en República Dominicana, desembarcou en Cuba e morreu o 19 de maio dese ano nun enfrontamento cunha columna militar española.

Dada a súa oposición ás guerras e á constitución de gobernos, para os anarquistas cubanos era máis importante a loita de clases que a guerra de independencia. Con todo, durante a contenda non puideron evitar

ollar con simpatía ás forzas separatistas, xa que o integrismo español pretendía usalos para fragmentar a oposición ao colonialismo. Pero esa simpatía non implicou da súa parte a renuncia a ningún ideal nin a seguir loitando pola transformación revolucionaria da sociedade.

Esa simpatía víase estimulada polo carisma de José Martí e por iso moitos anarquistas abrazaron a causa independentista, a pesar de permanecer fieis ás súas ideas socialistas e libertarias. Ademais, o PRC non era só unha forza electoralista, ao ser un movemento revolucionario estaba composto de grupos autónomos heteroxéneos e algúns propiciaban a descentralización e a democracia directa. Daqueles grupos, denominados clubs, dous eran anarquistas e actuaban baixo os nomes de Roig San Martín e Fermín Salvochea.

En realidade, a pesar de ter ideas sociais avanzadas, Martí era máis ben un liberal e demócrata que non cría na loita de clases por considerar que desembocaba na violencia e a desorde. É pois lóxico que os propósitos dos anarquistas non coincidisen cos de Martí. Para eles o obxectivo final non era a república democrática independente, aínda que a valorasen como un marco de liberdades maior para continuar o seu labor revolucionario. É por iso que os anarquistas estiveron divididos durante o proceso bélico da loita pola independencia; pero tamén porque, coa morte prematura de Martí, desapareceron as promesas de cambios sociais sostidas por él. Non é de estrañar pois que algúns se convertesen en combatentes e outros fosen contrarios á guerra civil, como tampouco que non houbese división radical entre as dúas posturas e que, en xeral, colaborasen cos separatistas dun modo u outro, aínda que sen grandes ilusións.

Neste sentido, o feito para reter é que a maioría dos anarquistas foi consciente de que o que dá valor e forza dos principios anarquistas non é só o antiautoritarismo senón tamén a experiencia histórica. Pois ela proba que as guerras civís non conducen á verdadeira liberdade social, aínda que acaben en repúblicas independentes. Eran xa entón numerosos os exemplos de países que se independizaron e nos cales se seguía perseguindo ao movemento anarquista.

Outro feito importante é que era a primeira vez que se discutía no seo do anarquismo —tanto a nivel nacional como internacional— sobre a conveniencia ou non de participar nunha guerra de independencia. Con todo, iso non foi obstáculo para que os anarquistas denunciasen en España a crueldade da guerra e a política de Cánovas del Castillo cara a Cuba, como tamén contra o anarquismo na península. É sabido que o que empuxou ao anarquista italiano Angiolillo, a asasinar a Cánovas en agosto de 1897, foi o desexo de vingar as vítimas ácratas en Montjuich e os horrores coloniais en Cuba e Filipinas. E tamén é sabido que o seu sucesor, Mateo Sagasta, viuse obrigado a negociar a paz en xullo de 1898 cos Estados Unidos e acceder á independencia de Cuba, Filipinas e Porto Rico, tras o incidente do afundimento do acorazado estadounidense de segunda clase *Maine* na entrada do porto da Habana e o desembarco dos *marines* na illa, e que esas independencias quedaron tuteladas e os países ocupados polos norteamericanos ata o 20 de maio de 1902, cando naceu a República de Cuba ao tomar posesión o seu primeiro presidente Tomas Estrada Palma. E que non foi ata 1909, coa presidencia de José Miguel Gómez, que terminou o «goberno de intervención» norteamericano, tras obter en 1903 o arrendamento da base militar de Guantánamo, aínda hoxe posuída polos EUA.

Ademais, o fin da tutela española e o comezo dunha «independencia» baixo tutela norteamericana non mellorará a situación dos máis desfavorecidos, polo que os anarquistas reorganizáronse e continuaron estimulando as loitas obreiras desde o comezo de 1899, creando a Alianza de Trabajadores, que moi pronto foi obxecto da represión estatal. En setembro dese mesmo ano, naceu unha nova organización obreira, a Liga General de Trabajadores, cun perfil moderado a pesar dunha importante influencia libertaria.

O xa entón coñecido organizador anarquista italiano Errico Malatesta foi por eses tempos a Cuba para dar conferencias e entrevistas; pero a súa xira foi suspendida prontamente polas autoridades. De volta a Estados Unidos, Malatesta escribiu un artigo dando a súa visión sobre a situación social en Cuba e instando os anarquistas a tomar «o seu posto entre os elementos máis adiantados» e a «loitar pola emancipación integral da humanidade».

Os anarquistas cubanos escoitaron a Malatesta e nos primeiros anos do século XX continuaron denunciando as persistentes

inxustizas sociais e laborais, ademais de tentar, xunto con outros organizadores sindicais, organizar aos traballadores da industria do azucre, por aquel entón a maior industria de Cuba; pero as súas tentativas víronse frustradas pola violenta reacción dos propietarios que fixeron asasinar a dous traballadores. Crimes nunca resoltos.

Naqueles anos, o panorama social era, tanto en Cuba como en España, moi frustrante. Os políticos liberais e conservadores alternábanse no poder; pero, ao non ter ningunha sensibilidade social, só diferenciábanse na maneira de actuar cara aos anarquistas. Os conservadores perseguíndolles sen máis e os liberais «progresistas» tratando de atraelos con diferentes reclamos para manipulalos.

Co obxectivo de preparar ao pobo para a futura revolución social, os activistas anarquistas tentaron facelo —tamén en Cuba— a través da educación. Partindo de que as escolas católicas e as públicas eran utilizadas pola burguesía para inculcar a fé relixiosa e o nacionalismo patriótico co fin de impedir o acceso dos nenos ao pensamento libre e crítico, os anarquistas comezaron a fundar escolas máis libres desde o Círculo de Trabajadores. Aínda que esas escolas non comezaron a tomar un rumbo menos tradicional ata 1906, e só en 1908 comezaron a propoñer, como modelo, a pedagoxía da Escola Moderna de Francisco Ferrer i Guardia, como pode verse en manifestos publicados ese ano nas publicacións *Tierra!* e *La Voz del Dependiente.*

En 1911, despois dunha folga en diversos sectores da economía cubana, comezou unha forte represión contra os anarquistas: os cubanos foron encarcerados e os españois foron deportados. Os gobernos da nova república cubana comezaron a ser cada vez máis autoritarios e en 1915 producíronse novas deportacións debido ás leis contra o anarquismo. O xornal *Tierra!* foi suspendido e pouco despois apareceu un documento, chamado *Manifiesto de Cruces,* moi ben escrito e cunha forte combatividade anarquista. Redactado por un grupo de traballadores, apelando á resistencia fronte ao destino de fame e represión que herdaban xeración tras xeración, o manifesto tivo unha gran repercusión.

En 1917, iniciouse un período ditatorial na Illa e producíronse grandes convulsións sociais. Nese ano e os que seguiron, os anarquistas planificaron, desde o local o Centro Obrero de la Habana, numerosas folgas, boicots e actividades diversas, ata que en 1920, aproveitando o comezo dun período de relativa calma social, celebraron un Congreso ácrata na Habana, no que se acordou a formación da Confederación Nacional del Trabajo.

Nese momento, os ácratas seguían estando á cabeza do movemento obreiro en Cuba e é entón que se inicia a etapa máis construtiva do anarquismo cubano. O feito de existir un goberno moderado no poder posibilita a proliferación das publicacións libertarias, a edición de libros



e panfletos, a creación de ateneos, de centros obreiros e de clubs naturistas. Naqueles anos, os anarquistas son os primeiros que, sen moitos medios e con total autonomía, organizan, agrupan e orientan á maior parte dos traballadores do campo e a cidade nun esforzo sen parangón na historia de Cuba.

A figura máis destacada desa época, de filiación netamente anarquista, foi Alfredo López. Tipógrafo de formación, participou activamente nas loitas sindicais dos traballadores para mellorar as súas condicións laborais. En 1918 organizou o Comité Pro Primero de Mayo e, baixo a súa dirección, realizouse un combativo Día dos Traballadores. Participou nas folgas que se realizaron ese ano e o seguinte, ás que se uniron obreiros da construción, ferroviarios, tranviarios, tabacaleiros e azucreiros das Vilas e de Camagüey. Foi vicepresidente e logo presidente do sindicato de tipógrafos e en 1919 organizou unha folga exitosa do seu sector. En 1920 participou no Congreso que aprobou a creación dunha Central Sindical e unha iniciativa en solidariedade coa Rusia Soviética. En 1921, nun momento importante do proceso de unidade do movemento sindical cubano, foi un dos administradores da Federación Obrera de la Habana (HOH) e despois ocupou o cargo de secretario xeral, a pesar de non estar formada a FOH exclusivamente por sindicatos anarquistas. Non só por ser os máis numerosos e as ideas libertarias as de maior influencia, senón tamén porque, a pesar da oposición dalgúns anarquistas, partidarios dunha organización netamente anarcosindicalista, as posturas unitarias de Alfredo López eran compartidas pola inmensa maioría dos sindicatos.

En febreiro de 1925 celebrouse o Segundo Congreso Nacional Obreiro e o terceiro en agosto. Neste decidiuse a creación da Confederación Nacional Obrera Cubana (CNOC). Pola súa capacidade para unir ás masas, Alfredo López foi chave para a unificación de tódolos sindicatos, irmandades, unións, gremios e asociacións proletarias de Cuba. A influencia do anarcosindicalismo no Congreso foi innegable. Nas Actas do Congreso de Fundación da CNOC figuran os acordos sobre o rexeitamento da acción electoral, a esixencia das oito horas de labor ao día, o dereito a folga e o rexeitamento á burocratización da organización. Ademais, por primeira vez na historia de Cuba é nomeada unha muller, Juana María Acosta, para presidir unha organización obreira.

Ese mesmo ano, o xeneral Gerardo Machado ascende o 20 de maio á presidencia e desde a toma de posesión do cargo anunciou que, mentres el gobernase, «ningunha folga duraría máis de 24 horas». Nos primeiros anos do seu mandato, Machado realizou un ambicioso programa de obras públicas e ao mesmo tempo manobrou para que a CNOC non fose un obstáculo para os seus obxectivos políticos. Para conseguilo estimulou aos elementos máis reformistas da organización obreira con prebendas para desprazar aos máis progresistas a través dunha violenta política de desprestixio e represión sobre os anarquistas e o movemento popular. A reacción destas forzas non se fixo agardar e desencadearon unha interminable sucesión de folgas, de intentos insurreccionais, atentados e sabotaxes Os anarquistas fundaron entón a Federación de Grupos Anarquistas de Cuba (FGAC, denunciando a deriva colaboracionista da CNOC, na que os comunistas tiveron un papel importante. Esta situación agravouse ao conseguir Machado a modificación da Constitución en 1929 para seguir no poder seis anos máis. Machado instaurou entón unha feroz ditadura que durou ata 1933, cando os Estados Unidos fixeron presión para que cedese o poder e, ao negarse, alentaron motíns e finalmente unha parte do Exército sublevouse, obrigando a Machado a fuxir cara a Miami o 12 de agosto. Pouco despois foi atopado no Castelo de Atarés o cadáver de Alfredo López, que fora secuestrado, torturado e asasinado o 20 de xullo de 1926.

Os novos gobernos que se suceden desde a fuxida de Machado ata 1936, entre os que hai algúns de perfil esquerdista, mostráronse moi ineptos no exercicio do poder. Unha ineptitude que se traducía por unha fraxilidade política e unha sucesión rápida de Presidentes máis ou menos autoritarios e máis ou menos sumisos ao descarado intervencionismo norteamericano, aos intereses da oligarquía e ao protagonismo dos xefes militares —entre eles o sarxento Fulgencio Batista, que en poucos anos ascendeu a xeneral. Nese período, os anarquistas víronse obrigados a empregar as súas principais enerxías en actividades reorganizativas. Non só por mor da represión senón tamén por promulgarse unha lei, que obrigaba aos patróns a non empregar a máis de 50% de tra-



balladores estranxeiros. Esta lei afectoulles moito por ser moitos militantes libertarios estranxeiros, que se viron obrigados a abandonar o país. Ademais, os comunistas, grazas ás súas alianzas políticas, inclusive con Batista, comezaban a ser hexemónicos entre as dirigencias sindicais e aproveitábanse diso para lanzar todo tipo de infundios contra os anarquistas. Esa situación xerou enfrontamentos e desencontros —máis ou menos graves— entre a nova xeración e a dos veteranos. Estes, os sobreviventes de tempos tan convulsos. atrincheiráronse na Federación de Grupos Anarquistas de Cuba, mentres os mozos, pola súa banda, fundaban na Habana a Mocidade Libertaria de Cuba.

Ao comezar en 1936 a Guerra Civil Española, os anarquistas cubanos crearon a Solidaridad Internacional Antifascista para axudar á CNT e a FAI, e moitos deles acudiron a loitar no conflito español. Coa derrota do bando republicano, en febreiro de 1939, moitos dos sobreviventes foron repatriados a Cuba.

A finais da década dos 30, como resultado do apoio do Partido Comunista Cubano a diferentes candidaturas electorais, o movemento obreiro cubano quedou controlado polos comunistas e baixo a tutela do Estado. En 1940, os anarquistas puideron aproveitar a nova Constitución cubana para organizarse en función de tales circunstancias: disolveron a SIA e a Federación de Grupos Anarquistas de Cuba e naceu a Asociación Libertaria de Cuba, que tivo o seu primeiro congreso en 1944 e o segundo en 1948. A partir de entón, o órgano oficial da Asociación denominouse *Sociedad Gastronómica* e a súa publicación non se interrompeu ata ser clausurado en 1960 polo réxime castrista.

Nesa década dos anos 40, os anarquistas cubanos, reforzados polos que foran repatriados de España tras a vitoria de Franco, fundaran grupos de acción entre estudantes e obreiros desexosos de paliar a influencia comunista, e a partir de 1947 produciuse un novo renacer libertario. Na Habana, a Federación de Mocidades Libertarias de Cuba editou boletíns de propaganda e de información, e a subdelegación da CNT de España, exilada en Cuba, editou un Boletín para os militantes anarcosindicalistas. Con estas armas de propaganda lograron influír sobre o sindicalismo oficial, orientando cara a posicións máis combativas a numerosos sectores, como os de transportes, gastronomía, construción e plantas eléctricas. Os anarquistas do interior da illa crearon as Asociacións Campesiñas para organizar os aldeáns máis humildes, sen terra nin recursos.

En 1950 realizouse o terceiro Congreso da Asociación Libertaria de Cuba para influír no movemento obreiro e desposuílo da súa deriva burocrática e sectaria, ás que o sindicalismo oficial, representado pola Confederación de Trabajadores de Cuba, lle levara. En abril de 1950, os anarquistas publicaron *Estudios. Mensuario de Cultura,* que foi unha revista moderna con excelente contido, e continuaron editando *El Libertario*, en formato xornalístico, ata abril de 1952, cando Batista deu o golpe de estado coa escusa de loitar contra a corrupción reinante no Goberno. Entón, os comunistas, a pesar de non recobrar a súa primacía na CTC, pactaron con Batista. En marzo de 1955, os anarquistas convocaron unha Conferencia Nacional Libertaria na que se confirmaron os principios de loita pola liberdade fronte ao réxime ditatorial, e en 1956 editaron un panfleto, chamado *Proyecciones libertarias*, no que se denunciaban os desmáns da ditadura e previñase ante o militarismo imperante no movemento de Fidel Castro. A pesar das dificultades, *Solidaridad Gastronómica* continuou publicándose e defendendo os principios anarquistas. En abril de 1957, con Fidel Castro e demais guerrilleiros xa na Serra Maestra, celebrouse a Conferencia Anarquista Americana en Montevideo, á que a ALC enviou dous delegados. Nela decidiuse combater todas as ditaduras en Latinoamérica, incluída a cubana. O réxime de Batista comezou a perseguir entón aos anarquistas e moitos deles uníronse á loita armada contra a ditadura.

O Partido Comunista, que ata entón acusaba a Castro de servir conscientemente de pretexto a Batista para non celebrar eleccións, empezou, a principios de 1858, a negociar con elementos afíns entre os guerrilleiros, para facelo posteriormente co propio Castro tras a fuxida de Batista o 1 de xaneiro de 1959. Foi entón cando Castro, cuxo programa político era a restauración da Constitución reformista de 1940, apoiouse nos comunistas para tomar o poder e comezar outra etapa máis de gobernos autoritarios na historia política e social de Cuba. Unha «etapa» á que, para xustificar o poder entre as súas mans e perennizarse nel ata a súa morte, púxoselle o nome de «Revolución cubana».



O anarquismo na Cuba de Fidel Castro

Castro e os comunistas conseguiron crear moi pronto un goberno que sentou as bases para a posterior represión cos Tribunais Revolucionarios, os xuízos sumarísimos e o restablecemento da pena de morte, mesmo por motivos políticos. Os anarcosindicalistas foron pronto apartados das organizacións sindicais e só as publicacións libertarias como *Solidaridad Gastronómica* e *El Libertario* puideron continuar mentres se amosaron cautas ou favorables ao goberno revolucionario. A Asociación Libertaria de Cuba deixou claras as súas reticencias cara ao novo panorama político e denunciou a perda de autonomía do movemento obreiro e a progresiva influencia do Partido Comunista, que paradoxalmente gozara de privilexios na ditadura de Batista.

Conscientes do desastre da deriva autoritaria do réxime castrista, os anarquistas fixeron pública en 1960 unha Declaración de Principios da Agrupación Sindicalista Libertaria (siglas que escondían, por medo á represión, á Asociación Libertaria de Cuba) na que se atacaba ao Estado, ao centralismo agrario proposto pola Reforma Agraria Gobernamental, así como ao nacionalismo, ao militarismo e ao imperialismo, facendo énfase na liberdade individual, como base da liberdade colectiva, no federalismo e no dereito a unha educación libre. A Declaración era unha crítica ideolóxica —pero argumentada— da chamada Revolución Cubana. Con todo, os defensores desa Revolución non reaccionaron con argumentos senón coas acusacións clásicas neles, cualificando aos autores de estar a soldo dos Estados Unidos. Pouco despois, ao suspenderse a liberdade de prensa, os anarquistas e os anarcosindicalistas non puideron continuar publicamente a propaganda das súas ideas, comezando, a mediados de 1960 o seu éxodo cara a EUA para proseguir a loita polo ideal. Así foi como, no verán de 1961, constituíuse en Nova York o Movimiento Libertario Cubano no exilio (MLC) e outro grupo similar en Miami.

En 1963, o anarquista cubano Abelardo Iglesias publicou, en Buenos Aires, o texto *Revolución e ditadura en Cuba*, no que denunciaba a submisión da «revolución cubana» á política exterior soviética e a táctica militar da «Guerra revolucionaria». Con todo, a pesar desta sólida argumentación, a propaganda castrista lograra —a finais desa década— gañar simpatías nos medios libertarios



de Europa e América Latina. Non foi ata 1976, cando foi publicado en Canadá o libro *The Cuban Revolution: A Critical Perspective* (A Revolución cubana: un enfoque crítico), de Sam Dolgoff, que comezou a prevalecer unha visión máis crítica do castrismo entre as esquerdas en xeral e os anarquistas en particular, o que propiciou o recoñecemento internacional do MLC. En 1979 os libertarios cubanos no exilio sacaron unha nova publicación, *Guángara Libertaria*, que se converteu rapidamente nunha referencia do ideal anarquista en Estados Unidos e no resto do continente.

Nos comezos do século XXI, os anarquistas, que abandonaron Cuba nos anos 70, situaron ao MLC nunha posición de oposición e alternativa ao castrismo ás antípodas da reaccionaria oposición cubana de Miami. Para apoiar aos compañeiros do MLC constituíuse[1] en 2004 o Grupo de Apoyo a los Libertarios e Sindicalistas Independientes en Cuba (GALSIC e comezouse a editar ese mesmo ano o Boletín *CUBA Libertaria*, que tanto na súa versión impresa que a través de Internet, difundiuse tamén en Cuba.

O GALSIC foi constituído en resposta a unha demanda dos compañeiros do MLC e de varios «sindicalistas independentes» que lograran saír de Cuba tras a razzia represiva emprendida contra eles polo goberno castrista en 2004. Constituíuse como grupo informal, sen estrutura organizativa permanente, coa intención de coordinar e difundir iniciativas e información en apoio dos libertarios e dos sindicalistas cubanos na súa loita contra o réxime castrista. En 2006, cando Fidel viuse obrigado —por unha doenza intestinal— a deixar «temporalmente» a presidencia do Consello de Estado, a secretaría xeral do PCC e a comandancia en xefe das Forzas Armadas ao seu irmán Raúl, comezou unha nova etapa da «Revolución cubana» e tamén do GALSIC e o boletín *CUBA libertaria*, do cal se editaron e difundiron seis boletíns ata entón. O feito é que, coincidindo con ese recambio dinástico na xerarquía da «Revolución cubana», comezaron a manifestarse no propio seo da filas «revolucionarias» voces máis abertamente críticas ao totalitarismo imperante en Cuba, e que esas voces comezaron a rescatar, nos debates que se suscitaron, ideas e experiencias do anarquismo histórico, e que esas circunstancias permitiron ao MLC e ao GALSIC ter máis protagonismo a través do *CUBA libertaria.*

O anarquismo na Cuba de Raúl castro

Logo, cando Raúl comezou a anunciar o seu propósito de «convocar á nación» a participar nun debate de «formulacións públicas» para «solucionar os problemas que entorpecen o desenvolvemento da sociedade cubana» e eliminou algunhas das trabas legais que impedían ao pobo gozar de dereitos que só estaban autorizados para os estranxeiros (acceso a hoteis, rentar automóbiles, venda libre de teléfonos celulares e accesos a Internet), a difusión do boletín *CUBA libertaria* en Cuba permitiu establecer relacións directas con libertarios que participaban nas actividades dunha institución cultural semioficial, a Cátedra Haydée Santamaría, que organizaba encontros anuais de activistas sociais en varios lugares do país. E que esas relacións permitiron en 2009 establecer relacións cos fundadores da rede social Observatorio Crítico. Unha rede que agrupa colectivos, grupos de afinidade e individualidades para difundir información, xerar debates e axuda mutua entre os seus membros.

En 2010, a maior parte dos compañeiros libertarios participantes na rede Observatorio Crítico decidiron unirse e crear un grupo especificamente libertario, co obxectivo de recuperar a memoria do anarquismo e do anarcosindicalismo cubano, ocultada en Cuba polo réxime castrista. A ese grupo déronlle o nome de Taller libertario Alfredo López, en memoria do anarcosindicalista asasinado durante a ditadura de Machado.

Desde entón ata hoxe, os compañeiros do Taller libertario Alfredo López aproveitaron a pausa represiva iniciada en 2011 por Raúl para organizar encontros anuais na illa. A estes encontros, aos que deron o nome de «Jornada Primavera Libertaria de la Habana», asistiu o compañeiro Daniel Pinos en representación do GALSIC. E en 2015, como froito deste rexurdir libertario en Cuba desde 2010, os compañeiros do Taller libertario Alfredo López participaron, os días 21 e 22 de marzo de 2015, no primeiro congreso libertario realizado en República Dominicana para crear a Federación Anarquista Centroamericana e do Caribe. A este Congreso, organizado conxuntamente polo Taller libertario Alfredo López e os libertarios dominicanos do grupo Kisbeya libertaria, asistiron tamén compañeiros libertarios e membros de organizacións libertarias de Puerto Rico, El Salvador, Bonaire e de Norteamérica, ademais de individualidades representando á Fede-


ración Internacional de Federacións Anarquistas (FIFA), da Federación Anarquista Ibérica (FAI), do grupo El Libertario de Venezuela, etc.

En decembro de 2016, en reacción á desaparición definitiva de Fidel Castro e os tres días de loito oficial en Cuba decretados polo goberno do seu irmán Raúl, os libertarios cubanos pediron ao GALSIC a edición dun número especial do boletín CUBA libertaria, que saíu con varios artigos de libertarios e socialistas cubanos anticapitalistas nos que dan a súa opinión sobre tal evento e as perspectivas dun futuro emancipador para o pobo cubano.

Remato pois este resumo histórico reiterando o que xa dixen ao comezo; pois todo parece indicar que «a desaparición física de Fidel non cambiará o rumbo do proceso de transformación do capitalismo de Estado en capitalismo de mercado». Un proceso que o seu irmán Raúl deixará ben avanzado cando, como prometeu, abandone a xefatura do Estado-Partido xurdido dunha «revolución» que, como todas «as revolucións institucionalizadas tras a conquista do Poder», conduciu de novo aos pobos para estar sometidos á explotación capitalista e, por conseguinte, a volver comezar a loita pola súa emancipación. É de agardar pois que esta vez sexan conscientes, como o son os anarquistas do Taller libertario Alfredo López, de que a emancipación debe ser a obra deles mesmos e non da súa delegación noutros.

Octavio Alberola

(1) O autor deste resumo histórico foi un dos fundadores do GALSIC e, desde entón, él e Daniel Pinos asumiron a redacción e edición do Boletín *CUBA libertaria.*



ESAS PREGUNTAS QUE TODO O MUNDO EVITA PARA QUE NON LLE DEAN A CHAPA

QUE É O SOCIALISMO?



Unha banda deseñada de **Politicópatas**



R. Owen



Hegel



Proudhon



C. Fourier



Godwin



Max Stirner



F. Engels



Kropotkin



E. Malatesta



K. Marx



M. Bakunin



Berstein



E. Armand



Lenin



Salvador Seguí



Kámenev



Trotski



Stalin



Mao



Un Punky

PRÓLOGO

Na antigüidade só eran **poderosos** (é dicir mandaban máis que o goberno) e vivían como querían, os reis e os seus amigos... Un bo día o resto da xente fartouse, os traballadores, comerciantes, empresarios e demais... e fixeron a **«revolución francesa»**, xa non serían servos do rei, senón que serían todos **cidadáns** diferenciados en **clases sociais**, incluído o rei e os seus amigos, que xa non mandarían só eles.



Pero houbo xente á que esa revolución sóubolles a pouco, non lles pareceu que se fixese de todo ben... Pensaban que só serviu para que os comerciantes e empresarios se fixesen máis ricos e poderosos... Namentres os traballadores seguían vivindo na servidume, e ademais agora tamén tiñan que ser pobres...



...Os que así pensaban eran os **socialistas**.



Ao comezo o **socialismo** era unha palabra coa que se quería dicir que se estaba en contra de que a sociedade fora de clases. A **sociedade de clases** consiste en dividir as persoas en clases sociais, segundo as cousas que posúa cada un, principalmente en **ricos e pobres**. Os socialistas querían que todos fósemos iguais e un cambio tan importante nas maneiras de vivir só podía ser unha **revolución**, pero unha para todos por igual, por iso vían necesario o **comunismo**, referíndose a como repartilo todo entre todos.



Como os ricos quedaron con todo, o resto da xente tería que traballar para eles e facerlles todas as cousas...

¡MIO!

¡MIO! ¡MIO!

A cambio os ricos só lles daban o pouco que lles sobraba mentres eles non facían nada.

Aínda así, discutían moito entre eles sobre como facer a **revolución** e organizar o **comunismo**. Os **ricos** tíñanlles moito medo, porque se todos fósemos iguais, eles xa non serían **ricos**, pero os **pobres** estaban moi contentos porque xa non serían **pobres**.





Había moitos **socialistas**, cada quen entendía o **socialismo** e a **revolución** ao seu xeito, pero todos coincidían en que era inxusto que houbese xente que tiña moito e nunca traballaba, habendo outros que non tiñan nada e sempre traballaban. Querían que todo o mundo se decatase diso e que se repartisen todas as cousas entre todos.



Viaxaban por todos os países tentando que os **pobres** se fixesen **socialistas**, porque os **ricos** estaba claro que non querían...

Como xa dixemos, os **socialistas** discutían moito, e quen máis discutía por aquela época eran os que tiñan barba e todo o día rifaban entre eles sobre quen tiña razón sobre o xeito de conseguir que todos fósemos iguais e de facer a **revolución**, ata que un día enfadáronse moito uns con outros: os **socialistas** aos que lles gustaba mandar cos que non lles gustaba que lles mandasen.



Os **Marxistas** fixeron **partidos políticos**, cousa que enfadaba moito aos **anarquistas**, pero como xa non estaban xuntos podían facer todos os partidos que quixesen.

Un **partido político** é cando se fai unha equipa de amigos, que quere mandar a todo un país e para conseguilo, teñen que competir con outros **partidos políticos** que tamén queren **gobernar**, xeralmente nun xogo chamado **eleccións**, que consiste nun concurso de popularidade.



Pero cada **marxista** entendía o **marxismo** cadansúa maneira e voltaron a discutir e rifaban entre eles...

ESTADES TODOS EQUIVOCADOS, O MARXISMO DEBE EVOLUCIONAR E A MIN O QUE MÁIS ME GUSTAN SON OS PARTIDOS POLÍTICOS. ASÍ QUE VOUME FACER **SOCIALDEMÓCRATA**!

NON TEDES NIN IDEA DE MARXISMO! TODOS SERÍAMOS IGUAIS SE FÓSEMOS DE UNIFORME. VOU DENOMINARME COMUNISTA E MANDAREI MOITO! AGORA SON **LENINISTA**!

O MARXISMO NON É ASÍ. ENTENDÉDELO MAL, ASÍ QUE AGORA SON **MARXIANO** E VOLTO AO MEU PLANETA.


POIS EU VÓLVOME CHAMAR SOCIALISTA PORQUE NINGUÉN O PEDIU!

MARX

Os **socialdemócratas** fixeron moitos partidos políticos e ao final xa non quixeron facer a **revolución**.

Só querían **mandar** xunto aos poderosos e xogar ás **eleccións**.

Acabaron por facerse amigos dos ricos e axudáronos desde entón a **gobernar** aos **pobres** para que fixesen máis **ricos** aos **ricos** e así poder seguir mandando.



En lugar de falar de **comunismo** falaban do **estado de benestar** para convencer aos **pobres** de que non se enfadasen cos **ricos** por traballar máis que eles, para eles e ter menos que eles...



A cambio os ricos deron despachos aos **socialdemócratas** desde os que poder mandar moito...

...Remataron por esquecerse do que era o **socialismo**, aínda que desde entón foron os que máis empregaron a palabra **«socialista»** para nomear os seus **partidos políticos**...



Os **marxistas** que se chamaron **comunistas** fixeron un novo país onde todo o mundo iba de uniforme e ninguén tiña nada, todas as cousas eran do goberno, para que non houbese nin **ricos** nin **pobres**, e só había un **partido político**, o **comunista**, polo que tampouco xogaban ás **eleccións**. Nese partido mandaba un señor só e todos tiñan que obedecerlle...



Neste novo país fixeron moitas **fábricas** e un **exército** moi grande para que os ricos doutros países tivesen medo.

A xente tiña que traballar moito, pero como fabricaban sobre todo **armas** para ese exército tiñan moi pouca **comida**... E ademais estaba prohibido queixarse, se protestaban, aínda que fose un pouquiño, os **soldados** calábanos ou os mandaban a **traballos forzados**...

Polo que tamén estes **comunistas** tíñanlle medo ao **exército**, ao **partido** e ao señor que **mandaba**.



Co tempo tamén se enfadaron, rifaron e discutiron entre eles, pero evitando criticar ao **partido**, porque todos lle tiñan medo.




Pola súa parte os **anarquistas** non querían que ninguén lles mandase, por iso sempre molestaban, o máis posible, a quen estaba no **goberno**, facendo moitas gamberradas...

Querían vivir como lles petase, sen **reis**, nin **ricos**, nin **partidos políticos**, nin **exércitos**, nin **países**, para que cada grupo de amigos vivise como decidise e non como obrigasen quen querían ser poderosos e mandar aos demais para eles poder folgar... os **reis** e **ricos** terían que **compartir** as súas cousas, os **socialdemócratas** non poderían xogar ás **eleccións** e o xefe do **partido comunista** non podería nin **mandar** nin facer **exércitos**...



Os **anarquistas** pensaban que era mellor organizarse entre iguais que con un señor mandando, pero a quen quería mandar molestáballes moito que se dixesen esas cousas, por iso, desde sempre, todos os **gobernos** queren meter na **cadea** aos **anarquistas** e a calquera que se lles pareza... Para poder seguir mandando tranquilos sen que lles molesten e dicir aos demais o que teñen que facer e castigarlles se non o fan aínda que non queiran.





EPÍLOGO

...Así que con tanto lío xa ninguén sabe moi ben o que é o **socialismo**, só que unha idea moi bonita pode rematar empregándose para **enganar** e facer cousas moi feas...




Últimamente quen máis emprega o nome de **socialista** son os que só queren poñer un nome simpático ao seu **partido político** para poder mandar xunto aos poderosos, enganando aos **pobres** unha vez máis... En lugar de rematar coas **clases sociais** e facer unha **revolución** para que todo o mundo viva o mellor posible e non soamente os que non fan nada excepto **gobernar** o país como eles queren, **obrigando** aos demais a traballar por eles... Unha revolución para que cada un decida por si mesmo como vivir e organizarse, sen ter que ser nin servos nin pobres, nunha sociedade **sen clases**, que fose **comunista**, outra palabra mal entendida, que ao comezo quería dicir que **«todo fose igual para todos»,** máis que confundiron o seu significado **partidos** e **exércitos**...





Revolución! Cousa que, por raro que pareza, sempre se impediu ao longo da **Historia**, desde que se lle deu a uns poucos por dicirlle ao resto o que tiña que facer, impoñendo a súa vontade desde entón, aínda que se equivocasen, e como en lugar de mandarlles a tomar por saco, a xente fíxolles caso, creronse máis **poderosos** e mellores que os demais: heroes, militares, bruxos, sacerdotes, reis, políticos...

E aínda que se rompa o planeta, por culpa dos avariciosos que son os **poderosos** cando queren facerse **ricos**... Aos **socialistas** só lles preocupa a economía e o que din os políticos.



...Os medios poden facerte esquecer cal era o **FIN**.

Anexo

Ata onde chega a memoria. Principios do século XIX

A Cuestión Social, preocupación que se desenvolveu nos círculos intelectuais franceses arredor das desigualdades sociais, que deu orixe ás doctrinas socialistas, comezaría a formularse como tal máis ou menos na época da Revolución Francesa, cuxos precursores máis lembrados eran uns listos co bandullo cheo, alleos aos problemas da xente no nome da que dicían falar, como Tocqueville, Rousseau, Montesquieu e demais... Precursores ao mesmo tempo das bases ideolóxicas das que xurdiu o modelo de sociedade estatocrática que goberna ata o de hoxe (agardamos que cando isto se lea, a humanidade progresara o suficiente para que xa non existan nin Estados nin Gobernos).

A raíz da Revolución Industrial mudou o concepto de "acumulación de poder", centrándose máis en variables económicas que de procedencia, como ata entón, sendo un diferenciador social cardinal o acceso a recursos en función do capital disponible. Polo tanto, os colectivos sociais encargados de activar os mecanismos de produción mediante a súa man de obra quedaban excluídos, ademais da toma de decisións, do pouco que lles deixaban xestionar no reparto do seu traballo, mediante primitivas[1] redes comunitarias, impoñendo a institucionalización e as leis do emerxente mercado liberal, e por tanto desposuídxs e perdendo a pouca autonomía da que gozaban como estrato social de cara a súa integración nun modelo de goberno desfavorable. Desde entón e por lei, o produto do noso traballo

[1] Primitivas en canto ao seu forte compoñente relixioso.



pertence ao empresario ou "socio" capitalista, o único que nin traballa nin produce nada e só manda por ter máis diñeiro que quen ten a desgracia de traballar para el (ninguén se fixo rico xamais por medios honrados).

Deuse orixe a un novo modelo de sociedade cambiante e menos humano que o divino: industrial, urbano e devastador no seu imparable e interminable proceso de "modernización"...

"Un obreiro é máis rendible que un escravo, a un escravo teslle que dar casa e comida, a un obreiro cóbraslle por iso."

Xa por 1812 estaban xs chamadxs ludditas ou "mecanoclastas" que queimaban fabricas e rompían máquinas, para combater a lóxica tecnocrática da imposición de fórmulas matemáticas de mercado á organización do traballo, en función da rendibilidade que ofrecían os novos avances tecnolóxicos en relación ao custo da man de obra, sen importar o custo humano. Xs ludditas foron xs primerixs en sufrir as consecuencias e loitar contra os procesos de industrialización e por tanto contra o noxento mundo que nos tocou vivir (e que debemos cambiar). A legalización dos sindicatos[2] produciuse para tranquilizar este movemento e integrar á poboación no recurso ás institucións, como mediadores sociais, para conter o devandito conflito e suavizar para a poboación os procesos de industrialización.

A revolución de 1848 en francia

Despois da Revolución Francesa o resto de reis enfadouse moito e obrigáronlles a facer a Restauración e poñer a outro rei (Luis Felipe), prohibindo entre outras cousas as reunións políticas, a xente enfadouse máis aínda e o 23 de febreiro armaron unha insurrección de medo e montaron a Segunda República Francesa, declarando o que sería o modelo de curta e pega de Constitución Liberal: liberdade de asociación, reunión e todo iso... pero mantendo o rexime de explotación, as desigualdades sociais, machucar ao máis débil, o abuso de poder, a competencia...

Por mor disto, os gobernos síntense obrigados a facer constitucións para a limpeza facial de cada Estado, aínda que logo as ignoran.

"Máis que por dereitos habería que loitar por feitos".

Neste mesmo ano a Marx e a Engels, que non lles gustou nada esta Revolución do 48, dálles por escribir o Manifesto Comunista, no que se fai unha das máis importantes declaracións de intencións do movemento socialista, poñendo de manifesto a situación de indifensión das clases traballadoras ao estar os medios de produción en poder das clases ociosas (burguesía, nobreza, novxs ricxs...). Criticando os fundamentos nos que se basea o modelo de división do traballo no contexto do capitalismo emerxente, cuxo eixo central é o acceso aos recursos dacordo ao status social en función da variable económica.

A primeira internacional (1864-1876), a Asociación Internacional de Traballadores (AIT)

O movemento obreiro evoluciona superando as barreiras impostas por nacionalismos e gobernos, apoiándose mutuamente máis alá das fronteiras que lles limitan como pobos, organizándose en favor dunha causa común, a consecución do socialismo e a liberdade (ne-

[2] Lembramos que o sindicalismo é só un modelo de asociación obreira, non o único.

cesidade descuberta polo camiño) con todas as súas consecuencias. No seo da mesma xorden insalvables discusións sobre o emprego das ferramentas que utiliza o Estado para subxugar á poboación en favor da súa liberación, sendo descartadas nesa Primeira Internacional as teses en favor do recurso ás institucións de goberno, cuxos defensores deciden fundar a Segunda (e máis triste) Internacional. este proceso foi coñecido como o Gran Cisma.

A todo isto, destacar de camiño, o proceso de Unificación de Italia, alá por 1866, durante o que se coñece como a "resaca da Restauración" onde Garibaldi liouna parda e Fanelli flipouno co seu colega.

A comuna de parís (de marzo a maio de 1871)

Trala Unificación de Alemaña (Prusia) a Bismark apetécelle invadir Francia, o goberno achántase e abandona París, entón a xente, aproveitando o baleiro de poder decide poñer en práctica o socialismo como modelo organizativo e para facer fronte aos militares prusianos que lles invaden. Se revindicaba a autonomía das comunas que se formaron durante a revolta, onde a poboación organizouse empregando as súas propias estruturas de base, impoñéndose aos aparellos de goberno, que demostraron ser ineficaces.

Finalmente o movemento foi duramente reprimido polo propio goberno francés (Napoleón III) en canto puido, que estaba agardando á espreita volver gobernar en París... Esta revolución frustrada foi un referente para o movemento obreiro desde entón (aí coincidiron Marx, Bakunin, Proudhon e moitos máis...)

Xogando aos políticos: a segunda internacional (1880-1914)

Como había moito intelectual e burgués revolucionado falto de prestixio e despacho entre traballadores, deciden fundar outra internacional, máis acorde coa súa carreira política, cuxa diferencia coa anterior sería a de relegar as decisións dos seus integrantes aos desexos dos cadros dirixentes, encargados de dirixir ás masas en prol da súa liberación, empregando partidos políticos e sindicatos como principais ferramentas de negociación (ou segundo eles "de loita").

No seu seo xurdiron terribles contradicións por mor das teses socialistas, faltas dunha perspectiva antiautoritaria: a socialdemocracia e a deriva cara ao totalitarismo, en plan "ditadura do proletariado", pero ditadura, ditadura (por sorte para Marx, non estivo vivo para velo).

Disolveuse durante a I Guerra Mundial porque cundiu o nacionalismo, cada partido político apoiou o seu respectivo país e foise ao traste o de "internacionalista" e "paz entre pobos". En 1923 volveu a refundarse, esta vez composta por partidos socialistas máis moderados, e menos comunistas, como laboristas e socialdemócratas.

Da loita de clases á defensa do estado: os socialdemócratas cambian de bando

En 1891 prodúcese unha importante transformación no partido socialdemócrata alemán, a Berstein, relendo o marxismo e envexando aos elegantes socialistas ingleses (laboristas), ocórreselle dicir que non se pode acabar co capitalismo e o que hai que facer é adaptarse a el. Este proceso coñécese como revisionismo e céntrase nun cambio total de estratexias e obxectivos, defendendo a lexitimidade da



vía parlamentaria e abandonando toda expectativa revolucionaria, antepoñendo a orde burguesa e a consolidación do Estado de Benestar. Criticaban e detestaban a quen aínda tentaban facer a revolución e sentoulles fatal que se fixese unha en Rusia.

O Estado de Benestar consiste en que o goberno encárgase da xestión dos servizos públicos, accesibles a toda a poboación, empregando un pouquiño do diñeiro recadado mediante impostos e deixando a maior parte para xerar unha ampla marxe de beneficios para soldos de políticxs, reforzar os aparellos represivos e garantir o crecemento económico, é dicir, facilitar as condicións de explotación e acumulación de capital. Xa que segundo a lóxica do modelo capitalista os gobernos deben ser rendibles.

Tras a II Guerra Mundial, o modelo de Estado de Benestar esténdese por numerosos estados con economías desenvolvidas (no contexto do mercado competitivo), principalmente en países de Europa, pero pola década de 1980, debido ás crises do petróleo, o modelo de Estado de Benestar deixou de ser rendible e tamén entrou en crise. Impúxose o neoliberalismo (Reagan, Thatcher...), as políticas de privatización e recortes... Así aos poucos estes servizos que o Estado prestaba foron minguando por mor das sucesivas crises polas que pasou a economía mundial ata día de hoxe... A parte de ter cada vez consecuencias máis desastrosas, ao ser maior a súa marxe de influencia, sobre o ecosistema do planeta e a poboación que habita nel.

Como no réxime capitalista só hai unha forma de facer política, os diferentes partidos de esquerda e de dereita fan un xiro ao centro, dados os novos tempos de mercados globais e imperio dos fluxos de capital, para favorecer así, desde os gobernos, as políticas neoliberais, que estimulen o crecemento económico. Sendo cada vez máis imperceptible a diferenza entre un partido de centro-esquerda e centro-dereita, salvo polas súas siglas.

Como a URSS tentou dominar o mundo ou a terceira inernacional

Marx escribiu O Capital, un dos principais tratados sobre a evolución do modelo capitalista a modo de crítica, que mesmo alcanzou gran prestixio nos círculos académicos na rama da economía. Nel descríbese a evolución do sistema económico das sociedades occidentais nas súas distintas etapas, describindo os sucesivos cambios nas estruturas sociais, desde pequenas comunidades campesiñas, ata chegar a complexos sistemas industriais, dando lugar a unha serie de revolucións burguesas de corte liberal, que orixinaron a aparición de partidos e sindicatos, os cales, segundo a ideoloxía e mesiánicas predicións de Marx, herdeiras da lóxica sensentido positivista, deberían dirixir, como vangarda o proceso de cambio do modelo social cara o socialismo e a desaparición dos Estados.

Pois alguén debeu de traducir este libro mal ao ruso, porque algúns entenderon outra cousa... Tras a Revolución Rusa de 1917, o partido bochevique, liderado por Lenin faise co poder. Lenin entendeu, segundo a obra de Marx, que o seu partido era a elite de intelectuais marxistas que debía ser a vangarda que dirixise o cambio de modelo social, cara o socialismo, suprimindo a autonomía de todas as estruturas de base orixinadas a comezos do proceso revolucionario (soviets) baixo a dirección dun goberno central dirixido polo seu partido, dando lugar a unha ditadura totalitaria. Os cadros do

partido bolchevique fixéronse os amos do país, con Lenin á cabeza. Logo por mor de que en Rusia non houbo unha revolución burguesa nin liberal previa á revolución comunista, viu necesario impoñer un acelerado proceso de crecemento económico para superar a etapa capitalista e por tanto chegar ao socialismo, nun desenfreado proceso de industrialización do país. Lenin, en lugar de interpretar O Capital como unha crítica á deshumanización do aparello económico, entendeuno como un modelo a imitar.

En 1919 fúndase o Komintern ou Terceira Internacional ou Internacional Comunista, coa idea de estender o modelo de Revolución Rusa ao mundo enteiro. En cada país onde chegan, fúndase un Partido Comunista (PC-Pon a sigla do teu país) para diferenciarse dos da Segunda Internacional. En 1922 o goberno de Rusia toma o nome de URSS.

En 1924 morre Lenin e herda o cargo o seu camarada Stalin, que se adica a depurar os cadros do partido. Ao longo de todo o seu mandato vai eliminando a destacados membros do partido e antigos camaradas, para que ninguén lle leve a contraria, desaparecen, morren en estrañas circunstancias ou son directamente executados: en 1927 expulsa a Trotski e Zinóviev do partido; en 1929 condena a Bujarin, Ríkov e Tomski acusados de contradicirlle; en 1934 morre asasinado Kírov; en 1935 executa a Zinóviev, Kámenev e a outros 17; ese mesmo ano aproba a pena de morte para nenos a partir de 12 anos; en 1936 morre Gorki suicídase Tomski; en 1937 hai un proceso exemplar contra Piatakov, Radek, Sokolnivov e Muralov; en 1938 executa a Bujarin, Ríkov xunto con outros; en 1940 morre Trotski asasinado... Stalin aínda seguiu planificando esta “gran depuración” ata a súa morte en 1953. Durante o seu mandato militarizouse o funcionamento das fábricas, para acadar as metas dos plans quinquenais elaborados polo goberno, axilizando, a ritmo de galera, os procesos de desenvolvemento industrial para poder competir coas potencias capitalistas. Mentres tanto, danse episodios de fames negras entre a poboación en numerosas rexións do territorio... Iso si, industrializou o país ata chegar a ser unha das principais potencias mundiais e fixo cumprir a machada os seus plans de desenvolvemento económico.

Durante o mandato de Stalin, Rusia combateu na II Guerra Mundial, facendo unha frente común con potencias capitalistas, tamén ameazadas polo avance do fascismo (como EUA ou Inglaterra), derrotando aos seus inimigos, os emerxentes gobernos reaccionarios á causa obreira, vía nacionalista (Alemaña, Italia, Xapón). Como xa non había nazis cos que pelexarse, as potencias que quedaron dominando o mundo, aliñáronse en dous bloques (capitalista e comunista) dando orixe á Guerra Fría, que durou ata 1989. As dúas principais potencias mundiais, EUA e URSS, puxéronse a competir nunha carreira armamentística, ameazando ao planeta enteiro cun conflito nuclear e provocando constantes guerras indirectas para apropiarse de estados satélites, en favor dos intereses de cada bloque.

A Stalin sucédelle Jruchev, logo en 1966 toma o mando Brejnev, sen pena nin gloria... En 1985 Gorbachov asume o goberno do país, no medio dunha profunda crise, para superala leva a cabo unha serie de reformas coñecidas como A Perestroika, un cambio de rumbo radical do goberno ruso cara a unha política parlamentaria e un mercado liberal, máis acorde co que debería ser unha potencia capitalista. Finalmente, co borracho de Yeltsin dáse fin á URSS en 1991, a repentina privatización da economía orixinou un crecemento in-

controlado de mafias por todo o país e non solucionou os problemas de pobreza da poboación, estimulando a desigualdade económica e por tanto extremando as condicións de supervivencia... Ao final tanto gobernar un Estado e sufrir privacións para alcanzar o desexado socialismo na súa última etapa e é o goberno o que decide que é mellor gobernar á vella usanza, ao estilo liberal.

Nota dxs atuorxs:

Para tratar o anarquismo e as derivas antiautoritarias do movemento obreiro, agardamos publicar novos títulos específicos respecto diso.



O sexto número da revista de Abordaxe! remátase de maquetar na primavera de 2017.

Anos antes, na primavera de 1905, xulgan en Amiens aos Traballadores da Noite por realizar máis de 150 roubos. Alexandre Mairus Jacob responde ante os tribunais: «Preferín roubar a ser roubado. Se hai roubo é porque hai abundancia dunha parte e escaseza da outra; é porque todo non pertence mais que a uns poucos. A loita non acabará ata que tódalas persoas poñan en común as súas alegrías e as súas penas, os seus traballos e as súas riquezas; ata que todas as cousas pertenzan a todas”

Tamén na primavera, desta vez no ano 2013, morre Flavio Constantini, autor da ilustración desta páxina na que retrata aos Traballadores da Noite no instante de cometer un roubo nunha catedral.

Estes días de primavera, mentres rematamos de editar a revista, xulgan a varias compañeiras acusadas de realizar varios atracos en Aachen. Estas páxinas son para elas.




ⒶBORDAXE



abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net